

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/36	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	29 de setembro de 2025
Duración	Dende as 13:33 ata as 13:45 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 19.09.2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 19 de setembro de 2025.

Expediente 512/2025. REFORMA E ACONDICIONAMENTO DO PALCO DA MÚSICA DA PARROQUIA DE BREIXA E DO ASEO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a resolución de concesión de subvención ao concello de SILLEDA, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1 Investimentos da Deputación de Pontevedra, por importe de 32.483,97 euros co obxecto do financiamento da actuación denominada “REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO DEL PALCO DE LA MÚSICA DE LA PARROQUIA DE BREIXA Y DEL ASEO”, Expediente nº 2025018947.

Visto o proxecto redactado polo arquitecto Manuel Abelleira Argibay denominado: REFORMA DE PALCO Y BAÑOS EN BREIXA, cun PBL de 32.483,97€ (IVE incluído)

Visto o informe de supervisión positivo, que consta no expediente, emitido polo Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) da Deputación de Pontevedra, no que se recolle que o proxecto cumpre co establecido nas normas vixentes que regulan o proceso de contratación.

Visto o informe emitido polo técnico municipal no que se recolle a necesidade das seguintes autorizacións sectoriais:

- “Protección Patrimonial”, enténdese que se trata da autorización da “Consellería de Cultura, Lengua y Juventud. Departamento territorial de Pontevedra”.
- “Protección de Asea”, enténdese que se trata da autorización de AESA “Agencia estatal de seguridad aérea”.

Vistas as autorizacións sectoriais incorporadas ao expediente:

- Autorización da Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA)
- Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Delegación Territorial de Pontevedra)

Vista a acta de trazado previo que obra no expediente.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar o proxecto REFORMA DE PALCO Y BAÑOS EN BREIXA, cun PBL de 32.483,97€ (IVE engadido) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Segundo.- Iniciar o expediente de contratación da obra REFORMA DE PALCO Y BAÑOS EN BREIXA, cun PBL de 32.483,97€ (ive engadido) conforme ao proxecto redactado polo arquitecto Manuel Abelleira Argibay.

Terceiro.- Proceder a efectuar a acta de comprobación de replanteo do Proxecto para a súa incorporación ao expediente de contratación.

Expediente 1467/2023. Campañas de Comunicación ou Eventos para o Fomento da Actividade Económica

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 05/09/2025 D^a Sandra Chao Cruz presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello solicitando a prórroga para continuar ocupando o despacho que actualmente utiliza no Viveiro de Empresas municipal.

Visto que consta no expediente o contrato de cesión de uso do despacho núm. 5 das instalacións do Viveiro de Empresas, asinado pola interesada e o Concello de Silleda.

Vistas que as Bases de funcionamento do Viveiro de Empresas, establecen que a duración inicial do contrato será de dous anos, prorrogable por un máximo de doce meses, sempre condicionado á dispoñibilidade de espazos e á valoración favorable da Comisión de Seguimento.

Vista a Acta da Comisión de seguimento do Viveiro de Empresas, que consta no expediente, que informa favorablemente a concesión da prórroga.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder a Sra. Sandra Chao Cruz a prórroga para a ocupación do despacho núm. 5, que actualmente utiliza no Viveiro de Empresas, polo prazo máximo de 12 meses**, isto é ata o 10/10/2026,** contado desde a finalización do contrato inicial.

Segundo.- Manter en vigor as condicións establecidas no contrato de cesión asinado coa interesada.

Terceiro.- Notificar á solicitante a presente resolución, advertíndolle que, rematado o prazo da prórroga, non caberá nova ampliación.

Expediente 1016/2025. Contratacións. REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO DEL LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. En data 11 de xuño o órgano de contratación aprobou o expediente relativo á licitación do contrato citado no encabezamento, a tramitar por procedemento aberto simplificado.

Segundo. O obxecto do contrato consiste na REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO DEL LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR.

Terceiro. O valor estimado do contrato ascendía a un total de 57.052,53 euros.

Cuarto. Ao tratarse dun procedemento aberto simplificado publicouse na Plataforma de Contratación del Sector Público en data 22-07-2025

Quinto. O prazo de presentación de proposicións rematou o día 11 de agosto de 2025

Sexto. Tal como consta na listaxe emitida pola PLACSP, que obra no expediente, dentro do prazo sinalado **non se recibiu ningunha oferta**.

Sétimo.- A mesa de contratación, en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2025, propuxo declarar deserta a licitación do PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO OBRA - REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO DEL LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR, á vista da falta de presentación de ofertas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. – Posibilidade de declarar deserta unha licitación

De conformidade co indicado no artigo 150.3, segundo parágrafo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

Interpretada dita disposición en sentido contrario, cabe concluír que, cando **non exista ningunha oferta ou proposición admisible**, a licitación **poderá declararse deserta**.

No presente caso, non só non existe ningunha oferta admisible, senón que non se presentou ningunha proposición, o que impide continuar co procedemento de licitación incoado e, en consecuencia, adxudicar o contrato.

Segundo. – Órgano competente para ditar a resolución

De conformidade co artigo 61 da LCSP, correspóndelle declarar deserta a licitación ao órgano de contratación.

Terceiro. – Obriga de publicación da declaración no perfil do contratante.

De conformidade co artigo 63.3, letra e), segundo parágrafo da LCSP, será obxecto de publicación no perfil do contratante a **declaración de deserto do procedemento de adxudicación. PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO OBRA - REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO DEL LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR**

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

1.- Declarar deserto o procedemento aberto de licitación incoado para a contratación da **OBRA - REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO DEL LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES, DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR**

2.- Ordenar a publicación da citada declaración no Perfil do contratante

3.- Ordenar o arquivo do expediente correspondente ao procedemento que se declara deserto e a incoación dun **novo expediente** que se tramitará por procedemento negociado sen publicidade ao abeiro do artigo 168.1 LCSP.

Expediente 1581/2024. Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Silleda PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000364 CONCELLOS DE RETO DEMOGRÁFICO + RENOVABLES III

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a comunicación remitida pola Deputación de Pontevedra con Rexistro de entrada no Concello de Silleda núm. 2025-E-RC-3316 de data 11/08/2025 acompañada da seguinte documentación:

- Acordo 17.35505 da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, de ACEPTACIÓN da Proposta de Resolución Definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000364 “Concellos Reto Demográfico +Renovables III; nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo” e concesión da axuda comprometida pola deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios (expte.2024067518)

- Borrador para a súa aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de

Pontevedra e o Concello para levar a cabo, dentro do seu termo municipal, as actuacións recollidas no proxecto IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000364 Concellos de Reto Demográfico + Renovables III, ao abeiro da primeira convocatoria do programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Enerxías Renovables Innovadoras), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea–NEXTGENERATIONEU

Visto que os anteditos documentos constan no expediente 1581/2024.

Visto que o texto íntegro do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Silleda esta recollido no ANEXO I

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000364 CONCELLOS DE RETO DEMOGRÁFICO + RENOVABLES III, AO ABEIRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA–NEXTGENERATIONEU.

Segundo.- Facultar á Alcaldesa para asinar cantos documentos sexan necesarios para levar a cabo as actuacións pertinentes.

“ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000364 CONCELLOS DE RETO DEMOGRÁFICO + RENOVABLES III, AO ABEIRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA–NEXTGENERATIONEU.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime

local (LRBRL).

Doutra, Paula María Fernández Pena, alcaldesa do Concello de Silleda na representación legal que deste lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN QUE

I.A Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.

II.Na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo ás enerxías renovables e á economía baixa en carbono, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír ao impulso de proxectos innovadores de enerxías renovables, á redución das emisión de CO₂ á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.

III.Dentro deste marco, o 10 de outubro de 2024 a Deputación de Pontevedra informou os concellos e entidades locais menores da provincia, mediante unha carta enviada pola Sede electrónica, da intención de presentar un proxecto innovador de enerxías renovables e almacenamento ao abeiro do programa “Enerxías renovables innovadoras” do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (en diante, IDAE).

IV.O Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a aprobación e a posterior remisión a través da Sede electrónica o 29/10/2024 do Acordo de adhesión ao proxecto Concellos de Reto Demográfico + Renovables III ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.

V.Mediante a Resolución presidencial número RP2024008803 do 14/11/2024 emendada posteriormente pola Resolución presidencial número RP2025002310 do 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto Concellos de Reto Demográfico + Renovables III para os concellos de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo ante o IDAE, no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables”, definida no anexo II da Orde TED/765/2024, de 22 de

xullo.

VI.O 18 de novembro de 2024 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado Concellos de Reto Demográfico + Renovables III e asígnaselle o rexistro núm. 202400034861. Tras a súa avaliación, o 01/08/2025 (rexistro de entrada número: 2025015333) recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo a NextGenerationEU por importe de 515.524,00 € para un investimento total de 909.232,72 € IVE incluído, coa asignación ao proxecto do número PR- RENOINN-2024-000364.

VII.Esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca executar as actividades incluídas no proxecto aprobado antes citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente, preténdese a instalación e a posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento con capacidade máxima de 50 kWh composta por baterías de litio, así como por un sistema software que permitirá ter monitorizadas as producións, co fin de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as e os consumidores da zona.

VIII.Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) atribúense, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada, así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.

Neste mesmo sentido, no artigo 36.1.d da citada lei establécese, dentro das súas competencias, “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”. Á súa vez, nos artigos 25 e 26 atribúeselles aos concellos as competencias en materia de medio ambiente urbano.

IX.Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

X.Por último, o Concello participante no proxecto IDAE número PR-RENOINN- 2024-000364 Concellos de Reto Demográfico + Renovables III, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos, delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.

Neste sentido, e coa intencionalidade de garantir o deber do beneficiario de realización dos investimentos subvencionables e a execución das actuacións obxecto da axuda antes do 31 de marzo de 2026, enténdese necesario iniciar na maior brevidade os expedientes de contratación correspondentes ao expediente indicado, polo que desde a institución provincial se formulou un requirimento de achega de compromiso e aportación económica ao concello para que, no prazo máximo de 15 días desde a súa recepción, en data 30/07/2025 recibíuse a achega de compromiso de dita entidade para realizar a aportación municipal antes do 15/12/2025 correspondente as actuacións a realizar no seu concello e

recollidas no expediente de axuda indicado.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:

Cláusulas

Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda para levar a cabo os traballos de instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima de 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema software que permitirá ter monitorizada a produción enerxética.

Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, e incluírá polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre as e os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondearase o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade e, en calquera caso, como mínimo, incluírá un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para as e os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Deste xeito, incentívase o autoconsumo co obxecto de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio, coa subsecuente redución de emisións de CO₂, así como un custo enerxético máis económico para as persoas consumidoras da zona.

Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024- 000364 Concellos de Reto Demográfico + Renovables III nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea–NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.

Segunda. Ámbito de actuación

A continuación, defínese a localización das actuacións para realizar, segundo o recollido na memoria descritiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do concello:

Concello de Silleda

A instalación fotovoltaica realizarase no pavillón municipal de Silleda, na provincia de Pontevedra.

Esta instalación estará composta por unha suma de 99,90 kWp e 185 paneis de 540 W. Ademais, irá acompañada dun sistema de almacenamento de 50 kWh formado por baterías de litio. Todo iso

xestionarase cun sistema software que permitirá ter monitorizadas as producións.

En concreto, a instalación fotovoltaica realizarase en:

Pavillón municipal de Silleda: avda. Recinto Feiral, 18, 36540 Silleda, Pontevedra (RC: D1200060000000001Q).

Terceira. Importe e financiamento

O investimento elixible admitido polo IDAE no proxecto IDAE número PR-RENOINN- 2024-000364 Concellos de Reto Demográfico + Renovables III para realizar as actuacións dentro do termo municipal de Silleda, ascende á cantidade de cento trece mil seiscentos cincuenta e catro euros con nove céntimos (113.654,09€).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo aos fondos NextGenerationEU, concedeulle á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de sesenta e catro mil catrocentos corenta euros con cincuenta céntimos (64.440,50 €).

Para facerlle fronte ao importe restante (total do custo elixible admitido), a Deputación de Pontevedra e o Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación fará unha achega adicional con fondos propios de 250 euros por cada kWp de potencia en instalacións de xeración fotovoltaica, cun límite de 100 kWp (nunha ou en varias instalacións), do investimento elixible da actuación definida en cada concello, de ata 25.000 euros, que se sumarán ao financiamento previsto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico

- O importe restante, ata chegar ao 100 % do importe das actuacións para realizar dentro do seu termo municipal, é achegado por cada un dos concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado en data 30/07/2025 achega a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente no que se adhire ao proxecto e se compromete a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para realizar o mencionado proxecto, no caso de ser subvencionado.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 31/07/2025 aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 Concellos de Reto Demográfico + Renovables III nos municipios de Mondariz-Balneario, Silleda, Mondariz, A Cañiza, Fornelos de Montes, Dozón, Bueu e Sanxenxo aos concellos beneficiarios, e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións para realizar no termo municipal que corresponde ao Concello, o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

CONCELLO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA DO IDAE	ACHEGA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	ACHEGA DO CONCELLO
Silleda	113.654,09 €	64.440,50€	24.975,00 €	24.238,59 €

Concello de Silleda

A Deputación comprométese a achegar, para a realización das actuacións no Concello descritas neste convenio de colaboración, o importe que ascende a vinte e catro mil novecentos setenta e cinco euros (24.975,00 €) consignados na aplicación 25/942.4250.652.15, dentro do proxecto de gastos codificado como “925_0019 SILLEDA PR-RENOINN-2024-000364 CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO+RENOVABLES III”.

O Concello financiará o importe restante; é dicir, vinte e catro mil douscentos trinta e oito euros con cincuenta e nove céntimos (24.238,59 €) que, segundo se recolle no compromiso adoptado polo órgano competente, se ingresará no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.

O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.

Cuarta. Contratación

O Concello adherido ao proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 Concellos de Reto Demográfico + Renovables III delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para executar as actuacións do citado proxecto dentro do seu termo municipal.

Neste sentido, a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios, así como a súa montaxe e instalación, seguridade e saúde, así como demais contratos complementarios.

Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a incrementar a cantidade total estipulada no convenio deberase contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e

financiarase integramente polo propio Concello.

Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descritiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo achegado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello, poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, logo do informe e proposta da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

En todo caso, cumprirase o artigo 19, Modificación da resolución, da citada Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, no relativo á modificación da resolución, sen que sexa necesaria a autorización das modificacións do orzamento do beneficiario cando non supoñan un incremento superior ao 20 % nos conceptos susceptibles de axuda que figuren na resolución de concesión, compensables con diminucións doutros conceptos, sen que en ningún caso poidan comportar unha alteración da valoración que recibise a actuación subvencionada nin supoñer un incremento do importe da axuda total para o dito beneficiario e sempre que estea debidamente motivada.

Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descritiva das actuacións que se van acometer, e asumir as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.*
- Asumir a coordinación xeral da operación e da xestión económica e financeira desta, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluído o cumprimento dos resultados previstos, así como representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co IDAE, co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos, coa Intervención Xeral da Administración do Estado, co Tribunal de Contas e/ou cos órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e cos demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE).*
- Financiar a execución das actuacións no termo municipal do Concello de Silleda, tal como se reflicte na cláusula terceira.*
- Licitar, adxudicar, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descritiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello. Unha vez recibidos os traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, que deberá ordenarse previamente mediante unha resolución presidencial, e detallarase na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos cinco (5) anos posteriores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello. Ademais, deberase manter a asignación a consumidores vulnerables en termos do número de consumidores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión.*

- Colocar, no mesmo lugar da actuación e nun lugar ben visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo e proporcional á contía do financiamento, con información sobre a actuación, no que se mencionará a axuda financeira recibida, co lema “Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU” e o logo deste plan, seguindo as instrucións establecidas no manual de imaxe do IDAE relativas á cartelería. Este cartel temporal debe estar visible ata a finalización da actuación. Nun prazo de tres (3) meses desde a finalización da execución da actuación, deberá colocar, nun lugar ben visible, un cartel ou unha placa permanente, de tamaño significativo, por un período de polo menos dez (10) anos. Este cartel ou esta placa permanente indicará o nome e o obxecto principal da actuación, o emblema da UE, a declaración de financiamento adecuada: “Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, xunto co logo do PRTR e segundo o manual de imaxe do IDAE.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ao tratarse dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.
- Aplicar procedementos de bo goberno dos fondos e de control interno apropiados nos niveis de xestión, deseñados para ofrecer garantías razoables na consecución dos seguintes obxectivos: eficacia, eficiencia e economía das operacións; fiabilidade dos informes; salvagarda dos activos e da información; xestión adecuada dos riscos relativos á legalidade e regularidade das operacións subxacentes; e prevención, detección, corrección e seguimento de fraudes, conflitos de interese e irregularidades.
- Proporcionarlle ao IDAE, de acordo co previsto na resolución da convocatoria das axudas, a documentación técnica necesaria ex post referida no citado texto (cláusula décimo cuarta), entre ela, a memoria técnica de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, a memoria económica xustificativa e a lista de contratistas e subcontratistas, así como a relativa ao cumprimento de “non causar un prexuízo significativo ao medio” (principio DNSH).
- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos nas bases e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario conforme ás normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Dispoñer dunha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación nesta, e conservar durante cinco (5) anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Presentar as xustificacións de pago, garantindo os gastos para acreditar ante o IDAE a realización da actuación subvencionable nos termos expostos na resolución de convocatoria das axudas, e facilitar, ademais, as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta execución do proxecto, achegando, para o efecto, tanta documentación se lle requira.
- Someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e os órganos de control competentes, tanto nacionais coma da Unión Europea, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos da Unión Europea, para o que achegará tanta información lle sexa

requirida. Neste contexto, coa presentación da solicitude de axuda, o beneficiario acepta e consente expresamente a concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e/ou as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control e fiscalización, de conformidade co establecido no artigo 22.2.e do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.

– Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicarlle de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompañe á solicitude.

– Aceptar os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian a operación, poñendo á disposición todos os documentos que lle sexan requiridos.

– Conservar os documentos orixinais relacionados co outorgamento da axuda ou coa súa xustificación durante un prazo de cinco (5) anos en xeral e de tres (3) anos nos casos en que o financiamento sexa dun importe igual ou inferior a 60.000 €, contados desde a data de finalización do prazo establecido para a execución da actuación obxecto da axuda. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente suporá o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da LXS.

– Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que recibise calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.

– Cumprir todo o derivado das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar canta información lles sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias neste marco.

Pola súa banda, o Concello está obrigado a:

– Dispoñer de orzamento para acometer a achega con fondos propios á actuación, tendo en conta os procedementos e os límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao financiamento de NextGenerationEU percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se verifique a actuación, conforme ao procedemento establecido na Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

– Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal, con

carácter xeral, no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.

– Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento outorgaranse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, cando teña delegadas as facultades de recadación no devandito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.

– Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo as actuacións que se contemplan na memoria descritiva do proxecto. Neste sentido, o Concello deberá acreditar a titularidade das instalacións sobre as que se executará a instalación de paneis fotovoltaicos e demais elementos descritos no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000364 Concellos de Reto Demográfico + Renovables III.

– Obter e manter en vigor os permisos, as licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente.

– Facilitarlle á Deputación de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses desde a data da sinatura deste convenio, unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables (na que se inclúa, polo menos, o nome e apelidos da persoa beneficiaria, o DNI/NIE, o teléfono e correo electrónico de contacto, o enderezo completo da vivenda, a potencia contratada, o número de contrato de subministración eléctrica e o código universal de punto de subministración) aos que incluírá como consumidores asociados a unha nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede, recollido na letra iii do apartado g do artigo 3 do Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.

– Para estes efectos, considerarase vulnerable o consumidor beneficiario do bono social, nos termos establecidos no Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

– Comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

– Levar a cabo o mantemento e a conservación da infraestrutura obxecto do convenio e asumir a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. En caso de non garantir durante os cinco (5) anos posteriores á formalización da acta de recepción dos traballos o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable ao respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da autoridade de xestión da UE coma a

perda da subvención para recibir do NextGenerationEU, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle ao Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do NextGenerationEU coma a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.

– Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

– Aceptar os controis e as auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que lle achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran.

– Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas.

– Someterse ás actuacións de control das institucións da UE, en virtude do artigo 22.2.e do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.

– Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.

– Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e nacionais que eventualmente sexan de aplicación.

– Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descritiva das actuacións que se van realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo.

– Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto.

– Cumprir cos requisitos de información, difusión e publicidade establecidos na Orde TED/765/2024 e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario de acordo coas normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

– Respetar e preservar os principios horizontais da Unión Europea (desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres), e telos en conta para a execución das actividades e accións do proxecto.

– Respetar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación.

– Cumprir cantas disposicións deriven das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lle sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias.

Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas concedidas por calquera Administración pública ou organismo ou ente público nacional, sempre e cando o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non supere o custo do proxecto e cumpra coa normativa nacional e europea de axudas do Estado.

Esta axuda será incompatible con outras axudas concedidas pola Unión Europea para a mesma finalidade.

Cando se soliciten ou se obteñan axudas doutras institucións ou administracións públicas para o mesmo proxecto, deberá comunicárselle ao IDAE de forma inmediata para que este verifique tanto a súa compatibilidade coma que non se excederon os límites máximos de intensidade vixente en cada convocatoria.

Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Toda referencia á actuación obxecto deste convenio de colaboración en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión, debe cumprir cos requisitos que figuren no manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na Sede electrónica do IDAE, no que figurarán o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, nos termos previstos no artigo 18.4 da LXS e no 31 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Así mesmo, as instalacións ou, no seu caso, os equipos correspondentes obxecto das actuacións do citado proxecto deberán estar sinalizados de acordo co indicado no manual de imaxe deste programa, que estará dispoñible na Sede electrónica de IDAE.

A sinatura deste convenio de colaboración implica a aceptación do disposto tanto na normativa nacional coma na europea que regule o Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, sobre actividades de información e publicidade. Así, deberá mencionarse a orixe do financiamento recibido e garantir a súa visibilidade, en particular cando se promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

No caso de que o Concello ou a Deputación gozasen doutras axudas e estivesen obrigados a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados para as outras fontes de financiamento.

No referente á documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados, deberá

facerse constar expresamente o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e farase referencia ao Programa de enerxías renovables innovadoras do IDAE. Esta obriga refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:

a)Anuncios de licitación

b)Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

c)Contratos administrativos.

d)Traballos presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)

e)Convenios de colaboración.

Así mesmo, en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa en todos os formatos que para este fin se lles faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola Administración provincial.

En todo caso, as accións para desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello referido e a Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

Novena. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio, coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira, e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, e obrigárase a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

Décima. Comisión de Seguimento e Control

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control, integrada polo presidente da Deputación e pola alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou polas persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento e Control:

–A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos aos que este convenio se refire.

–A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.

–A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

–A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este convenio se refire.

–A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.

A citada comisión reunirase cando o seu responsable o estime oportuno, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e a súa ou o seu secretario, quen levantará acta das reunións.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate da realización e xustificación das actuacións obxecto deste, en todo caso, ata o 31 de marzo do 2026.

Non obstante, a vixencia deste convenio estenderase automaticamente ata o 31 de agosto do 2026 si mediante a modificación da resolución de concesión polo órgano concedente da axuda se ampliase o prazo ata dita data para o remate da realización e xustificación das actuacións; sempre respectando os límites establecidos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e de acordo coa Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na normativa que regula a súa convocatoria.

No caso de que o IDAE conceda a ampliación do prazo máis alá do 31 de agosto de 2026 para o remate da realización e xustificación das actuacións tramitarase a correspondente addenda.

Décimo segunda. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en

causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- 2) O acordo unánime dos asinantes.
- 3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumpridos.

Este requirimento comunicarásele tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Control. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.

- 4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da LXS e do Real decreto 887/2006; polos pactos contidos neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto cofinanciado, aprobado no ámbito de execución e xestión dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, está suxeito á seguinte normativa:

–Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.

–Resolución, de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

–Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.

–Real Decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

–Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

–Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

–Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

–Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE-NextGenerationEU.

–Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, de 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027.

–Regulamento (CE, Euratom) núm. 2988/1995 do Consello, de 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas.

–Regulamento (EU, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento xeral da UE (Regulamento financeiro).

–Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ou nas súas modificacións, segundo o tipo de proxecto, así como o Regulamento (UE) 2023/1315 da Comisión, de 23 de xuño de 2023, polo que se modifica o anterior.

–Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.

–Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

–Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.

–Regulamento delegado (UE) 2021/2139 da Comisión, de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852.

–Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, modificada pola Directiva (UE) 2018/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018.

–Regulamento de execución (UE) 2021/437 da Comisión, de 3 de marzo de 2021, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) núm. 1011/2014, polo que respecta ás modificacións do modelo para a transmisión de datos financeiros, o modelo de solicitude de pago, incluída a información adicional sobre os instrumentos financeiros, así como o modelo para as contas.

–Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030.

–Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, Plan de recuperación transformación e resiliencia de España, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e Proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño.

–Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

–Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

–Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

–Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

–Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

–Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

–Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

–Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

–Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento.

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

–Resolución, de 30 xullo de 2024, do Consello de Administración de E. P. E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), pola que se realiza a primeira convocatoria dos cinco programas de incentivos incluídos dentro das bases reguladoras de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables no marco do PRTR financiado pola UE–NextGenerationEU.

–Resolución presidencial núm. 2023001273, de 14 de febreiro de 2023, pola que se regula a información

para remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e polos seus organismos dependentes.

Décimo cuarta. Resolución de conflitos

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

A alcaldesa do
Concello de Silleda
Asdo. Paula María Fernández Pena

O presidente da
Deputación de Pontevedra
Asdo. Luis López Diéguez

O secretario da
Deputación de Pontevedra
Asdo. Carlos Cuadrado Romay”

Expediente 1704/2021. CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DUN SÓ USO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a comunicación remitida pola DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTENIBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO con Rexistro de entrada no Concello de Silleda núm. 2025-E-RC-3373 de data 13/08/2025 relativa á adhesión de entidades locais ao novo convenio marco en materia de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso.

Visto o Convenio Marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de envases domésticos de vidro dun só uso, que obra no expediente 1704/2021, en especial as cláusulas segunda “Adhesión das entidades locais a este convenio” coas tres modalidades e a sexta, “compromisos das EELL” . (Anexo I) así como no anexo 8

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Subscribir o Convenio Marco de referencia.

Segundo.- Solicitar a adhesión ao mesmo a través da opción 1.2. O SRAP organiza totalmente e financia.

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa para asinar cantos documentos sexan necesarios para levar a cabo as actuacións pertinentes

Cuarto.- Dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

“ANEXO I

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DUN SÓ USO

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, en calidade de conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 abril, polo que se nomean os titulares das consellerías autonómicas, en nome e representación da Xunta de Galicia, expresamente facultada para a sinatura deste convenio en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, en relación co Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en diante, a Consellería).

E, doutra parte, en representación dos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada produtor de residuos de envases autorizados (en diante, SRAP):

Don José Manuel Núñez-Lagos Bau, maior de idade, de nacionalidade española, con documento nacional de identidade número 02525648H, e con domicilio profesional na rúa Estébanez Calderón, 3-5, 4ª planta, 28020 Madrid. Intervén en nome e representación da Sociedad Ecológica para el Reciclaje de los Envases de Vidrio (en diante, Ecovidrio), asociación sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 160493, con número de identificación liscal G81312001, e con domicilio na rúa Estébanez Calderón, 3-5, 4ª planta, 28020 Madrid. Actúa en virtude do poder de representación que lle foi outorgado por Ecovidrio perante o notario de Madrid don Álvaro Lucini Mateo o 3 de febreiro de 2012, co número 201 do seu protocolo.

En diante, as partes.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para subscribir este convenio, que acordan voluntariamente, e para ese efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO. *Que a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (en diante, Lei 7/2022, do 8 de abril), establece no seu artigo 38.1 que o produtor do artigo cumprirá coas obrigacións que se establezan nos réximes de responsabilidade ampliada do produtor de forma individual ou de forma colectiva, a través da constitución dos correspondentes sistemas de*

responsabilidade ampliada.

SEGUNDO. Que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a mencionada Lei 7/2022, do 8 de abril, establecen que lles corresponde ás entidades locais (en diante, as EELL) a obrigaón de xestionar os residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos, as cales poden actuar de forma independente ou asociada, segundo se estableza nas súas ordenanzas.

Así mesmo, de acordo coa Lei 7/2022, do 8 de abril, as EELL poden xestionar os residuos comerciais non perigosos nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas.

TERCEIRO. Que o Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases (en diante, Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro), obriga os produtores de envases a Financiar e organizar, total ou parcialmente, a recollida e tratamento dos residuos de envases dun só uso, conforme o disposto no artigo 17.1.h, de conformidade cos artigos 34 e 40 para os envases domésticos e comerciais.

CUARTO. Que os artigos 44.1 da Lei 7/2022, do 8 de abril, e 21.1.c) do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, establecen que os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor (en diante, SRAP) formalizarán convenios para linanciar e, de ser o caso, organizar a xestión dos residuos de envases cando as administracións públicas interveñan na organización da xestión dos residuos.

De acordo co artigo 33.2.a) do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, os convenios que afecten a residuos xestionados polas EELL formalizaranse, preferentemente, a través das autoridades competentes das comunidades autónomas, as cales garantirán a participación das EELL na negociación e no seguimento, ou ben directamente coa entidade local, tras o coñecemento e conformidade da comunidade autónoma correspondente segundo o artigo 33.2.b).

QUINTO. Que os devanditos convenios, ao abeiro do artigo 47, apartado 2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, se rexerán polo disposto neste e respectarán, xa que logo, os principios de liberdade, igualdade e paridade das partes na súa negociación e formalización, e eliminarase calquera prestación propia dos contratos do sector público.

SEXTO. Que os artigos 29 e 36 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, establecen obxectivos mínimos de recollida separada de residuos de envases domésticos, que os produtores deben alcanzar a través dos SRAP, así como de reciclaxe e valorización dos devanditos residuos de envases.

SÉTIMO. Que as EELL participaron no proceso de elaboración deste convenio por si mesmas ou a través das súas entidades representativas.

As EELL poderán adherirse voluntariamente a este convenio. Esta adhesión supoñerá a aceptación das estipulacións contidas nel.

OITAVO. Que os SRAP de residuos de envases domésticos debidamente autorizados deberán adherirse a este convenio e aceptar as condicións establecidas nel. En atención aos expositivos anteriores, as partes acordaron subscribir este convenio de colaboración conforme as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso no marco xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de asegurar o cumprimento do esixido na Lei 7/2022, do 8 de abril, e no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

*Para iso establécense e regúlanse neste convenio os compromisos da Consellería, dos SRAP de envases domésticos de vidro dun só uso e das EELL que se adhiran a el, así como das entidades que teñan atribuída, no seu nome, a competencia na xestión dos residuos domésticos (en diante, todos eles **EELL**), sen prexuízo das obrigacións que cada unha das partes ten asignadas na lexislación vixente.*

Igualmente, ten por obxecto acordar as condicións económicas que rexerán as relacións entre as partes, coa finalidade de garantir o cumprimento da normativa en materia de envases e residuos de envases e da planificación de residuos da Comunidade Autónoma de Galicia vixente durante toda a duración do convenio marco.

SEGUNDA. ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS A ESTE CONVENIO

As EELL que o desexen poderán adherirse a este convenio.

Para iso, as EELL, tras os trámites legais internos que resulten en cada caso de aplicación, adheriranse a este convenio.

O anexo 8, «Adhesión das entidades locais ao convenio. Selección e cambio da modalidade de xestión», que acompaña este convenio, detalla a información pertinente tanto no referente á documentación requirida coma ao procedemento habilitado para o efecto, en concreto:

_ O modelo de solicitude de adhesión a través do cal a entidade solicitante deixará constancia da aceptación de todos os pactos e estipulacións contidos nel. Asolicitude, debidamente asinada por quen corresponda na entidade solicitante, acompañarase da documentación xustificativa da aprobación da adhesión polo órgano competente.

_ Os formularios a través dos cales se proporcionará a información requirida.

_ A ligazón a través da cal se facilita a canle para facer chegar á Consellería a documentación por medios electrónicos.

Os SRAP e a Consellería acordarán o formato e a información que deberá transmitirse ao SRAP para facer efectiva a adhesión.

Unha vez que se reciba a solicitude e se comprobe a integridade da documentación requirida, a Consellería comunicarlles a devandita adhesión aos SRAP.

A adhesión das EELL deberá producirse no prazo máximo de tres (3) meses desde a data da publicación deste convenio para poder aplicar a actualización económica con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro 2024, tal como recolle o Real decreto 1055/2022.

De conformidade co disposto no Real decreto 1055/2022, establécense tres modalidades organizativas para a xestión dos REDV: «SRAP organiza parcialmente e Financia», «SRAP organiza totalmente e Financia» ou «SRAP non organiza, só Financia». As condicións específicas da organización das operacións de xestión e as compensacións económicas que os SRAP deban aboarllas ás EELL en función

da modalidade elixida por estas no momento da súa adhesión ao convenio detállanse nos anexos 3 e 5, respectivamente.

1.1. O SRAP organiza parcialmente e financia

Nesta modalidade, e de conformidade co artigo 29.7 do Real decreto 1055/2022, as EELL fanse cargo da recollida separada dos REDV e do seu transporte ás explanadas. Así mesmo, as EELL asumirán a limpeza, o mantemento e a reparación dos contedores empregados para a recollida separada. Os SRAP Financiarán estas operacións nos termos referidos no artigo 23.4 do real decreto, de acordo co establecido no seu artigo 34.

Os SRAP faranse cargo de todos os REDV depositados nas explanadas, así como dos residuos de envases recuperados da fracción resto que así se acorde en cada caso.

Adicionalmente, o SRAP poderá asumir a recuperación e separación por materiais dos REDV da fracción resto, todo iso a través de xestores de residuos cos que asinen acordos nos termos establecidos no artigo 21.1 d) do real decreto e na súa correspondente autorización ou comunicación previa.

1.2. O SRAP organiza totalmente e financia

Nesta modalidade, de conformidade co artigo 29.8 do Real decreto 1055/2022, as EELL non interveñen na organización da xestión dos REDV e son os SRAP os que asumen todas as operacións de xestión dos REDV (incluída a súa recollida separada, transporte, e tratamento). Así mesmo, os SRAP asumirán a limpeza, o mantemento e a reparación dos contedores que instalasen na vía pública para a recollida separada. Con respecto á recuperación e separación por materiais dos REDV da fracción resto, o SRAP poderá asumir a recuperación e separación por materiais dos REDV da fracción resto, así como a súa venda se así se acorda en cada caso. Todo iso realizárase a través de xestores de residuos cos que asinasen acordos nos termos establecidos no artigo 21.1 d) do real decreto e na súa correspondente autorización ou comunicación previa.

De acordo co disposto no artigo 34.6 do real decreto, os SRAP Financiarán todos os custos inherentes á devandita xestión (en particular os da recollida, transporte, selección e clasificación —se procede— e o seu tratamento posterior), incluída, de ser o caso, a parte do custo do imposto sobre o depósito de residuos en entulleira correspondente aos REDV recollidos separadamente. Así mesmo, incluírase o importe da amortización e da carga Financeira do investimento que sexa necesario realizar en material móbil e en infraestruturas, e teranse en conta os ingresos por venda de materiais dos REDV recuperados.

1.3. O SRAP non organiza, só financia

Nesta modalidade, de conformidade co artigo 32.2 do Real decreto 1055/2022, as EELL encargaranse da organización total da xestión dos REDV, mentres que os SRAP asumirán unha mera obrigaón linanceira respecto destas operacións, de conformidade co establecido no artigo 34 e 23.4 do real decreto. Así pois, as EELL faranse cargo:

- a) Da recollida separada dos REDV no domicilio do consumidor, nos lugares onde se xeren ou nas súas proximidades, facilitando os medios necesarios, xa sexan económicos, organizativos ou doutro tipo, para o cumprimento dos obxectivos establecidos no artigo 29 do real decreto.
- b) Do seu transporte ata as instalacións de separación e clasificación ou, de ser o caso, directamente aos

xestores autorizados para a súa reciclaxe ou valorización.

c) Das propias operacións de separación e clasificación nas instalacións autorizadas.

d) Da entrega dos residuos resultantes das operacións da letra anterior a un xestor autorizado para o seu tratamento mediante reciclaxe, outra valorización ou eliminación, segundo corresponda, co obxecto de lles dar cumprimento aos obxectivos de reciclaxe e valorización obxectivos establecidos no artigo 10 do real decreto.

e) Da recuperación e separación os REDV da fracción resto nas plantas de tratamento de fraccións mesturadas, así como da súa entrega posterior a un xestor autorizado para o seu tratamento mediante reciclaxe ou outra valorización.

A elección por parte da entidade local dunha determinada modalidade de xestión supoñerá unha «permanencia» de 12 meses nela. Se a entidade desexa realizar un cambio na modalidade de xestión, deberá comunicarllo á Comunidade Autónoma e ao SRAP ou aos SRAP aos que lles afecte o cambio cun mes de antelación. O cambio de modalidade de adhesión por parte das EELL realizarase nas condicións establecidas no anexo 8: «Adhesión das entidades locais ao convenio. Selección e cambio da modalidade de xestión».

TERCEIRA. ALCANCE DESTE CONVENIO

O alcance deste convenio é o seguinte:

1. Establecer os compromisos de todas as partes asinantes e entidades adheridas que permitan garantir a xestión dos residuos de envases domésticos de vidro dun só uso de modo que poidan alcanzarse os obxectivos de reciclaxe e recollida establecidos nos artigos 26.1 e 59.1 da Lei 7/2022, do 8 de abril, así como nos artigos 10 e 29 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Enténdese por envases domésticos os así definidos polo Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro.

2. Establecer os mecanismos de adhesión a este convenio.

3. Reflectir os procedementos que se van levar a cabo para a recollida separada, transporte, selección e tratamento mediante a entrega a un xestor autorizado dos residuos de envases, tanto se as EELL organizan a xestión dos residuos coma se o SRAP asume a súa xestión total ou parcial. Neste último caso, o convenio tamén reflectirá o sistema de contratación dos xestores para a execución de recollidas separadas, así como o sistema de designación do xestor dos materiais recuperados.

4. Establecer as condicións de prestación do servizo no caso de que os SRAP asuman a xestión total ou parcial dos residuos de envases.

5. Establecer as compensacións económicas que os SRAP lles aboarán ás EELL para sufragar os custos necesarios para que a prestación de servizos de xestión de residuos de envases dos produtos postos no mercado polos produtores a través dos devanditos sistemas, con base nunha boa relación custo-eficiencia en termos económicos, sociais e ambientais no caso de que as EELL asuman a xestión total ou parcial dos residuos de envases e nos termos referidos nos artigos 23.4, do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, baseándose nos criterios recollidos no anexo XI de devandito real decreto.

6. Fixar a metodoloxía, os parámetros e a operativa de cálculo que se vai utilizar para determinar as

compensacións económicas que os SRAP deberán aboarlle ás EELL ou, de ser o caso, ás plantas de tratamento, conforme o especificado e detallado no anexo 3, «Compensacións económicas pola xestión de envases de vidro», deste convenio marco, así como a súa actualización.

7. Fixar o prazo e a forma de facturación e pago por parte dos SRAP ás EELL ou, de ser o caso, á Comunidade Autónoma das compensacións económicas resultantes da prestación dos servizos de recollida, transporte, selección e tratamento mediante entrega a un xestor autorizado dos residuos de envases.

8. Establecer as especificacións técnicas para os requisitos de calidade das distintas fraccións de materiais recuperados dos residuos de envases clasificados, conforme o previsto no anexo 7, «Procedementos de seguimento e control de actividades».

9. Fixar as contías que Financiarán os SRAP para o desenvolvemento de campañas de información e concienciación cidadá en materia de prevención, recollida correcta e xestión de residuos de envases, co fin de lograr o cumprimento dos obxectivos establecidos na Lei 7/2022, do 8 de abril, e no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro,

10. Concretar os mecanismos necesarios de colaboración para garantir o cumprimento do previsto neste convenio, poñendo en práctica os métodos necesarios de seguimento para analizar o seu cumprimento, así como os instrumentos para a obtención e intercambio da información que especificamente se acorda neste convenio (anexo 1, «Información entre as partes asinantes e entidades adheridas»), sen prexuízo da vixilancia, control e inspección que realice a Comunidade Autónoma sobre as obrigacións legais dos sistemas autorizados, así como o resto dos axentes participantes (cidanía, hostalería etc.), de acordo coas súas competencias ambientais e coa lexislación que resulta de aplicación.

11. Establecer un plan de caracterizacións que cubra todas as fases do proceso de xestión dos residuos (recollida, clasificación e selección, así como no rexeitamento da fracción resto), que permita garantir a súa rastrexabilidade e que teña en conta a procedencia e tipoloxía dos residuos. Este plan seguirá o protocolo de caracterización elaborado no seo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e será aprobado dentro do seo da Comisión de Seguimento.

12. Promover a instalación de contedores de recollida separada de residuos de envases de vidro, conforme o previsto no anexo 3, «Compensacións económicas pola xestión dos envases de vidro», e no anexo 5, «Condicións de prestación do servizo».

13. Promover a recollida separada de residuos de envases de vidro nos establecementos da canle Horeca, conforme o previsto no anexo 10, «Condicións xerais da promoción e do fomento da xestión dos residuos dos envases de vidro xerados na canle Horeca».

CUARTA. COMPROMISOS DOS SRAP DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DUN SÓ USO

Nos termos establecidos neste convenio, cada SRAP de residuos de envases asinante, no ámbito xeográfico das EELL da Comunidade Autónoma de Galicia adheridas a este convenio, comprométese a:

1. Responsabilizarse, na modalidade de xestión determinada por cada EELL, da xestión dos residuos dos envases postos no mercado polos produtores que se integran no SRAP, quedando limitada esta

responsabilidade ás tipoloxías e materiais de envases que os devanditos produtores poñen no mercado.

2. Promover e desenvolver, en colaboración coa Comunidade Autónoma e coas entidades locais adheridas a este convenio, as accións necesarias, dentro do ámbito de actuación do SRAP, para o cumprimento dos obxectivos de reciclaxe e recollida separada de residuos de envases de vidro recollidos na Lei 7/2022, do 8 de abril, e no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, tanto no ámbito estatal coma no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Financiar e, de ser o caso, organizar, total ou parcialmente, a recollida, transporte, selección e tratamento dos residuos de envases domésticos de vidro dun só uso, conforme o disposto no artigo 34 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro. O Financiamento farase de maneira proporcional á cota de mercado de cada un dos SRAP asinantes do convenio e incluírá todos os custos recollidos no artigo 34 de acordo co artigo 23.4, ambos os dous do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro. As compensacións económicas están recollidas no anexo 3, «Compensacións económicas pola xestión dos envases de vidro», deste convenio.

Co fin de asegurar unha adecuada coordinación na xestión dos residuos derivados dos produtos postos no mercado, así como o seu Financiamento e o cumprimento do establecido no artigo 21.2 do Real decreto, os SRAP deberán establecer mecanismos de colaboración eficaces. Dentro destas medidas de coordinación, os SRAP tratarán de alcanzar un acordo de coordinación que minimize os trámites administrativos, fundamentalmente facturación ás entidades locais. Para iso, como mínimo, implementárase unha plataforma electrónica común que facilite a xeración das correspondentes autofacturas dos SRAP proporcional á súa cota de mercado, con base na factura emitida pola entidade local. Esta ferramenta garantirá a rastrexabilidade, transparencia e equidade na distribución de custos asociados á recollida separada. A Comisión de Seguimento do convenio marco poderá solicitar información sobre o funcionamento deste sistema de coordinación, así como sobre a resolución de posibles incidencias que poidan xurdir na súa aplicación.

4. No caso de que o SRAP organice totalmente a xestión dos residuos de envases (en diante, SRAP organiza), o SRAP encargárase, a través de xestores autorizados, da recollida separada dos residuos de envases incluídos no seu ámbito de actuación, do seu transporte á planta de tratamento, así como da entrega a un xestor autorizado nos casos necesarios. Así mesmo, asumirá a limpeza, o mantemento, a reparación e a reposición dos contedores que estean instalados na vía pública. As condicións de prestación de servizo están detalladas no anexo 5, «Condicións de prestación do servizo», deste convenio.

5. No caso de que a modalidade de xestión elixida polas EELL sexa a de «SRAP organiza parcialmente e Financia», o SRAP asumirá a obrigaón Financeira e compensará as EELL polos gastos da recollida e transporte dos residuos de envases, así como polas operacións de limpeza, mantemento, reparación e reposición dos contedores que se atopen instalados na vía pública; tamén polos residuos de envases separados por materiais que sexan recuperados da fracción resto, da fracción inorgánica dos sistemas húmido-seco ou do lixo disperso noutras plantas de tratamento de fraccións mesturadas, para a súa reciclaxe, outra valorización ou eliminación, segundo corresponda.

6. Entenderase que a posta á disposición do SRAP dos residuos de envases de vidro incluídos no seu ámbito de actuación se produce nos seguintes momentos:

a) «SRAP organiza totalmente e Financia»: no momento no que os residuos de envases de vidro son depositados nos contedores destinados á súa recollida separada.

b) «SRAP organiza parcialmente e Financia»: no momento no que os residuos de envases de vidro son depositados na correspondente explanada.

Os residuos de envases de vidro entregaranse sempre a un reciclador autorizado seleccionado polo SRAP mediante un procedemento no que se respectarán os principios de publicidade, concorrência e igualdade, de acordo co previsto no artigo 50.3 da Lei de residuos.

7. Cando organice a xestión dos residuos de envases, de conformidade co artigo 21.5 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, o SRAP actuará como posuidor para os efectos da súa consideración como operador de traslado conforme o Real decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado. Conforme a disposición adicional primeira do Real decreto 553/2020, do 2 de xuño, os trámites regulados neste realizaranse por vía electrónica mediante os esquemas de intercambio electrónico de datos establecidos polas administracións públicas (formato E3L) de forma que esta información sexa interoperable cos softwares propios dos xestores, coas plataformas autonómicas ou coa plataforma electrónica de xestión de residuos e-SIR.

8. Garantir a reciclaxe e/ou valorización dos residuos de envases postos no mercado a través dos sistemas de RAP e que fosen recuperados no ámbito deste convenio, de maneira que se cumpra coas especificacións técnicas dos materiais recuperados que Figuran no anexo 7, «Procedementos de seguimento e control de actividades».

9. Pagar as facturas emitidas polas EELL de acordo co previsto no anexo 4, «Facturación e pago». Para a facturación empregarase unha plataforma electrónica que lles facilite ás EELL a facturación única.

10. Facilitarlle á Comunidade Autónoma, sempre que esta o requira e a través dos medios acordados por ambas as partes, o dato relativo ás cantidades facturadas ao SRAP polas entidades locais adheridas a este convenio conforme a modalidade «SRAP organiza parcialmente e Financia» en concepto da realización da recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP, de conformidade co previsto no artigo 53.1 b) 5º da Lei de residuos e no anexo VII, apartado d) 2º do Regulamento de envases.

11. Propoñer, para que o aprobe a Comisión de Seguimento deste convenio, un plan anual de realización de caracterizacións que cubra o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que inclúa todas as fases do proceso de xestión dos residuos que permitan confirmar a súa rastrexabilidade: recollida, clasificación e selección, así como o rexeitamento da fracción resto. Nas devanditas caracterizacións, que deberán ser cofinanciadas ou realizadas polos SRAP, deberán poder estar presentes as EELL, a Comunidade Autónoma e os SRAP. No caso da realización por parte dos SRAP, estes deberán avisar cun prazo mínimo de 10 días da operación e titular do fluxo que hai que caracterizar. Na aprobación do plan de caracterizacións deberase ter en conta que polo menos un 50_% das caracterizacións previstas se realizará onde e cando determine o órgano competente da Comunidade Autónoma, garantindo a representatividade de caracterización da xestión en todo o seu ámbito territorial, de conformidade co apartado 1.j) do anexo X do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro.

12. Colaborar e Financiar, de conformidade co artigo 34.1.e) do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, os gastos de elaboración de estatísticas de xeración e xestión dos residuos de envases nos que incorran as EELL ou, de ser o caso, as comunidades autónomas que se establezan no marco da Comisión de Seguimento, de acordo co anexo 3, «Compensacións económicas pola xestión dos envases de vidro».

13. Establecer o sistema de designación dos xestores dos materiais recuperados, así como o da contratación dos xestores para a execución de recollidas separadas cando a xestión dos residuos de envases se leve a cabo mediante a modalidade «SRAP organiza», de conformidade cos artigos 22.1.d) e 21.1.d) do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro.

14. Poñer á disposición da Consellería ou das EELL, segundo se acorde na Comisión de Seguimento, Financiamento para o desenvolvemento de campañas de información, concienciación cidadá e sensibilización ambiental para aumentar e manter o grao de eficacia e eficiencia da recollida separada dos residuos de envases obxecto deste convenio coa Finalidade de promover e facilitar o cumprimento dos obxectivos establecidos no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, todo iso de acordo co establecido no anexo 6, «Campañas de comunicación» deste convenio. No devandito anexo Fíxase o detalle das condicións de realización e Financiamento das citadas campañas e accións de información e concienciación. (No caso en que a Consellería lle solicite ao SRAP que sexa este quen desenvolva as devanditas campañas, deberá indicarse especificamente neste punto conforme o anexo X.1.i) do RDERE: o SRAP desenvolverá as devanditas campañas.

15. Realizar análises de maneira periódica e facerlles propostas á Comunidade Autónoma e ás entidades locais adheridas a este convenio para a mellora da contenerización e, en xeral, da operativa da recollida separada de residuos de envases de vidro, co obxecto de mellorar as taxas de recollida separada e reciclaxe de residuos de envases de vidro.

16. Financiar ou poñer á disposición das entidades locais adheridas a este convenio a cantidade de contedores que as partes acorden, segundo o disposto no anexo 3, «Compensacións económicas pola xestión dos envases de vidro», e no anexo 5, «Condicións de prestación do servizo». Os contedores adquiridos por cada SRAP serán da súa exclusiva propiedade e deberán cumprir as características mínimas de deseño descritas no anexo 7, «Procedementos de seguimento e control de actividades», para garantir a calidade dos residuos recollidos.

17. Promover, en colaboración e consensuadamente coa Comunidade Autónoma e as entidades locais adheridas a este convenio, a identificación e posta en marcha de iniciativas que redunden na eficacia e eficiencia (económica, social e ambiental) do modelo de recollida separada e reciclaxe dos residuos de envases de vidro incluídos no seu ámbito de actuación.

18. Fornecer a información especificada no anexo 1, «Información entre as partes asinantes e entidades adheridas», correspondente á información que especificamente se acorda neste convenio.

19. Cumprir as obrigacións de información reguladas no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, e nas súas autorizacións

QUINTA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA

A Consellería asume os seguintes compromisos:

1. Comunicarlles ás EELL con competencias na xestión de residuos de envases a sinatura deste convenio tan pronto como se produza, co fin de que todas poidan adherirse a el, así como prestarlles a necesaria colaboración e apoio técnico para iso.

2. Informar os SRAP asinantes do convenio de todas as adhesións de EELL que se produzan.

3. Colaborar coas EELL e cos SRAP, no caso de que estes organicen total ou parcialmente, na promoción, participación e implantación de medidas tendentes a ampliar e mellorar a recollida separada e a reciclaxe dos residuos de envases, que permitan o cumprimento dos obxectivos recollidos no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro.
4. Realizar directamente ou promover a realización por parte das EELL adheridas de campañas de información e sensibilización segundo o acordado na Comisión de Seguimento e o indicado no anexo 6, «Campañas de comunicación». A Consellería determinará o número de campañas e as datas nas que as devanditas campañas serán desenvoltas polos SRAP, tras unha solicitude_expresa_comunicada_no seo da Comisión de Seguimento.
7. Cando as EELL interveñan na organización da xestión, isto é, nas modalidades «SRAP Financia» ou «SRAP organiza parcialmente e Financia», asegurar a participación daquelas no control e seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos que hai que alcanzar e das obrigacións asumidas polos SRAP establecidas no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, sen prexuízo doutras formas de participación que se consideren convenientes.
8. Cando as EELL non interveñan na organización da xestión, isto é, na modalidade «SRAP organiza», colaborar no control e seguimento do cumprimento das condicións acordadas no anexo 5, «Condicións de prestación do servizo», por parte das EELL.
9. Intercambiar coas EELL adheridas e os SRAP asinantes calquera información na materia obxecto do convenio, en particular a relativa aos resultados que se vaian obtendo na recollida separada e xestión de residuos de envases na Comunidade Autónoma de Galicia.
10. Velar por que as EELL adheridas ao convenio reciban as compensacións económicas na forma que se detalla no anexo 3, «Compensacións económicas pola xestión dos envases de vidro», deste convenio.
11. Seguir e controlar a consecución dos obxectivos Fixados neste convenio por parte de entidades locais, consumidores e dos SCRAP, para garantir o cumprimento das obrigacións establecidas na normativa aplicable. Así mesmo, a Comunidade Autónoma supervisará o cumprimento por parte dos produtores de produto das súas obrigacións en materia de responsabilidade ampliada do produtor, para o que realizará as inspeccións e controis necesarios co fin de verificar a correcta aplicación do Real decreto 1055/2022, nos termos previstos no seu artigo 53. Se como consecuencia das inspeccións e dos controis antes mencionados a Comunidade Autónoma tivese coñecemento do incumprimento por parte dun produtor das súas obrigacións en materia de responsabilidade ampliada do produtor, adoptará con carácter inmediato as medidas oportunas para corrixir o devandito incumprimento, incluída, de ser o caso, a aplicación de sancións.
12. Publicar integramente este convenio, incluídos os seus anexos técnicos e económicos, no boletín oficial da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto no artigo 33.6 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro.
13. Levar a cabo as tarefas de vixilancia e inspección dos sistemas autorizados, de acordo coas súas competencias ambientais e coa lexislación que resulta de aplicación.

SEXTA. COMPROMISOS DAS EELL

As EELL que se adhiran ao convenio asumen os seguintes compromisos:

1. Aceptar as condicións establecidas neste convenio, o que queda formalizado mediante a adopción do acordo de adhesión e comunicación á Consellería conforme o modelo que Figura no anexo 8, «Adhesión das entidades locais ao convenio. Selección e cambio de modalidade de xestión».

2. Asumir as responsabilidades inherentes á modalidade de xestión seleccionada na súa adhesión. En particular, as que se detallan a continuación.

3. Cando as EELL interveñan na organización da xestión dos residuos de envases domésticos, isto é, na modalidade «SRAP organiza parcialmente e Financia» e «SRAP non organiza, só Financia», estas faranse cargo:

a) Da recollida separada dos residuos de envases domésticos no domicilio do consumidor, nos lugares onde se xeren ou nas súas proximidades, facilitando os medios necesarios, xa sexan económicos, organizativos ou doutro tipo, para o cumprimento dos obxectivos establecidos no artigo 29 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro.

b) De transportar os residuos de envases de vidro ata a correspondente explanada, de acordo co establecido neste convenio.

c) De facilitarlle ao SRAP a información indicada no anexo 1, coa periodicidade establecida, e para calquera modalidade de recollida de residuos de envases de vidro, por exemplo «porta por porta» (domiciliario e canle Horeca). O SRAP facilitará un prazo de transición, como máximo dun ano, salvo acordo das partes, para fornecer a devandita información, así como unha ferramenta de xestión única.

d) Da emisión ao SRAP das facturas mensuais en concepto do custo eficiente e necesario.

e) De acordar co SRAP as novas localizacións dos contedores para a recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP, así como a reposición dos contedores e as razóns que darán lugar á devandita reposición.

f) De colaborar co SRAP e coa Comunidade Autónoma na identificación e posta en marcha de iniciativas consensuadas que redunden na eficacia e eficiencia (económica, social e ambiental) do modelo de recollida separada e reciclaxe dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP.

g) De lle facilitar ao SRAP con carácter anual, antes do 31 de xaneiro, a información relativa á pegada de carbono da recollida separada de residuos de envases de vidro. O SRAP proporcionará a información necesaria e un formulario para cubrir e obter esta información. No caso de que a EELL non dispoña destes datos, o SRAP poderá estimalos con base en concellos de características similares.

h) De incorporar aos contratos subscritos coa/s empresa/s encargada/s de prestar o servizo de recollida separada de residuos de envases de vidro os compromisos necesarios para o cumprimento do establecido nesta cláusula.

i) De controlar e inspeccionar o cumprimento do disposto nas ordenanzas municipais en materia de residuos e, en particular, da obrigaón de recollida separada de residuos de envases de vidro.

4. Cando, ademais, as EELL interveñan na reciclaxe do vidro, isto é, na modalidade «SRAP non organiza, só Financia», estas faranse cargo:

a) Da entrega dos residuos recollidos separadamente a un xestor autorizado para o seu tratamento mediante reciclaxe, outra valorización ou eliminación, segundo corresponda, co obxecto de lles dar cumprimento aos obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos no artigo 10 do real decreto.

- b) De entregarlle sempre os residuos de envases de vidro a un reciclador autorizado seleccionado mediante un procedemento no que se respectarán os principios de publicidade, concorrência e igualdade.
- c) De garantir a reciclaxe e/ou valorización dos residuos. As EELL realizarán un informe de rastrexabilidade, que se poñerá á disposición dos SRAP, co resultado dos procesos de tratamento (toneladas xestionadas e volume de calcín obtido) e o destino final dos residuos (toneladas recicladas).

5. Cando as EELL non interveñan na organización da xestión, isto é, na modalidade «SRAP organiza totalmente e Financia», realizarán o control e o seguimento do cumprimento das condicións acordadas no anexo 5, «Condicións de prestación do servizo».

6. Cando interveñan na organización da xestión dos residuos de envases, isto é, nas modalidades «SRAP non organiza, só financia» e «SRAP organiza parcialmente e Financia», participarán no control e seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos que se pretenden alcanzar e das obrigacións asumidas polos SRAP.

7. Adoptar as medidas necesarias para detectar e corrixir desviacións ou incumprimentos. Nestes casos, adoptará no prazo máximo de tres (3) meses as medidas correctoras necesarias no caso de detectar desviacións ou incumprimentos do previsto neste convenio en relación coa recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP.

8. Promover e desenvolver, en colaboración coa Consellería e cos SRAP, as accións necesarias, dentro do seu ámbito de actuación, para facilitar o cumprimento dos obxectivos de reciclaxe e recollida separada de residuos de envases establecidos nos artigos 10 e 29 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro.

9. Participar no desenvolvemento ou desenvolver, conforme o que se acorde na Comisión de Seguimento, campañas de comunicación no seu ámbito territorial de xestión.

10. Facturarlles aos SRAP polos conceptos recollidos no anexo 3, «Compensacións económicas pola xestión dos envases de vidro» na forma e coa documentación xustificativa establecida no anexo 4, «Facturación e pago».

11. Aprobar ou, de ser o caso, adecuar as ordenanzas municipais vixentes en materia de residuos para permitir o cumprimento do previsto neste convenio en relación coa recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP xerados polos cidadáns e polos establecementos da canle Horeca.

12. Promover a recollida separada de residuos de envases de vidro na canle Horeca, de acordo co previsto no anexo 10.

13. Revisar e responder as propostas de contenerización do SRAP no prazo máximo dun mes. O SRAP e a entidade local acordarán, en concreto, o número de contedores, as súas localizacións e o prazo máximo para a súa instalación.

14. A entidade local [asumirá/non asumirá] a adquisición dos citados contedores, segundo o acordado en cada caso.

15. A posta en funcionamento dos mecanismos de seguimento e control necesarios para asegurar que a recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP se realiza

de acordo co establecido neste convenio.

SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Créase unha comisión de seguimento, que será o órgano encargado de tutelar, desde a perspectiva da colaboración e da cooperación, a aplicación deste convenio.

2. A Comisión de Seguimento estará integrada por:

- _ Dous representantes da Consellería, incluída a persoa que ocupe a Presidencia da Comisión de Seguimento.
- _ Dous representantes das EELL adheridas ao convenio, designados por elas mesmas.
- _ Catro representantes dos SRAP, que serán elixidos polos SRAP partes do convenio para que lexitimamente os representen conforme as indicacións previamente acordadas por estes. En todo caso, salvo outro acordo, esta representación deberá reflectir a cota de mercado de cada un dos SRAP, de acordo coa información procedente da sección de envases do Rexistro de Produtores de Produto. Para tal fin, os devanditos representantes remitiranlles a todos os SRAP a orde do día das reunións da Comisión coa máxima antelación posible, e polo menos con dez (10) días hábiles, co obxecto de lles permitir aos SRAP partes do convenio preparar unha potencial posición común que defender no seo da Comisión de Seguimento.

O resto dos SRAP asinantes do convenio, así como representantes do resto das EELL, poderá asistir ás reunións da Comisión de Seguimento en calidade de observadores: con voz, pero sen voto.

Presidirá esta comisión un dos representantes da Consellería. Corresponderalle asumir e realizar os labores de Secretaría a un dos representantes dos SRAP.

3. A Comisión de Seguimento reunirase ordinariamente dúas veces ao ano, sen prexuízo das reunións extraordinarias que se poidan realizar por pedimento de calquera das partes asinantes do convenio, tras a aprobación da persoa que ocupe a Presidencia da Comisión.

4. Esta comisión de seguimento ten como Finalidade:

- _ O seguimento e o control das actuacións que deriven da aplicación deste convenio, así como a súa interpretación e, de ser o caso, a elaboración dunha proposta de modificación, se procede.
- _ A intervención en caso de discrepancias entre os SRAP de envases de vidro e algunha ou algunhas das EELL na posta en práctica do convenio. A Comisión de Seguimento, tras analizar a situación creada, decidirá a forma de proceder para a súa resolución.
- _ A revisión e aprobación do Plan xeral de comunicación e sensibilización en materia de residuos de envases de vidro e do Programa anual de comunicación e sensibilización en materia de residuos de envases de vidro de cada exercicio, así como o seu orzamento e as contías que deberá achegar cada SRAP, e a súa remisión ao Grupo de Traballo de Envases.
- _ A aprobación, tras a resolución do convenio, dun prazo para a continuación e Finalización das obrigacións en curso conforme o disposto na estipulación novena.
- _ A Comisión de Seguimento exclúe da súa actuación calquera cuestión que poida supoñer ou supoña a modificación do convenio conforme o disposto na estipulación décimo primeira.
- _ A aprobación do plan de caracterizacións anuais proposto polo SRAP para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo a metodoloxía e os procedementos que se acorden no marco da Comisión

de Coordinación en materia de residuos.

5. Créase unha Comisión de Comunicación constituída por:

- _ Dous representantes da Consellería.
- _ Dous representantes das EELL adheridas ao convenio, designados por elas mesmas.
- _ Catro representantes dos SRAP que serán elixidos polos SRAP partes do convenio para que lexitimamente os representen conforme as indicacións previamente acordadas por estes. Para tal fin, os devanditos representantes remitirán, a todos os SRAP, a orde do día das reunións da Comisión coa máxima antelación posible, e polo menos con dez (10) días hábiles, co obxecto de lles permitir aos SRAP partes do convenio preparar unha potencial posición común que defender no seo da Comisión de Comunicación.

O resto dos SRAP asinantes do convenio, así como representantes do resto de EELL ou entidades que teñan atribuída a competencia na xestión dos residuos domésticos, poderán asistir ás reunións da Comisión de Comunicación en calidade de observadores: con voz, pero sen voto.

6. A Comisión de Comunicación ten como Finalidade:

- _ A elaboración do Plan xeral de comunicación e sensibilización en materia de residuos de envases de vidro para o período de vixencia do convenio e dun programa anual de comunicación e sensibilización en materia de residuos de envases de vidro para cada exercicio, a partir das propostas dos SRAP, así como o seu correspondente orzamento anual.
- _ O seguimento da contratación e execución das accións previstas no Programa anual de comunicación.
- _ A avaliación dos resultados obtidos coas accións realizadas, de acordo cos indicadores establecidos na elaboración do Programa anual, e o control e seguimento do orzamento de comunicación.

7. A Comisión de Comunicación reunirse ordinariamente dúas veces ao ano, sen prexuízo das reunións extraordinarias que se poidan realizar por pedimento de calquera das partes asinantes do convenio, logo da aprobación da persoa que ocupe a Presidencia da Comisión. En caso de excepción crítica e urgente, convocarase a reunión coa maior inmediatez posible.

8. As decisións e acordos destas comisións adoptaranse por acordo unánime das partes. É necesaria a presenza de, polo menos, un representante da Consellería, un das EELL e un dos SRAP. En caso necesario, para evitar situacións de inoperatividade por imposibilidade de consenso, poderanse adoptar acordos por maioría cualificada de dous terzos (2/3), debendo haber paridade entre administracións públicas e SRAP.

Tal como se estableceu nos puntos 2 e 5 desta estipulación, os representantes de cada parte que acudan á reunión deberán ter capacidade de representación e de decisión no momento da reunión, sempre que as cuestións para decidir estivesen previstas na orde do día e coa condición de que este fose remitido cunha antelación mínima de 10 días hábiles.

No caso de que non poida tomarse algunha decisión nalgún punto concreto, os SRAP comprométense a, nun prazo de 10 días hábiles, comunicar a súa postura con respecto a iso.

9. Levantarase unha acta das reunións de ambas as comisións.

10. A Comunidade Autónoma informará dos resultados do seguimento das actuacións realizadas polas comisións ao Grupo de Traballo de Envases.

OITAVA. ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Este convenio entrará en vigor a partir do día seguinte ao da data de publicación no Diario Oficial de Galicia. As condicións previstas neste convenio terán efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2024, de acordo co disposto na disposición transitoria terceira do Regulamento de envases.

Terá un período de vixencia de catro anos. En calquera momento, antes da linalización do prazo de duración, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga, por períodos de dúas anualidades, ata un máximo de catro anos adicionais, ou a súa extinción.

Se, por calquera causa, o convenio deixa de ter vixencia, procederase á resolución e liquidación do convenio conforme o disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, no que se regulan os efectos da resolución de convenios, sen prexuízo de que as partes, a través da Comisión de Seguimento, poidan acordar un prazo para a continuación e Finalización das obrigacións derivadas do Real decreto 1055/2022.

Se unha vez que Finalice a vixencia do convenio as partes non alcanzaron un acordo para a sinatura dun novo convenio, as condicións previstas neste convenio seguirán aplicándose transitoriamente ata que se dite o laudo arbitral regulado no artigo 33.4 do Regulamento de envases. O citado laudo non terá, en ningún caso, efecto retroactivo.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa e réxese no non previsto nas súas disposicións polo réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As controversias xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivar da aplicación deste convenio deberán liquidarse de mutuo acordo no seo da Comisión de Seguimento indicada na estipulación sétima.

As cuestións litixiosas menores non resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse a arbitraje, de conformidade co disposto na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, e coas regras específicas sinaladas no artigo 33.4 do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro.

Para as cuestións operativas para as cales non se chegue a ningún acordo, recorrerase á arbitraje dunha institución ou organización independente de recoñecido prestixio (denominado experto independente), que decidirá de mutuo acordo a Comisión de Seguimento. Finalmente, as cuestións que non se resolvan polos procedementos anteriores e cuestións maiores serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación deste convenio, diferente á de adhesión dun novo SRAP autorizado, EELL non adherida previamente ou cambio da modalidade de xestión, adoptarse por acordo unánime das partes mediante addenda adicional que se incorporará como parte inseparable do texto do convenio e da que se

dará publicidade nos mesmos boletíns oficiais nos que se deu publicidade ao propio convenio.

Do mesmo xeito, no caso de producirse algunha modificación nas autorizacións dos SRAP que tivese efecto sobre as disposicións deste convenio, subscribirase unha addenda adicional que se incorporará como parte inseparable do texto do convenio e da que se dará publicidade nos mesmos boletíns oficiais nos que se deu publicidade ao propio convenio.

As condicións deste convenio serán interpretadas de acordo coa normativa vixente e, de ser o caso, serán revisadas se se producen modificacións normativas que incidan directamente no seu contido.

DÉCIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Este convenio resolverase:

- _ Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.*
- _ Polo acordo unánime de todos os asinantes.*
- _ Polo incumprimento grave, entendido como tal o incumprimento continuado durante seis meses consecutivos das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes e apreciado pola parte que resulte prexudicada por tal incumprimento. Nese caso, o convenio quedaría resolto con respecto á parte incumplidora e mantería a súa vixencia para o resto das partes, sempre que tal incumprimento non supuxese a inviabilidade deste convenio.*
- _ No caso de que se producise a suspensión, caducidade, incumprimento ou revogación da autorización dalgún SRAP, o convenio quedaría resolto con respecto ao SRAP cuxa autorización resultase afectada.*
- _ Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- _ Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na normativa que resulte de aplicación.*

A resolución deste convenio dará lugar á súa liquidación co obxecto de Finalizar as obrigacións e compromisos de cada unha das partes, de conformidade co previsto no artigo 52.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Cando concorra calquera das causas de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, as partes poderán acordar a continuación e Finalización das actuacións en curso que consideren oportunas e establecer un prazo improrrogable para a súa finalización. Unha vez que transcorra este prazo deberá realizarse a liquidación nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEGUNDA. EFECTOS DA RESOLUCIÓN ANTICIPADA DO CONVENIO

No suposto de instarse a resolución anticipada deste convenio segundo algunha das formas previstas na cláusula anterior e para garantir a continuidade do servizo, no caso de atoparse as EELL pendentes de percibir a compensación dalgunha cantidade pola xestión de residuos de envases, corresponderalles aos SRAP asinantes o aboamento destas cantidades na mesma contía que lles correspondese na data inmediatamente anterior á resolución.

O SCRAP seguirá prestando ou Financiando o servizo, segundo corresponda, durante os seis (6) meses seguintes á data da notificación da resolución anticipada do convenio ou do acordo de adhesión. A partir de devandito prazo, a entidade local asumirá integramente o servizo.

A entidade local, segundo corresponda, aboaralle ao SRAP o custo pendente da amortización dos contedores para a recollida separada de residuos de envases de vidro instalados no ámbito territorial da entidade local que non estean totalmente amortizados; ademais, no caso de que non vaia seguir utilizándoos, a entidade local deberá retiralos da vía pública e almacenalos por un período de ata catro (4) meses, para que o SRAP poida recuperalos para a súa reutilización. O custo da amortización estimarase a partir do custo medio que se desprenda do último procedemento de adxudicación convocado para a subministración de contedores de residuos de envases de vidro na entidade local.

DÉCIMO TERCEIRA. SUBSCRICIÓN DO CONVENIO POR SRAP AUTORIZADOS DISTINTOS DOS INICIALMENTE ASINANTES

Os SRAP autorizados no ámbito de residuos de envases de vidro distintos dos asinantes deste convenio poderán adherirse a el.

De conformidade co anterior, este convenio está aberto a que, con posterioridade á súa sinatura, sexa subscrito mediante unha addenda (conforme o modelo establecido no anexo 9) por todo aquel SRAP autorizado ou por un produtor de envases de vidro que teña implantado o seu propio sistema de xestión individual e llo comunicase á autoridade competente. Deberá asumir a totalidade dos compromisos contidos neste convenio marco, especialmente os de carácter económico.

Unha vez formalizada a adhesión, a Consellería comunicarllelo a todos os SRAP que son parte do convenio e a todas as EELL adheridas.

DÉCIMO CUARTA. FINANCIAMENTO DA RECOLLIDA SEPARADA DOS RESIDUOS DE ENVASES DE VIDRO INCLUÍDOS NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN DE «SRAP ORGANIZA TOTAL OU PARCIALMENTE»

Cando, de conformidade co previsto neste convenio, un SRAP baixo a modalidade «SRAP organiza total ou parcialmente», que se encargue da recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no seu ámbito de actuación, así como do seu transporte ata o correspondente punto de almacenamento, ou calquera outra actividade, e calquera outro SRAP asinante deste convenio e autorizado para o mesmo material_ que opte por cumprir coas súas obrigacións mediante a sinatura dun acordo co SRAP que estea actuando baixo a mencionada modalidade «SRAP organiza total ou parcialmente», terá que aboarlle a este último a totalidade dos custos derivados da devandita recollida en calquera das formas na que esta se leve a cabo, ou calquera outra actividade, así como a totalidade dos custos de xestión nos que incorra o SRAP acollido á modalidade «SRAP organiza total ou parcialmente», incluídos os custos de estrutura, transferencia de coñecemento e outros custos indirectos nos que incorra o SRAP que estea a actuar baixo a modalidade «SRAP organiza total ou parcialmente» para a realización das operacións de xestión e un custo complementario en concepto de gastos de aplicación do devandito acordo que estará constituído por unha porcentaxe do total dos custos imputables ao SRAP que non estea a actuar baixo a modalidade «SRAP organiza total ou parcialmente», o cal será establecido no correspondente acordo de xestión entre ambos os SRAP. Tales custos deberán ser debidamente xustificadas e desagregados por conceptos polo SRAP que estea a actuar baixo a modalidade «SRAP organiza total ou parcialmente».

DÉCIMO QUINTA. INTEGRIDADE E EFICACIA

A sinatura deste convenio por cada un dos SRAP de residuos de envases de vidro queda condicionada á plena vixencia da correspondente autorización do SRAP, de acordo coa normativa específica de aplicación.

Este convenio e os anexos que o acompañan e que forman parte íntegra del constitúen un único documento, completo, que recolle íntegramente o acordo entre as partes, e substitúe, derroga e deixa sen efectos calquera outro acordo verbal ou por escrito e referido ao mesmo obxecto ao que chegasen as partes con anterioridade á data da sinatura deste convenio.

As estipulacións integrantes son interdependentes entre elas. Se por derogación ou modificación da lexislación vixente algunha das estipulacións tivese que ser modificada ou perdese a súa eficacia, será revisada e modificada, de ser posible, mantendo plena vixencia o resto do convenio conforme o pactado.

E, en proba de conformidade co anteriormente exposto, as partes ratifícanse no seu contido e obríganse ao seu cumprimento e, por iso, asinan este convenio, para un só efecto, no lugar e día sinalados na sinatura electrónica.

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático O representante da Sociedad Ecológica para el Reciclado de los Envases de Vidrio Ángeles Vázquez Mejuto José Manuel Núñez-Lagos Bau

ANEXO 1 - Información entre as partes asinantes e entidades adheridas

As partes asinantes deste convenio, sen prexuízo doutras obrigacións de carácter informativo reguladas na Lei 7/2022, do 8 de abril, e no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, deberán informar a través de correo electrónico sobre o cumprimento das obrigacións acordadas neste convenio e comunicarllo por medios electrónicos á Comisión de Seguimento.

Obrigacións para os SRAP

- a) Informar a Comisión de Seguimento das propostas de acordos con outros SCRAP.*
- b) Comunicarlles ás partes asinantes do convenio a empresa ou empresas adxudicatarias da recollida separada cando a xestión dos residuos de envases se leve a cabo polo sistema de responsabilidade ampliada do produtor (modalidade «SRAP organiza totalmente e Financia»).*
- c) Comunicarlles ás partes asinantes do convenio o sistema de designación dos xestores dos materiais recuperados.*
- d) Informar na Comisión de Seguimento das campañas ou outras actuacións de comunicación, información, educación e sensibilización ambiental realizadas en xestión de residuos de envases.*
- e) Informar as partes asinantes do convenio das modificacións que puidesen producirse nas súas autorizacións e que tivesen efecto sobre as disposicións deste.*

Obrigacións para a Comunidade Autónoma

- a) Comunicarlles ás EELL a sinatura deste convenio tan pronto como se produza.*
- b) Informar os SRAP asinantes do convenio de todas as adhesións de EELL que se produzan.*
- c) Informar os SRAP que son parte do convenio e a todas as EELL adheridas da adhesión doutros SRAP autorizados para residuos de envases.*
- d) Intercambiar coas EELL adheridas e os SRAP asinantes calquera información na materia obxecto do convenio, en particular a relativa aos resultados que se vaian obtendo na recollida separada e xestión de residuos de envases na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Obrigacións para as EELL

- a) Remitirle á Consellería o modelo de adhesión a este, debidamente asinado no formato e na forma establecidos neste convenio.
- b) Comunicarlle o cambio de modalidade de xestión, cun mes de antelación, á Consellería e aos SRAP que puidesen estar afectados conforme o establecido no anexo 8.3.
- c) Facilitarlle ao SRAP a seguinte información, coa periodicidade establecida, de acordo coa seguinte táboa, e para calquera modalidade de recollida de residuos de envases de vidro, por exemplo «porta por porta» (domiciliario e canle Horeca).

Servizo Información que debe enviarse ao SRAP Periodicidade

Recollida

- _ Identificación da ruta: código único da operativa de recollida (número de viaxe).
 - _ Data de realización da ruta.
 - _ Codificación do lote.
 - _ Matrícula do vehículo de recollida.
 - _ ID do contedor: matrícula única de cada contedor recollido.
 - _ Xeoposición de contedores: coordenadas de posición de cada un dos contedores recollidos (ou establecementos no caso de recollidas «porta por porta» da canle Horeca).
 - _ Concello: código INE do concello no que se produce a recollida do contedor.
 - _ Toneladas por contedor: peso da carga de cada contedor recollido.
 - _ Selo temporal de recollida: hora de descarga de cada contedor recollido (hora e minuto).
 - _ Toneladas totais recollidas: suma das toneladas recollidas na ruta realizada.
 - _ Execución de alta ou baixa de contedores (instalación de novos puntos ou retirada definitiva de contedores).
 - _ Alta ou baixa de establecementos no caso de recollidas «porta por porta» na canle Horeca.
 - _ Incidencias relacionadas coa calidade dos REV Diariamente (ao día seguinte) *Recollida*
 - _ Cando os contedores sexan propiedade do SRAP, listaxe de contedores inservibles retirados da vía pública (indicando matrícula, fabricante e modelo).
 - _ Cando os contedores sexan propiedade do SRAP, listaxe de contedores fóra de uso entregados ao xestor autorizado (indicando matrícula, fabricante e modelo).
 - _ Cando os contedores sexan propiedade do SRAP, listaxe de contedores entregados a entulleiras/depósitos (indicando matrícula, fabricante e modelo).
 - _ Cando os contedores sexan propiedade do SRAP, listaxe de todos os contedores acumulados en campa (indicando matrícula, fabricante e modelo). Mensualmente (antes do día 15 do mes seguinte)
- Recollida* _ Detalle do censo de contedores da súa zona indicando Trimestralmente

Servizo Información que debe enviarse ao SRAP Periodicidade

as características específicas de cada contedor (ID, contedor, xeoposicionamento, modelo contedor e capacidade).(antes do día 15 domes seguinte)

Recollida _ Frecuencia de recollida de cada concello. Anualmente (antes do 31 de xaneiro)

Almacenamento dos REV

Datos de entrada de cada camión na explanada que consten no albará (datos do ticket da báscula), desagregando esta información por toneladas e concellos, e datos recollidos polo camión na súa ruta de recollida contedor a contedor:

- _ Matricula do vehículo.*
- _ Codificación do lote.*
- _ Identificación da ruta (número de viaxe).*
- _ Selo temporal.*
- _ Toneladas recollidas por concello.*
- _ Código INE do concello.*
- _ Toneladas totais por ruta.*

Datos de saídas de vidro da explanada (datos do ticket da báscula):

- _ Matricula do vehículo.*
 - _ Codificación do lote.*
 - _ Selo temporal.*
 - _ Toneladas totais. Diariamente (ao día seguinte) Almacenamento dos REV*
 - _ Comunicar o estado de enchido da explanada (sempre que o SRAP llo solicite) e avisar sempre que a explanada estea a chegar ao límite da súa capacidade. Puntualmente Almacenamento de REV*
 - _ Contrastar os datos enviados diariamente, en toneladas, da suma dos albarás do mes, da maneira indicada polo SRAP, nos cinco (5) primeiros días naturais de cada mes.*
 - _ Cantidade de material almacenado en cada explanada. Mensualmente (antes do día 15 do mes seguinte)*
- Limpeza de contedores*
- _ Codificación do lote (convenio asociado).*
 - _ Matricula do vehículo que realiza a limpeza de contedores. Mensualmente (antes do día 15 do mes seguinte)*

Servizo Información que debe enviarse ao SRAP Periodicidade

- _ ID do contedor: matrícula única de cada contedor que foi obxecto de limpeza.*
 - _ Xeoposición de contedores: coordenadas de posición de cada un dos contedores que foron obxecto de tarefas de limpeza.*
 - _ Selo temporal de limpeza: día e hora no que se realizou a limpeza de cada contedor.*
 - _ Fotografía do antes e o despois do servizo de limpeza de cada un dos contedores.*
 - _ Identificación da ruta (número de viaxe).*
 - _ Planificación das limpeza para o próximo mes. Listaxe con ID contedor, xeoposición, lote, concello etc.*
- Limpeza de contedores*
- _ Planificación anual das limpeza para o próximo ano. Listaxe con concello e mes no que se vai limpar.*
- Anual (antes do 31 de xaneiro) Mantemento de contedores*
- _ Codificación do lote.*
 - _ Matricula do vehículo que realiza o mantemento.*
 - _ ID do contedor: matrícula única de cada contedor que sexa obxecto de actividades de mantemento.*
 - _ Xeoposición de contedores: coordenadas de posición de cada un dos contedores que sexan obxecto de tarefas de mantemento.*
 - _ Selo temporal de mantemento: día e hora no que se realizou o mantemento de cada contedor.*
 - _ Categorización do mantemento realizado.*
 - _ Fotografía do antes e do despois do servizo de mantemento de cada un dos contedores.*

- _ Execución de desprazamentos, substitucións e/ou instalacións de contedores.
- _ Identificación da ruta (número de viaxe). Mensualmente (antes do día 15 do mes seguinte) Pegada de carbono
- _ Número de vehículos por servizo (recollida, limpeza e mantemento).
- _ Tipo de combustible por vehículo.
- _ Quilómetros percorridos por servizo (recollida, limpeza e mantemento).
- _ Litros de combustible consumidos por servizo (recollida, limpeza e mantemento). Anual (antes do 31 de xaneiro)

ANEXO 2 - Copia da autorización dos SRAP de envases de vidro

ANEXO 3 - Compensacións económicas pola xestión dos envases de vidro

1. Obxecto

Este anexo ten por obxecto determinar as cantidades que o SRAP deberá aboarlles ás entidades locais ou ás plantas de tratamento, segundo corresponda, en relación coa xestión dos residuos de envases de vidro responsabilidade do SRAP e incluídos no seu ámbito de actuación, de acordo co previsto na normativa aplicable.

2. Cantidades que o SRAP debe aboarlles ás entidades locais ou á planta de tratamento, segundo corresponda

As cantidades que o SRAP debe aboarlles ás entidades locais ou ás plantas de tratamento, segundo corresponda, son as indicadas a continuación.

2.1. Recollida separada, transporte ata a explanada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP, limpeza e mantemento dos contedores

O SRAP aboaralles o custo da recollida separada e o transporte ata a explanada dos residuos de envases de vidro responsabilidade do SRAP e incluídos no seu ámbito de actuación ás entidades locais adheridas ao convenio marco conforme a modalidade «SRAP organiza parcialmente e Financia» ou «SRAP non organiza, só Financia», así como da limpeza e do mantemento dos contedores.

Para a determinación do devandito custo, considerarase o peso total dos residuos de envases de vidro recollidos nos contedores situados na vía pública (aplicándolle a porcentaxe de responsabilidade de cada SRAP) e o número de contedores instalados.

Para tales efectos, a facturación realizarase a partir das cantidades reflectidas nos tickets da báscula da explanada no momento da entrada dos residuos de envases de vidro. Tales explanadas son (sen prexuízo de futuras modificacións) as seguintes:

NIMA

1500021192

1500005628

1500002681

1500060612

1500024199

1500023524

2700004277

3600107992

3600002086
3600037543
3600006850
3600094856
3200040684
3200029036
2700040187
3200027790

O custo da recollida separada e o transporte ata a explanada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP, así como dos servizos de limpeza e mantemento de contedores, inclúe os seguintes conceptos, de acordo co previsto no artigo 34 e o anexo XI do Regulamento de envases:

- (i) Amortización dos vehículos
- (ii) Gasto en combustible dos vehículos
- (iii) Limpeza e mantemento dos vehículos
- (iv) Seguros e impostos dos vehículos
- (v) Limpeza e mantemento dos contedores (entendida como o lavado exterior do contedor)
- (vi) Custo de persoal
- (vii) Gastos xerais e beneficio industrial da empresa que presta o servizo

O custo da recollida separada, transporte ata a explanada dos residuos de envases de vidro responsabilidade de cada SRAP e incluídos no seu ámbito de actuación, e limpeza e mantemento de contedores por tipo de concellos é o seguinte:

RURALIDAD Distancia a planchada (km) €/t totais propostos €/t Recollida €/t Almacenamento e báscula €/t Limpeza €/t Mantemento €/t Xestión e supervisión

Rural 0-50 **58,50** 37,90 7,76 10,52 0,53 1,80
Rural 50-75 **66,09** 45,02 8,26 9,86 0,73 2,21
Rural 75-100 **69,89** 49,05 8,28 9,52 0,70 2,34
Rural >100 **71,27** 49,03 8,54 10,47 0,81 2,42
Semiurbano 0-50 **40,60** 26,49 6,70 6,02 0,29 1,09
Semiurbano 50-75 **43,13** 28,43 6,89 6,23 0,34 1,23
Semiurbano 75-100 **50,41** 36,15 6,94 5,54 0,27 1,51
Semiurbano >100 **54,43** 40,53 6,91 5,10 0,26 1,63
Urbano 0-50 **32,78** 20,99 6,45 4,31 0,20 0,82
Urbano 75-100 **38,86** 28,02 6,53 3,10 0,14 1,07
Megaurbano 0-50 **31,57** 21,89 6,42 2,33 0,10 0,83
Megaurbano 50-75 **35,88** 24,38 6,40 3,99 0,18 0,93
Megaurbano >100 **39,04** 28,62 6,52 2,70 0,12 1,08

— A entidade local, segundo corresponda, deberá acreditar fidedignamente o importe de cada un dos conceptos antes referidos (fundamentalmente a limpeza e o mantemento dos contedores). O concepto de almacenamento e báscula aplicaráselles a aqueles concellos que xestionen o almacenamento. O SRAP estará facultado para lle esixir á entidade local, segundo corresponda, a realización dunha auditoría por un experto independente destinada a verificar a correcta realización dos referidos servizos, co obxecto de determinar, se procede, o pago destes. Se os devanditos servizos non son acreditados fidedignamente, o

SRAP non aboará os importes asociados.

2.2 Reciclaxe dos residuos de envases de vidro recollidos selectivamente

O SRAP aboaralles o custo neto do tratamento e reciclaxe dos residuos de envases de vidro responsabilidade do SRAP e incluídos no seu ámbito de actuación ás entidades locais adheridas ao convenio marco conforme a modalidade «SRAP non organiza, só Financia». Este custo sumarase ao importe considerado no apartado 2.1.

Para o cálculo do custo neto, utilizarase o prezo medio resultante do último concurso de venda de material do SRAP con respecto aos lotes da Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso de non existiren os devanditos lotes, o prezo medio da poxa no ámbito nacional.

Neste caso a entidade local debe:

- (i) Entregar os REV a unha planta de tratamento homologada polo SRAP.
- (ii) Entregar o calcín resultante a unha vidreira homologada polo SRAP.
- (iii) Emitir un certificado trimestral que garanta: (i) o tratamento nunha planta de tratamento homologada polo SRAP dos REV recollidos de forma selectiva e (ii) a reciclaxe dos devanditos residuos nunha vidreira homologada polo SRAP, conforme o modelo establecido no anexo 11.4.
- (iv) Entregar o certificado de homologación como provedor do SRAP da planta de tratamento e da vidreira onde serán tratados/reciclados os REV.

2.3 Adquisición de contedores para a recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP

Os contedores poderán ser adquiridos polas entidades locais adheridas a este convenio:

1. Entidade local adquire os contedores.

Cando as EELL estean adheridas a este convenio conforme a modalidade «SRAP organiza parcialmente e Financia» ou «SRAP non organiza, só Financia», poderán adquirir directamente os contedores que sexan necesarios para a correcta xestión dos residuos no seu territorio e a devandita adquisición será Financiada polos SRAP.

O devandito Financiamento terá como único fin alcanzar os obxectivos de reciclaxe e recollida separada de residuos de envases de vidro previstos nos artigos 10 e 29 do Regulamento de envases. A entidade local, tendo en conta os contedores xa instalados, comprométese a avaliar os plans de contenerización propostos polo SRAP, de acordo co establecido neste convenio, e a adquirir e destinar anualmente á recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP o número de contedores que resulte do devandito plan, unha vez consensuado. Os contedores serán propiedade da entidade local e deberán cumprir coas características mínimas de deseño descritas no anexo 7.

Do mesmo xeito que para o resto das partidas que se van Financiar, o SRAP aboará a súa porcentaxe (%) de responsabilidade de acordo coa súa cota de adhesión.

A entidade local deberá repoñer os contedores que non poidan seguir utilizándose por outros novos e/ou reacondicionados, coa condición de que a devandita reposición se refira a contedores en uso e que, polo tanto, contribúan á consecución dos obxectivos de reciclaxe e recollida separada. Esta reposición estará limitada, durante o período de duración do convenio, a un máximo do cinco por cento (5 %) anual do parque de contedores instalado no momento da sinatura do convenio. A entidade local deberá entregarlle ao SRAP a documentación que acredite: (i) os contedores repostos e (ii) a causa da súa reposición. O SRAP só aboará o custo equivalente dos contedores novos empregados para reposición cando a entidade

local acredite suficientemente os dous extremos antes referidos. Os contedores repostos serán aqueles que non sexan aptos para cumprir a súa función e acreditarase mediante a entrega ao SRAP dun informe que conteña os datos e a información fotográfica necesaria para reflectir a situación dos devanditos contedores. O SRAP potenciará a reparación de contedores retirados.

O SRAP non aboará en ningún caso un cambio xeneralizado do parque de contedores da entidade local, na medida en que o devandito cambio iría máis aló dunha «boa relación custo-eficiencia en termos económicos, sociais e ambientais» (artigo 23.4 do Regulamento de envases). O SRAP tampouco se fará cargo da reposición ou Financiamento de contedores que haxa que repoñer debido a roturas producidas por unha mala praxe da recollida doutras fraccións de residuos, por exemplo, roturas producidas por camións de recollida de carga lateral de contedores adxacentes aos de vidro. As entidades locais tentarán evitar esas malas praxes, que, de ser o caso, se identificarán, e solicitaralle reparación ao responsable do dano.

O SRAP aboaralle á entidade local os seguintes conceptos, de acordo coa súa porcentaxe (%) de responsabilidade:

_ Adquisición dos contedores acordados polas partes nas reunións mantidas para ese efecto, co fin de alcanzar os obxectivos de reciclaxe e recollida separada de residuos de envases de vidro. O custo dos contedores nunca será superior ao aboado polo SRAP aos adxudicatarios dos procedementos públicos que convoca para contratar a subministración de contedores destinados á recollida separada de residuos de envases de vidro na Comunidade Autónoma.

_ Reparación, valorización ou eliminación dos contedores retirados por non poder cumprir xa a súa función, coa limitación prevista do 5_% do parque actual no momento da sinatura do convenio. O custo será financiado polo

SRAP tras o acordo entre as partes das condicións nas que se realicen estes servizos.

_ Reposición dos contedores, ata un máximo do cinco por cento (5 %) anual, segundo o indicado nesta cláusula.

_ Gastos xerais e beneficio industrial da empresa que presta o servizo. Este concepto do mesmo xeito está incluído no custo aboado polo SRAP aos adxudicatarios dos procedementos públicos que convoca para contratar a subministración de contedores destinados á recollida separada de residuos de envases de vidro na Comunidade Autónoma.

A entidade local deberá acreditar fidedignamente o importe de cada un dos conceptos antes referidos. O SRAP estará facultado para esixirle á entidade local a realización dunha auditoría por un experto independente destinada a verificar a correcta realización dos referidos servizos, co obxecto de determinar se procede o pago destes. Se os devanditos servizos non son acreditados fidedignamente, o SRAP non aboará os importes asociados.

2. Cando sexa o SRAP quen adquira directamente os contedores.

Co fin de alcanzar os obxectivos de reciclaxe e recollida separada de residuos de envases de vidro previstos nos artigos 10 e 29 do Regulamento de envases, o SRAP, en coordinación coa entidade local, tendo en conta os contedores xa instalados, comprométese a adquirir e destinar anualmente á recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no seu ámbito de actuación o número de contedores novos e/ou reacondicionados que Finalmente acorden ambas as partes. A propiedade dos contedores corresponderalle ao SRAP.

O SRAP repoñerá os contedores que non poidan seguir utilizándose por outros novos e/ou reacondicionados, coa condición de que a devandita reposición corresponda a contedores en uso e que, polo tanto, contribúan á consecución dos obxectivos de reciclaxe e recollida separada. Esta reposición

estará limitada, durante o período de duración do convenio, a un máximo do cinco por cento (5%) anual do parque de contedores instalado no momento de sinatura do convenio. O SRAP non asumirá en ningún caso un cambio xeneralizado do parque de contedores da entidade local. Os contedores repostos serán exclusivamente aqueles que non sexan aptos para cumprir a súa función.

O SRAP daralle, en todo caso, prioridade á utilización de contedores reacondicionados (fronte a contedores novos), para promover a economía circular e garantir a sostibilidade da súa operativa, e sempre que esta reparación se poida realizar de maneira eficiente. Para levar a cabo os traballos de reacondicionamento, a entidade local deberá poñer á disposición do SRAP instalacións adecuadas para o devandito propósito. No que aos contedores reacondicionados se relire, o SRAP garantirá a funcionalidade e a durabilidade mecánica dos seus compoñentes, así como a súa imaxe exterior, para lograr unha correcta prestación do servizo. As características dos contedores novos serán determinadas polo SRAP, en liña cos procedementos públicos que convoca para contratar a subministración de contedores destinados á recollida separada de residuos de envases de vidro.

O SRAP non aboará en ningún caso nin se fará cargo da xestión e eliminación de contedores retirados, sexan ou non da súa propiedade, cando esta retirada sexa derivada dunha decisión da entidade local do cambio xeneralizado do parque de contedores ou cando o motivo sexa a extinción deste convenio.

2.4 Residuos de envases de vidro efectivamente recuperados da fracción resto en plantas de residuos urbanos

Este apartado recolle toda a información relativa ao Financiamento da clasificación e recuperación de residuos de envases de vidro presentes na fracción resto a partir da selección en plantas de residuos urbanos, xa sexa:

- _ Recuperación manualmente mediante triaxe por operarios da instalación de tratamento de residuos urbanos.
- _ Recuperación de maneira automática mediante maquinaria específica.
- _ Recuperación de residuos de envases de vidro efectivamente separados que cumpran as especificacións de calidade necesarias que permitan a súa posterior reciclaxe, procedentes dos procesos de tratamento mecánico levados a cabo en plantas de tratamento da fracción resto dos residuos urbanos.

En calquera dos Fluxos de selección prevese que existan dúas modalidades de prestación de servizos, descritas a continuación:

- _ Modalidade A : denominada «Só selección», pois é a Comunidade Autónoma (a través da planta de tratamento) quen se fará cargo da reciclaxe. A selección consistirá na execución dos seguintes servizos:
 - (i) Separación dos REV incluídos dentro do ámbito de actuación do SRAP que chegan á planta de RU.
 - (ii) Entrega dos REV a unha planta de tratamento homologada polo SRAP.
 - (iii) Entrega do calcín resultante a unha vidreira homologada polo SRAP.
 - (iv) Emisión dun certificado mensual dos REV clasificados pola planta de RU conforme o modelo establecido no anexo 11.3.
 - (v) Emisión dun certificado trimestral que garanta: (i) o tratamento nunha planta de tratamento homologada polo SRAP dos REV que foron previamente clasificados e separados na planta de RU e (ii) a reciclaxe dos devanditos residuos nunha vidreira homologada polo SRAP, conforme o modelo establecido no anexo 11.4.
 - (vi) Entrega do certificado de homologación como provedor do SRAP da planta de tratamento e da vidreira onde serán tratados/reciclados os REV.

- _ Modalidade B : denominada «Selección e venda dos REV ao SRAP», que consistirá na execución dos

seguintes servizos por parte da Comunidade Autónoma (a través da planta de tratamento):

- (i) Clasificación e separación dos REV incluídos dentro do ámbito de actuación do SRAP que chegan á planta de RU.
- (ii) Entrega dos REV ao SRAP para que se faga cargo da súa reciclaxe. Esta entrega estará suxeita á porcentaxe de responsabilidade do SRAP (toneladas de envases de vidro dun só uso de empresas produtoras adheridas ao SRAP/total de toneladas de envases de vidro dun só uso declaradas no Rexistro de Produtores).
- (iii) Emisión dun certificado mensual dos REV clasificados pola planta de RU, conforme o modelo establecido no anexo 11.3.
- (iv) O SRAP garantirlle á planta de RU que os REV, sempre que cumpran coas especificacións de calidade esixidas, serán recollidos na planta de RU coa periodicidade necesaria para que non colapse a súa capacidade de almacenaxe.
- (v) Os REV que se entreguen ao SRAP deberán cumprir as especificacións de calidade que se indican no anexo 7.
- (vi) No caso de que non se cumpran as especificacións de calidade antes referidas, o SRAP reserva para si o dereito a non recibir estes residuos e a planta de RU comprométese a facerse cargo da súa reciclaxe. As especificacións administrativas e técnicas atópanse no anexo 7.

Conceptos de facturación

O SRAP aboará os seguintes custos segundo o establecido no Regulamento de envases:

- (i) Custo da recollida e do transporte ata a planta de residuos urbanos dos REV responsabilidade do SRAP e incluídos no seu ámbito de actuación procedentes da fracción resto que fosen efectivamente recuperados.
- (ii) Custo da selección dos REV responsabilidade do SRAP e incluídos no seu ámbito de actuación procedentes da fracción resto depositados en plantas de residuos urbanos que fosen efectivamente recuperados.

Os devanditos custos incluírán os seguintes conceptos:

1. Amortización das infraestruturas e dos equipos.
2. Custo do persoal.
3. Custo da operación.
4. Gastos xerais e beneficio industrial da empresa que presta o servizo.

Segundo o previsto no artigo 34.1 b) do Real decreto 1055/2022, o SRAP aboará o cincuenta por cento (50 %) dos custos anteriormente referidos cando se alcancen os obxectivos de recollida separada establecidos no artigo 29.2 do mesmo regulamento.

Neste caso, o aboamento realizarase directamente á planta de tratamento.

No caso de non alcanzarse os devanditos obxectivos, o SRAP aboará a totalidade dos custos, que se distribuirán do seguinte modo:

O 50 % aboaráselle directamente á planta de tratamento.

O 50 % restante destinarase a Financiar accións de comunicación e sensibilización, que serán acordadas no seo da Comisión de Seguimento do convenio, co obxectivo de contribuír ao cumprimento dos obxectivos de recollida separada establecidos na normativa.

Importes de facturación en función do tipo de selección dos REV

O custo da selección dos REV procedentes da fracción resto en plantas de residuos urbanos, segundo o establecido anteriormente, será o seguinte:

1. Selección manual:

Modalidade A: corenta euros por tonelada (40 €/t).

Modalidade B: cincuenta euros por tonelada (50 €/t).

A planta de tratamento terá que certificar a entrega dos REV efectivamente recuperados mediante a modalidade A a un reciclador homologado polo SRAP, para garantir deste xeito a rastrexabilidade dos REV ata a súa reciclaxe. Con todo, o SRAP poderá realizar auditorías por un terceiro independente para garantir a rastrexabilidade dos REV.

Os REV efectivamente recuperados na modalidade B terán que cumprir coas especificacións de calidade reguladas no anexo 7.3, así como certificar a súa entrega a un reciclador homologado polo SRAP. Con todo, o SRAP poderá realizar auditorías por un terceiro independente para garantir a rastrexabilidade dos REV.

2. Selección automática

Modalidade A:

t/ano	€/t
1.500	90 €
2.000	75 €
2.500	70 €
3.000	65 €
4.000	55 €

Modalidade B:

t/ano	€/t
1.500	100 €
2.000	85 €
2.500	80 €
3.000	75 €
4.000	65 €

A planta de tratamento terá que certificar a entrega dos REV efectivamente recuperados mediante a modalidade A a un reciclador homologado polo SRAP, para garantir deste xeito a rastrexabilidade dos REV ata a súa reciclaxe. Con todo, o SRAP poderá realizar auditorías por un terceiro independente para garantir a rastrexabilidade dos REV.

Os REV efectivamente recuperados na modalidade B terán que cumprir coas especificacións de calidade reguladas no anexo 7.2, así como certificar a súa entrega a un reciclador homologado polo SRAP. Con todo, o SRAP poderá realizar auditorías por un terceiro independente para garantir a rastrexabilidade dos REV.

Diminucións

Nos contratos de modalidade A, a planta de tratamento comprométese fronte ao SRAP a que as diminucións do tratamento dos REV obtidos na planta de RU non superarán o dez por cento (10 %). Para os efectos de garantir o cumprimento deste compromiso, a planta de tratamento incluírá as previsións que correspondan no contrato que subscriba coa planta de tratamento á que lle entregue os REV obtidos na planta de RU.

Residuos de envases de vidro recuperados en Sogama

Dado que actualmente na Comunidade autónoma de Galicia se mantén un contrato vixente con Sogama, tras a revisión conxunta de custos, o acordo de linanciamento dos residuos de envases de vidro efectivamente recuperados da fracción resto en plantas de residuos urbanos é de 98 €/t. Este importe cubrirá todos os custos establecidos no Real decreto 1055/2022, de maneira que, no caso se alcanzaren as taxas de recollida separada, se lle aboará o 50% do Financiamento á planta de tratamento. Este importe non se verá actualizado en toda a vixencia do presente convenio.

Adicionalmente, o SRAP realizará a xestión completa e_ valorización_do rexeitamento de vidro_ da planta de tratamento de Sogama, sempre que se considere, dentro do seo da Comisión de seguimento, que segue sendo técnica e economicamente eficiente a devandita valorización.

2.5 Residuos de envases de vidro efectivamente recuperados da limpeza de vías públicas

Cada SRAP aboará os seguintes custos con respecto aos residuos de envases de vidro responsabilidade do devandito SRAP efectivamente recuperados procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias:

1. Custo da recollida e do transporte ata a planta de residuos urbanos dos residuos de envases de vidro incluídos no seu ámbito de actuación procedentes da limpeza viaria que fosen efectivamente recuperados.
2. Custo da selección dos residuos de envases de vidro incluídos no seu ámbito de actuación procedentes da limpeza viaria que fosen efectivamente recuperados.

Os devanditos custos incluírán os seguintes conceptos:

1. Amortización das infraestruturas e dos equipos.
2. Custo do persoal.
3. Custo da operación.
4. Gastos xerais e beneficio industrial da empresa que presta o servizo.

Segundo o previsto no artigo 34.1 b) do Real decreto 1055/2022, o SRAP aboará o cincuenta por cento (50 %) dos custos anteriormente referidos cando se alcancen os obxectivos de recollida separada establecidos no artigo 29.2 do mesmo regulamento.

Neste caso, o aboamento realizaráselle directamente á planta de tratamento.

No caso de non se alcanzaren os devanditos obxectivos, o SRAP aboará a totalidade dos custos, que se distribuirán do seguinte modo:

- _ O 50 % aboaráselle directamente á planta de tratamento.
- _ O 50 % restante destinarase a Financiar accións de comunicación e sensibilización, que serán acordadas

no seo da Comisión de Seguimento do convenio, co obxectivo de contribuír ao cumprimento dos obxectivos de recollida separada establecidos na normativa.

A proposta de Financiamento deste apartado é considerar o mesmo importe por todas as toneladas que efectivamente se recuperen/reciclen a partir da xestión da planta de tratamento con independencia da orixe do fluxo.

3. Revisión de presos

De acordo co previsto no anexo X do Regulamento de envases, as cantidades aboadas polo SRAP ás entidades locais conforme o presente anexo revisaranse anualmente, de acordo coa variación dos seguintes parámetros:

(i) Partidas de custos suxeitas a variación do índice de prezos ao consumo (IPC), segundo os datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística:

- _ Custo de persoal dos servizos de:
- _ Recollida de residuos de envases de vidro.
- _ Limpeza de contedores.
- _ Mantemento de contedores.
- _ Seguros, mantementos, reparacións e consumibles dos servizos de:
- _ Recollida de residuos de envases de vidro.
- _ Limpeza de contedores.
- _ Mantemento de contedores.
- _ Almacenamento e carga dos residuos de envases de vidro.

Os prezos actualizaranse conforme a variación anual (de decembro a decembro) do IPC en España.

(ii) Partidas de custos suxeitas a variación do prezo do combustible, segundo os datos facilitados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana:

- _ Consumo de combustible dos servizos de:
- _ Recollida de residuos de envases de vidro.
- _ Limpeza de contedores.
- _ Mantemento de contedores.

Os prezos actualizaranse conforme á variación anual do prezo do combustible en España.

(iii) Para estandarizar a actualización das condicións económicas, establécese a porcentaxe que, respecto do total, representan os custos que se revisarán conforme os índices establecidos na presente cláusula:

- _ Porcentaxe de custos que se actualizarán conforme a variación do IPC: 45 %.
- _ Porcentaxe de custos que se actualizarán conforme a variación do prezo do combustible: 28 %.
- _ Porcentaxe de custos sen actualización: 27 %.

(iv) Variación dos custos da reciclaxe dos REV (recollida, limpeza e mantemento contedores, tratamento REV e recuperación vidro plantas RU) consecuencia da implementación de iniciativas de mellora da eficiencia (económica, social e ambiental).

(v) No caso da modalidade «SRAP organiza parcialmente e Financia» e «SRAP non organiza, só Financia»: bonus anual do 50_% sobre os prezos de Financiamento vixentes (€/t), correspondente ao incremento (%) na taxa de recollida separada da Comunidade Autónoma en comparación co obxectivo de mellora acordado para o ano por ambas as partes, e coa condición de que sexa consecuencia de plans de acción específicos adicionais acordados entre as partes. Isto é, se para un ano concreto a Comisión de Seguimento aproba un incremento da recollida separada na Comunidade Autónoma de X t e, cando peche o ano, a recollida foi de E t (e $E > X$), as t adicionais recollidas versus o obxectivo ($E-X$) serán bonificadas nun 50_%. Este incremento deberá xustificarse de maneira obxectiva.

ANEXO 4 - Facturación e pago

1. Facturación e pago

Con periodicidade mensual a entidade local emitirá unha prefactura, que subirá á plataforma electrónica de facturación, na que se desagregará cada un dos conceptos facturados, de acordo co previsto no anexo 3. Os conceptos deberanse axustar aos seguintes: servizo de recollida dos residuos de envases de vidro, servizo de limpeza e mantemento de contedores, e/ou carga e almacenamento.

A facturación realizarase a través dunha plataforma única habilitada para o efecto, que centralizará a emisión de facturas dirixidas aos SRAP de envases de vidro. Esta plataforma dividirá a prefactura emitida polas entidades locais entre os SRAP en función da cota de adhesión, tal como se indica na cláusula 4.3.

As cantidades que o SRAP deba aboarlle á entidade local aplicaráselles o tipo de imposto sobre o valor engadido (IVE/IXIC) correspondente.

As facturas mensuais deberán ser remitidas á plataforma única de facturación dentro dos primeiros quince (15) días do mes posterior á prestación do servizo facturado.

As facturas irán acompañadas da información detallada que permita verificar os conceptos facturados (por exemplo, os albarás da entrega dos residuos de envases de vidro na correspondente explanada, xunto cos tickets da báscula, detalle dos contedores limpados durante o mes, detalle dos contedores novos situados etc.).

En todo caso, o prazo de presentación das facturas non poderá exceder os doce (12) meses desde a Finalización do mes ao que se refiran, salvo que a causa do devandito atraso sexa imputable ao SRAP. Se transcorre o devandito prazo sen que a entidade local emitise a factura, prescribirá o dereito desta última para esixirlle o pago ao SRAP.

O SRAP non tramitará as facturas ata que a entidade local lle remita a documentación que sexa necesaria para xustificar os conceptos facturados. O prazo de doce (12) meses ao que se fai referencia no parágrafo precedente empezará a aplicarse unha vez que transcorra un (1) mes desde que o SRAP lle solicite á entidade local a citada documentación.

A entidade local enviará as facturas ao portal de provedores desenvolto para tal fin.

O SRAP poderá regularizar os erros detectados na facturación no prazo de doce (12) meses desde a súa emisión.

Con respecto ás toneladas recuperadas das plantas de residuos urbanos, a facturación dos servizos de clasificación e separación dos REV faranse mensualmente en función dos tickets emitidos pola báscula da planta de RU á saída dos REV. A factura emitirase polo importe correspondente ás toneladas dos REV retiradas por un xestor autorizado (garantindo, en todo caso, a súa rastrexabilidade) da planta de RU, aplicando o prezo que se determine de conformidade co exposto no anexo 3.

No caso de existiren discrepancias en relación coas saídas dos REV da planta de RU, o SRAP reserva para si o dereito de lle aboar á planta de tratamento a cantidade correspondente ao ticket emitido pola

báscula da instalación de destino á entrada dos REV, tendo sempre presente a porcentaxe de responsabilidade do SRAP.

En calquera caso, cada SRAP aboará a súa porcentaxe (%) de responsabilidade (toneladas de envases de vidro dun só uso de empresas produtoras adheridas a devandito SRAP/total de toneladas de envases de vidro dun só uso declaradas no Rexistro de Produtores).

2. Pago

O SRAP realizará o pago mediante transferencia bancaria no prazo de sesenta (60) días naturais desde a recepción das facturas completas, isto é, desde a recepción das facturas xunto coa documentación necesaria para xustificar os conceptos facturados.

ANEXO 5 - Condicións de prestación do servizo

1. Obxecto

Este anexo ten por obxecto regular as condicións de prestación do servizo de recollida de vidro, con independencia da modalidade de adhesión da entidade local.

2. Recollida separada e transporte ata a correspondente explanada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP

Tanto o SRAP coma as EELL, cando cada un deles sexa responsable da xestión de recollida e transporte dos residuos de envases de vidro, realizarán a recollida separada coa frecuencia necesaria para evitar o desbordamento dos contedores. En todo caso, adicionalmente, farase cargo tamén da recollida e limpeza dos eventuais desbordamentos.

Para garantir a calidade do servizo, farase un seguimento dos indicadores descritos a continuación, de tal maneira que permitan obxectivar os servizos prestados. As ratios aquí indicadas serán obxecto de actualización anual (por exemplo, para poder establecer adecuadamente a variación en número de contedores). Así mesmo, os obxectivos de cumprimento establecidos sobre estas ratios poderán ser obxecto de modificación ao longo do convenio, logo do acordo da partes, co obxecto de axustalos á realidade do servizo.

O SRAP/EELL, cando sexan responsables da xestión, recollerán os contedores saturados nun prazo máximo de vinte e catro (24) horas desde a recepción do aviso na área de soporte de incidencias. Se o aviso se produce en venres, dispoñerase dun prazo de vinte e catro (24) horas adicionais.

O SRAP/EELL, cando sexan responsables da xestión, adaptarán a prestación do servizo —sen comprometer a súa calidade— ás zonas de maior estacionalidade.

No caso de prestación do servizo por parte de Ecovidrio, a entidade local deberá comunicar todos os avisos relacionados co servizo a través de calquera das seguintes canles de comunicación oficiais:

- _ Teléfono: 900 555 700
- _ WhatsApp: 629 045 150
- _ Enderezo electrónico: atencion.ecovidrio@ecovidrio.es

No momento no que outro SRAP lle preste o servizo á Comunidade Autónoma, comunicarlles ás entidades locais adheridas a este convenio as canles de comunicación oficiais do devandito SRAP.

Os avisos que non se comuniquen no tempo e na forma oportunos mediante algunha destas canles non se poderán ter en conta no cálculo dos indicadores descritos a continuación.

3. Contedores

1. Dotación Co fin de alcanzar os obxectivos de reciclaxe e recollida separada dos residuos de envases de vidro previstos nos artigos 10 e 29 do Regulamento de envases, o SRAP, en coordinación coa Comunidade Autónoma ou a entidade local, segundo corresponda, tendo en conta os contedores xa instalados, comprométese a adquirir e destinar á recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no seu ámbito de actuación o número de contedores ao ano que Finalmente se acorde entre as partes dentro do seo da Comisión de Seguimento. A modo de referencia, o SRAP estima a seguinte ratio contedor (tipo Iglú)/habitantes:

- (i) En concellos urbanos: un (1) contedor por cada 250 habitantes.
- (ii) En concellos semiurbanos: un (1) contedor por cada 150 habitantes.
- (iii) En concellos rurais: un (1) contedor por cada 95 habitantes.
- (iv) Polo menos un (1) contedor por núcleo de poboación.

Con todo, en función das necesidades que se determinen en cada momento para poder alcanzar os obxectivos de recollida separada e reciclaxe, avaliarase:

- _ Reforzar a dotación de contedores (tipo Iglú) cando as características da zona o aconsellen.
- _ Outros posibles modelos de recollida separada para envases de vidro que redunden na mellora da recollida separada e reciclado (por exemplo, PaP no ámbito Horeca).
- _ Potenciais recolocacións de contedores, co obxectivo de mellorar as súas produtividades (kg/contedor).

2. Limpeza, mantemento e reposición.

O SRAP/EELL, cando sexan responsables da xestión, limparán os contedores do parque total de contedores na rúa cada ano dúas (2) veces ao ano con carácter xeral. Con todo, as partes poderán acordar unha redistribución do total das devanditas limpeza de acordo cos seguintes criterios obxectivos:

- _ Tamaño do concello, medido en número de habitantes xeradores.
- _ Dentro dun mesmo concello, número de recollidas por contedor/ano (levantadas).

O devandito valor é un indicador obxectivo do uso/xeración dos REV na devandita localización.

O SRAP/EELL, cando sexan responsables da xestión, faranse cargo do mantemento integral dos contedores e da reposición daqueles que chegasen ao linal da súa vida útil.

O SRAP/EELL, cando sexan responsables da xestión, repoñerán os contedores que non poidan seguir utilizándose por outros reacondicionados e/ou novos, coa condición de que a devandita reposición corresponda a contedores en uso e que, polo tanto, contribúan á consecución dos obxectivos de reciclaxe e recollida separada. Esta reposición estará limitada, en todo caso, a un máximo do cinco por cento (5 %) anual do parque de contedores instalado no momento da sinatura deste convenio. En circunstancias excepcionais (catástrofes, vandalismo etc.), o SRAP e a entidade local valorarán os danos e negociarán a repartición dos custos derivados da substitución dos contedores danados.

3. Tipoloxía dos contedores

O SRAP realiza a súa recollida mediante contedores tipo iglú de carga superior e dobre gancho. Existen diferentes modelos de contedores para a súa adaptación ás necesidades da recollida: diferentes formas e capacidades, adaptación á hostalería etc.

As características técnicas dos contedores adquiridos polo SRAP ou polas EELL atópanse no anexo 7.

ANEXO 6 - Campañas de comunicación

O SRAP aboaralle á Comunidade Autónoma ou á entidade local, segundo corresponda, a cantidade de 6 céntimos de euro (0,06 €) por habitante de poboación xeradora de custos e ano para a realización de campañas de información e sensibilización. O obxecto das devanditas campañas será informar e sensibilizar a cidadanía en relación coas obrigacións recollidas no Regulamento de envases e, en particular, fomentar a separación en orixe dos envases de vidro dun só uso co fin de mellorar a taxa de recollida separada destes.

Para os efectos do cálculo da devandita cantidade, propónse utilizar os resultados obtidos polo proxecto estatístico elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) sobre a carga de poboación estacional dos concellos de Galicia. Esta estatística representa a media trimestral de persoas equivalentes a tempo completo que realmente soporta un concello, calculada a partir da poboación residente, á que se suma o saldo poboacional entre os non residentes presentes (poboación de entrada) e os residentes ausentes (poboación de saída). A metodoloxía completa pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.ige.gal/web/controlador?idioma=é&operacion=mostrarmetodologias&tema=1000&actividade=158>

O importe do Financiamento achegado polos SRAP que non se execute nun exercicio acumularase para o exercicio seguinte. Os importes non executados no momento da Finalización do exercicio seguinte extinguiranse.

A Comisión de Comunicación do convenio elaborará dentro dos tres (3) primeiros meses de cada ano natural o programa anual de comunicación e sensibilización dentro do Plan xeral de comunicación e sensibilización en materia de residuos de envases de vidro aprobado para o período de vixencia do convenio.

No devandito plan de comunicación e sensibilización, adicionalmente á de 0,06 € por habitante de poboación xeradora, poderanse incluír outras campañas adicionais tales como:

- _ Información ao consumidor sobre medidas de prevención de residuos de envases e do abandono de lixo disperso, así como campañas de concienciación e información en materia de prevención.
- _ Campañas específicas de información (por exemplo, feiras e eventos municipais).
- _ Campañas de divulgación, para a mitigación de falsos mitos sobre a reciclaxe de envases de vidro.
- _ Campañas de sensibilización e mobilización dos establecementos Horeca.
- _ Campañas de sensibilización e mobilización dos fogares.

Estas campañas terán que ser aprobadas pola Comisión de Seguimento do convenio e Financiadas adicionalmente (á 0,06 €/hab. xerador) polos SRAP dentro do ámbito de actuación deste convenio. O Financiamento farase de acordo coa súa porcentaxe de responsabilidade (cota de adhesión de acordo ao Rexistro de Produtores de Produto), 45 As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código. CVE: cOD8X97GIBz8 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

revisado con carácter anual.

Así, a Comunidade Autónoma ou a entidade local, segundo corresponda, e en colaboración co SRAP, promoverán conxuntamente actuacións de concienciación e mobilización dirixidas a que a cidadanía colabore na recollida separada de residuos de envases de vidro no ámbito territorial da Comunidade Autónoma ou da entidade local.

O SRAP poderá xestionar directamente determinadas actuacións de información e sensibilización se así se establece no programa anual de información e sensibilización aprobado pola Comisión de Seguimento do convenio.

En relación con cada campaña de información e sensibilización, unha vez que se realice, emitírase un informe no que:

- (i) Se detallen coa máxima precisión o orzamento asignado, as actuacións realizadas, as datas, os medios e lugar/es de execución. O devandito informe acompañarase das facturas correspondentes.*
- (ii) Se realice unha valoración final exhaustiva dos resultados da campaña.*

As campañas de información e sensibilización axustaranse á política de comunicación responsable e á política de xestión de fondos destinados á comunicación do SRAP, así como á das outras partes participantes en cada campaña de información e sensibilización (entidade local e/ou comunidade autónoma).

O SRAP colaborará, ademais, no deseño e na entrega dos materiais divulgativos que a Comunidade Autónoma ou a entidade local vaia empregar para a promoción da recollida separada de residuos de envases de vidro. O grao de colaboración Fixarase na Comisión de Seguimento, aínda que o SRAP terá que revisar e aprobar calquera proposta de información e sensibilización que requira Financiamento do SRAP.

ANEXO 7 - Procedementos de seguimento e control de actividades

1. Calidade dos residuos de envases de vidro (REV) procedentes da recollida separada monomaterial de vidro

Os REV deben proceder de envases, isto é, botellas, botellos, tarros ou frascos. Quedan excluídos materiais que prexudican o proceso de reciclaxe como os seguintes:

_ Porcelana, cerámica, vidros diferentes ao de sosa e cal como o opal e os vidros de borosilicatos, gres, baldosas, terra, grava, cemento etc. Estes materiais son denominados infusibles, xa que funden no forno a temperaturas máis altas ca o vidro e isto prexudica a súa reciclaxe.

_ Todos os vidros especiais, como cristais blindados, parabrisas, pantallas de televisión ou de computador, lámpadas, fluorescentes, lámpadas de cristal, vaixelas, vidros opalinos, ampolas, espellos, cristais opacos e de cores, vitrocerámicas etc.

Son elementos disruptores que prexudican a reciclabilidade do vidro. De igual modo o son os elementos que poidan conter chumbo na súa composición ou outros metais pesados.

_ Elementos voluminosos e bolsas de plásticos: dificultan o baleirado do contedor e xeran atascos na planta de tratamento provocando perdas de vidro durante o proceso de reciclaxe. Adicionalmente, reducen a capacidade do contedor ocupando moito volume e provocando que o contedor se encha máis rápido, o

que diminúe drasticamente a súa capacidade de carga e rompe as frecuencias de recollida establecidas.

_ Elementos que acompañan o envase de vidro, pero que non son vidro, como cortizas, peches plásticos ou metálicos, cápsulas, tapas e tapóns son considerados impropios ou impurezas.

As especificacións de calidade que habitualmente cumpren os residuos de envases de vidro son as seguintes:

Especificacións de calidade

- a) Non conter máis do 5 %, en peso, dos REV cun tamaño inferior a 1 cm.
- b) Non conter máis do 2 %, en peso, de impropios.
- c) Non conter máis do 0,5 %, en peso, de materiais infusibles. Este 0,5 % considérase incluído dentro do 2 % citado no punto anterior.
- d) Non conter gravas miúdas, terras e outros finos.

2. Calidade dos REV recuperados da fracción resto en plantas de RU con selección automática de vidro

Para o caso de plantas de RU que dispoñen de selección automática dos REV, as condicións de calidade que debe cumprir o material recuperado, para que sexa entregado aos SRAP para a súa xestión e reciclaxe, son as detalladas a continuación:

3. Calidade dos REV recuperados da fracción resto en plantas de RU con recuperación manual de vidro

Para o REV recuperado en plantas de RU de maneira manual por triadores, as condicións de calidade que debe cumprir o material recuperado, para que sexa entregado aos SRAP para a súa xestión e reciclaxe, son as detalladas a continuación:

Especificacións de calidade dos REV - Plantas RU selección manual

- a) Non conter máis do 5 %, en peso, dos REV cun tamaño inferior a 1 cm.
- b) Non conter máis do 2 %, en peso, de impropios.
- c) Non conter máis do 0,5 %, en peso, de materiais infusibles. Este 0,5 % considérase incluído dentro do 2 % citado no punto anterior.
- d) Non conter gravas miúdas, terras e outros finos

4. Método de mostraxe e control de calidade

A calidade dos REV determina a eficacia e a eficiencia do proceso de reciclaxe do devandito material, polo que é crucial ter un control de calidade que a asegure. Polo tanto, con obxecto de asegurar a calidade dos REV recuperados, o SRAP realizará un plan de caracterizacións anual en cada planta de tratamento de vidro, así como nas explanadas, que estableza o número de mostraxes necesarias para asegurar a máxima calidade do calcín e coñecer a porcentaxe de impropios da devandita recollida, tendo en conta as directrices do protocolo de caracterización elaborado no seo do Ministerio para a

Especificacións de calidade dos REV - Plantas RU selección automática

- a) Non conter máis do 5 %, en peso, dos REV cun tamaño inferior a 1 cm.

- b) Non conter máis do 2,5 %, en peso, de impropios.
- c) Non conter máis do 1,5 %, en peso, de materia orgánica. Este 1,5_% considérase incluído dentro do 2,5 % citado no punto anterior.
- d) Non conter máis do 0,6 %, en peso, de materiais infusibles, dos cales un máximo do 0,3 %, en peso, serán infusibles rodantes (pedras, gravas miúdas...). Este 0,6 % considérase incluído dentro do 2,5 % citado no punto anterior.

Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico: *Caracterización normalizada de residuos municipais.*

A partir dos REV almacenados nun camión procedente da recollida separada dos REV, o SRAP poderá realizar unha caracterización á entrada da explanada e/ou da planta de tratamento dos REV para determinar a calidade do devandito material. Co fin de conseguir unha mostra o máis homoxénea e representativa posible, os traballos desenvólvense seguindo a seguinte metodoloxía:

- _ Limpeza da superficie de traballo e descarga do material da recollida por vehículo recolledor na zona habilitada pola planta, que haberá de ser unha superficie lisa e pavimentada.
- _ Homoxeneización e separación de 1.000 kg do total dos residuos de envase de vidro recibidos, mediante medios mecánicos.
- _ Realización dun cuarto do material.
- _ Toma de 50 kg aproximadamente de cada cuarto. Obtención da mostra Final de 200 kg aproximadamente.
- _ Peneirado da mostra de forma manual, luz de malla 10 mm e separación de materiais.

O material inferior a 10 mm non se caracteriza.

- _ Verificación de materiais separados e realización da reportaxe fotográfica.
- _ Anotación dos resultados de cada mostraxe na licha de caracterización de entrada de envases de vidro e sinatura da persoa responsable da caracterización.

Cada mostra clasifícase en:

- _ Envase de vidro
- _ Vidro non envase (plano, lámpadas...)
- _ Resto (< 10 mm)
- _ PET (polietilenteretálico)
- _ PVC (policloruro de vinilo)
- _ PEAD (polietileno de alta densidade)
- _ Filme (polietileno de baixa densidade)
- _ Outros plásticos (polipropileno, poliestireno...)
- _ Papel/Cartón (con punto)
- _ CBA (cartón para bebidas e/ou alimentos)
- _ Metais magnéticos
- _ Metais non magnéticos
- _ Materia orgánica
- _ Cortiza
- _ Cerámica
- _ Opal envase
- _ Resto de infusibles (porcelana, pedras etc.)
- _ Outros (têxtil, líquidos...)

Este protocolo deberá estar aliñado coas directrices do protocolo de caracterización elaborado no seo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico: [Caracterización normalizada de residuos municipais](#).

Unha vez concluída a caracterización, o SRAP elaborará un informe no que se inclúe o detalle do traballo realizado e as conclusións obtidas. Cada informe virá acompañado da ficha de campo cos resultados da mostraxe, así como dunha reportaxe fotográfica da actividade realizada.

5. Boas prácticas recomendadas para preservar a calidade dos REV

Os REV teñen, de media, unha porcentaxe de impropios reducida (menos do 2 %). Con todo, esa porcentaxe pode variar en función do modelo da recollida dos REV e da súa xestión. A calidade non vén determinada unicamente pola porcentaxe de impropios; tamén a fragmentación inflúe na calidade dos REV. Operativas como a recollida soterrada ou en carga lateral fragmentan moito o vidro, o que favorece unha peor calidade dos REV para o seu posterior tratamento e reciclaxe.

Principais factores que inflúen na calidade do vidro e recomendacións:

- (i) *Situación do contedor: é recomendable que o contedor se dispoña en baterías que inclúan outras fraccións de residuos para evitar o depósito de impropios.*
- (ii) *Identificación do contedor: nos contedores debe haber mensaxes que indiquen claramente que materiais deben depositarse neles e cales non. O texto podería ser o seguinte: «Depositar botellas, tarros e frascos de vidro. Non depositar cerámica, porcelana, ventás, opal, ampolas, vitrocerámicas, lámpadas ou Fluorescentes». De igual modo, deberíase acompañar a mensaxe con debuxos explicativos.*
- (iii) *Apertura do contedor: se existen contedores soterrados ou de carga lateral, débense facer as bocas máis pequenas e evitar a apertura completa do contedor de carga lateral para que só caiban envases de vidro, impedindo que se depositen outros elementos voluminosos.*
- (iv) *Fragmentación do vidro: o vidro non se pode compactar; ao intentar facelo, só conseguimos fragmentalo: nos camións de recollida lateral en ningún caso se debe facer uso do compactador en relación coa fracción vidro.*
- (v) *Limpeza do vehículo: se o vehículo non está exclusivamente dedicado á recollida separada de residuos de envases de vidro, a súa caixa limparase en profundidade antes do inicio de cada ciclo de recollida de residuos de envases de vidro.*
- (vi) *Humidade: baleirar a auga dos vehículos, xa sexa da choiva ou da limpeza, antes de levar os residuos de vidro ao centro de recepción.*
- (vii) *O punto de almacenamento ou explanada debe estar deseñado para evitar ao máximo a fractura dos residuos de envases de vidro, así como a súa manipulación ou contaminación, tratarase dunha área pavimentada/formigonada, provista dun revestimento non contaminante e delimitada por un muro de contención, con dimensións suficientes para permitir o almacenamento requirido. A área estará dotada de sistemas que fagan posible o acceso dos camións e a manipulación do vidro sen contaminar nin fracturar este último. A carga do vidro non deberá realizarse con pas escavadoras ou máquinas con cadeas ou tipo eiruga, senón con pas cargadoras con rodas de goma e, en todo caso, asegurándose de non introducir elementos contaminantes nos residuos de envases de vidro recollidos (especialmente, terra, pedras ou barro). Desaconséllase, como regra xeral, unha fractura adicional do vidro durante a carga. Desaconséllase igualmente repañar a recollida ao nivel do chan coa pa para evitar que se desprendan pedras ou anacos de formigón/pavimento que contaminen o vidro. Se no recinto houberse outros residuos, estes últimos depositaranse nun espazo valado e perfectamente identificado e separado do que se utilice para a*

provisión dos residuos de envases de vidro, co fin de evitar calquera mestura, aínda que sexa casual. A pa e/ou o cazo deben estar equipados con coitelas antidesgaste para evitar a fractura dos residuos de envases de vidro. A carga e descarga dos residuos de envases de vidro realizarase de forma que se evite a súa fractura na maior medida posible.

É crucial formar adecuadamente os operadores de recollida de vidro, así como a todo o persoal de recollida e almacenamento, nas especificidades da recollida de vidro. Nestesentido, o SRAP ofrécese para colaborar nas decisións que tome a Comunidade Autónoma ou a entidade local en referencia á recollida e contenerización de vidro, especialmente cando se deseñan novos pregos («Entidade local recolle»), nos que o SRAP pode propoñer boas prácticas.

6. Procedemento de control de calidade: entregas non conformes, devolucións e penalizacións

1. Recollida separada dos REV por parte da entidade local

No caso de que o SRAP detecte un problema de calidade ou desconformidade dos REV procedentes dunha determinada entidade local, o SRAP comunicarao, no prazo máximo de 2 días laborables desde a recepción da incidencia de falta de calidade (á entrada da planta de tratamento homologada polo SRAP). A comunicación irá acompañada de fotos e dunha descrición da desconformidade._

A entidade local, de ser o caso, terá un prazo máximo de 5 días laborables desde a devandita comunicación para responder a esta ou presentar alegacións ao respecto, ás cales o SRAP responderá nos 2 días seguintes á recepción da resposta/alegación por parte da entidade local.

Unha vez que se confirme o problema de calidade, a entidade local traballará para identificar a orixe da contaminación co fin de solucionala._ SRAP estará sempre á disposición da Administración correspondente para especificar posibles causas orixe da falta de calidade detectada. No prazo máximo de 10 días laborables desde a comunicación da desconformidade de calidade, a entidade local definirá un plan de acción e a/s medida/s correctora/s que se deberán implementar para emendar e evitar posibles faltas de calidade futuras.

O SRAP, unha vez recibido o plan de acción proposto pola Administración pública correspondente, dará resposta nun prazo máximo de 2 días laborables, aceptando ou suxerindo melloras ao plan de acción inicialmente proposto.

Unha vez que ambas as partes aceptan o plan de acción (o SRAP e a Administración pública), acordaranse as datas para o inicio e a fin deste (resolución problemas de calidade inicialmente detectados), o que non exime a entidade local de cumprir a calidade coas implicacións asociadas durante a fase de implementación do devandito plan. O SRAP asesorará e estará á disposición da entidade local para a implementación da/s medida/s correctora/s.

Se a falta de calidade dos REV persiste, isto é, os portes posteriores entregados á/planta/s de tratamento seguen tendo problemas de calidade, de maneira reiterada no prazo de 4 semanas, iniciárase o proceso que se detalla a continuación, co obxecto de determinar a posible penalización económica asociada, logo do consenso da Comisión de Seguimento. Para iso, o SRAP realizará a/as correspondente/s caracterización/s para detectar a tipoloxía de falta de calidade asociada, así como os custos que implica cada unha delas.

O SRAP elaborará un informe e remitirallo á entidade local no prazo máximo dun mes desde a primeira comunicación de incidencias de calidade, que incluírá un detalle dos resultados da/das caracterización/s realizada/s, especificando a penalización asociada. O devandito importe repercutirase na facturación do mes posterior á recepción das incidencias de calidade, o cal se descontará do pago da factura emitida pola entidade local ao SRAP.

A metodoloxía da caracterización será a descrita no anexo 7 do convenio e, no caso de que o vidro proveña dun depósito intermedio, a mostra final que se caracterizará será de 400 kg.

Faltas de calidade e penalización aplicada:

a) *Porcentaxe de impropios. Neste caso a penalización destinarase a cubrir os custos de vertedura dese material impropio e os custos extra de tratamento que implica a súa retirada.*

% impropios Penalización €/t

2 % - 2,5 % 13,5 €

2,5 % - 3 % 25,00 €

3 % - 3,5 % 36,0 €

3,5 % - 4 % 50,0 €

4 % - 4,5 % 60,5 €

> 4,5 % *Rexeitamento da recepción da carga do camiión, salvo que a planta de tratamento poida procesalo**

() No caso de superar o límite máximo permitido da variación de impropios e de que o porte non poida ser procesado por parte da planta de tratamento, terá que ser retirado pola entidade local nun prazo máximo de 3 días laborables, cubrindo os seus custos de retirada e sen que este poida facturar o custo dos servizos de recollida ou outros da carga devolta.*

b) *Porcentaxe granulometría. Cando se supere o 5 % en peso de material lino ou inferior a 1 cm. Neste caso a penalización destinarase a cubrir os custos extra de tratamento.*

Granulometría % Penalización €/t

5 % - 6 % 7,5 €/t

6 % - 7 % 15,0 €/t

7 % - 8 % 22,5 €/t

> 8 % 30,0 €/t

c) *Porcentaxe infusibles. Neste caso a penalización destinarase a cubrir os custos de vertedura dese material impropio e os custos extra de tratamento que implica a súa retirada.*

% infusibles Penalización €/t

0,5 % - 0,7 % 18,0 €/t

0,7 % - 0,9 % 36,0 €/t

0,9 % - 1 % 54,0 €/t

1 % - 1,2 % 72,0 €/t

> 1,2 % ***Devolución do camiión, salvo que a planta de tratamento poida procesalo.****

() No caso de superación do límite máximo permitido de variación de infusibles e de que o material non poida ser procesado por parte da planta de tratamento, terá que ser retirado pola entidade local nun prazo máximo de 3 días laborables, cubrindo os custos de retirada deste e sen que este poida facturar o custo dos servizos de recollida ou outros da carga devolta.*

Con todo, sempre se intentará evitar o rexeitamento do material a vertedoiro e retiraranse os elementos contaminantes antes de procesar o material se fose posible._

2. Recollida separada (REV) por parte do SRAP.

O sistema de recollida de residuos que utiliza o SRAP («o SRAP recolle») é mediante recollida de carga

superior. Este sistema, debido á fácil identificación dos contedores, conta actualmente co recoñecemento por parte da poboación e mantén a mellor calidade dos residuos de vidro recollidos.

Os REV, mediante esta operativa de recollida, adoitan ter de media uns impropios reducidos, menores ao 2_%. Con todo, esta porcentaxe pode variar por algúns factores, como son o non acompañar os contedores de vidro que estean illados cos contedores doutras fraccións: resto, envases lixeiros ou de orgánica. Deste xeito, evitárase o depósito de impropios nos contedores de vidro ou a mala praxe que o cidadán/hostaleiro lles poida dar aos contedores con boca industrial ou con sistemas de elevación situados en áreas Horeca.

No caso de que o SRAP detecte un problema de calidade ou desconformidade dos REV procedente dunha determinada entidade local, o SRAP comunicarao no prazo máximo de 2 días laborables desde a recepción da incidencia. A comunicación irá acompañada de fotos e dunha descrición da desconformidade._

A entidade local, de ser o caso, terá un prazo máximo de 5 días laborables desde a devandita comunicación para responder a esta ou presentar alegacións ao respecto, ás cales o SRAP responderá nos 2 días seguintes á recepción da resposta/alegación por parte da entidade local.

Logo de que se confirme o problema de calidade, a entidade local traballará para identificar a orixe da contaminación co fin de solucionala._ SRAP estará sempre á disposición da Administración correspondente para especificar posibles causas orixe da falta de calidade detectada. No prazo máximo de 10 días laborables desde a comunicación da desconformidade de calidade, a entidade local definirá un plan de acción e a/s medida/s correctora/s que haberá que implementar para emendar e evitar posibles faltas de calidade futuras.

O SRAP, unha vez recibido o plan de acción proposto pola Administración pública correspondente, dará resposta nun prazo máximo de 2 días laborables, aceptando ou suxerindo melloras ao plan de acción inicialmente proposto.

Se o plan de acción é aceptado por ambas as partes, acordarase a data para implementalo, que pode variar en función da complexidade da implementación, o que non eximirá a entidade local de cumprir a calidade coas súas consecuencias asociadas durante a fase de implementación.

O SRAP asesorará en todo o necesario a entidade local para a implementación da medida correctora.

Se pasados 30 días naturais desde o aviso da incidencia non se recibiu ningunha resposta por parte da entidade local ou o problema seguise persistindo, o SRAP poderá, comunicándollo previamente á entidade local, facer modificacións no punto de contenerización onde se detectou a incidencia, cambiando o modelo de contedor ou, na súa falta, eliminando o devandito punto de recollida.

7. Especificacións técnicas mínimas de deseño dos contedores

O modelo máis adecuado para garantir a recollida eficaz e a calidade do residuo de envases de vidro é o contedor tipo iglú de recollida de carga superior. Neste sentido, o SRAP licita os concursos públicos de compra de contedores tipo iglú de carga superior para a recollida realizada na modalidade «o SRAP recolle» e a das entidades locais que os soliciten na modalidade «entidade local recolle».

As características técnicas dos contedores tipo iglú de carga superior adquiridos polo SRAP son as seguintes:

1. Materiais:

- a) Poliéster reforzado con Fibras de vidro.
- b) Polietileno de alta densidade.

2. Xeometrías e capacidades:

- a) Boca de achega cidadá inferior a 200 mm de diámetro.
- b) Todos os modelos ofrecen unha elevada capacidade/superficie:

- _ Modelo con xeometría rectangular de medidas 1.780 mm x 1.280 mm x 1.820 mm cunha capacidade útil medida desde o chan ata o centro da boca de achega cidadá de 2,7 m³.
- _ Modelo con xeometría circular de medidas 1.717 mm x 1.717 mm x 1.816 mm cunha capacidade útil medida desde o chan ata o centro da boca de achega cidadá de 3 m³.
- _ Modelo con xeometría circular de medidas 1.700 mm x 1.700 mm x 1.700 mm cunha capacidade útil medida desde o chan ata o centro da boca de achega cidadá de 2,5 m³.
- _ Modelo con xeometría elíptica de medidas 2.432 mm x 1.762 mm x 1.816 mm cunha capacidade útil medida desde o chan ata o centro da boca de achega cidadá de 4,2 m³.

3. Normativa específica:

a) Todos eles deben cumprir coa seguinte normativa:

- _ UNE-EN 13071-1:2008/AC Contedores Fixos de residuos con capacidade de ata 5.000 litros, elevados pola parte superior e baleirados pola parte inferior, co dimensionamento en canto á robustez da tapa, elementos de sustentación e mecanismos de apertura para soportar as cargas máximas que se especifican na norma.
- _ UNE-EN-17001 e BOE núm. 187, do 06/08/2021, de accesibilidade en canto á altura da localización da boca de achega con respecto ao itinerario peonil accesible.
- _ Marcado CE.
- _ UNE 14.006 Ecodiseño

4. Personalización:

- a) Corpo completo do contedor en RAL 6029 ou RAL 6018 que distingue perfectamente o tipo de residuo que se vai depositar no seu interior.
- b) Todos son personalizables, xa que as súas formas lisas favorecen a inclusión de personalización vinílica para uso en campañas específicas de márketing.

5. Protección fronte á intemperie:

- a) A durabilidade na rúa debe estar garantida mediante a protección do corpo dos contedores a través de axentes externos como os raios UV e a corrosión de elementos metálicos debe estar garantida mediante a galvanización en quente de todos os seus elementos.

6. Limpeza:

- a) A protección da súa superficie exterior debe ser resistente fronte á auga a presión e decapantes; recoméndanse formas lisas, que ofrecen cores estables e de fácil limpeza.
- b) Lixiviados: as tapas inferiores deben estar deseñadas para que poidan recoller lixiviados e evitaren o seu depósito na vía pública.

7. Mantemento:

- a) Facilitade no mantemento pola sinxeleza do deseño dos seus elementos. Ademais, o corpo do contedor é reparable, o que favorece a circularidade dos contedores.

8. Reciclabilidade e sostibilidade:

- a) O SRAP aposta e valora a inclusión de materiais reciclables e reciclados na fabricación de novos contedores.
- b) O SRAP potencia a reparación de contedores como modelo de economía circular.

9. Adaptación á hostalería:

- a) Todos os modelos deben ter a posibilidade de seren adaptados á canle Horeca mediante a inclusión de bocas de achega industrial e/ou inclusión do sistema de elevación de caldeiros no corpo do contedor.

10. Nivel de impropios:

_ A correcta personalización, así como o tamaño das bocas de achega, fan deste tipo de contedor de carga superior un dos sistemas de recollida cun dos niveis máis baixos de impropios en Europa, por baixo do 2_ %.

No caso de que a entidade local decida adquirir outros contedores mediante o Financiamento por parte do SRAP, ou polos seus propios medios, o SRAP recomenda seguir os criterios técnicos anteriores para adecuarse correctamente ás características do residuo e á súa recollida.

Como mínimo, os requisitos que deberán cumprir os contedores adquiridos polas entidades locais serán:

1. Posuír unha favorable relación superficie/capacidade.
2. Estar dotados de protección fronte aos raios UV tanto no corpo coma nas tapas.
3. Ter resistencia fronte á corrosión mediante a galvanización de elementos metálicos.
4. Poder absorber os impactos producidos durante o seu uso sen deformacións nin roturas.
5. Cumprir a normativa específica en función do tipo de recollida do contedor (superior, lateral, bilateral, outros).
6. Posuír estanquidade o contedor contra lixiviados.
7. Dispoñer dunha correcta identificación do tipo de residuo. Débese realizar mediante dúas vías:
 - _ Cor do contedor:
 - _ Corpo completo en cor verde, recomendable RAL 6029 ou RAL 6018 para a identificación do vidro.
 - _ No caso de dobre corpo: corpo superior en verde, recomendable RAL 6029 ou RAL 6018, e corpo inferior da cor que encaixe na estética do resto de contedores do concello. En ningún caso a diferenciación do tipo de residuo quedará supeditada á cor verde de embelecadores ou estar presente unicamente como cor verde nas bocas de achega.
 - _ Mensaxe identificativa do tipo de residuo que se debe achegar e mensaxes que indiquen claramente que materiais deben depositarse nestes e cales non. O texto podería ser o seguinte: «Depositar botellas, tarros e frascos de vidro. Non depositar cerámica, porcelana, xanelas, vidros planos, vitrocerámicas, lámpadas ou Fluorescentes». De igual modo, debería acompañar a mensaxe con debuxos explicativos.
 - _ Bocas de achega cidadá:
 - _ As bocas de achega quedan limitadas por unha xeometría circunferencial e cun diámetro máximo de 200 mm que limiten a entrada de voluminosos. En ningún caso as bocas de achega cidadá serán rectangulares nin doutra xeometría que non sexa circunferencial.
 - _ Cumprirán UNE-EN-17001 e BOE núm. 187, de 06/08/2021, de accesibilidade universal en canto á altura da localización da boca de achega con respecto ao itinerario peonil accesible.
 - _ Localización dos contedores:
 - _ É recomendable que o contedor de vidro se dispoña en illas de achega que inclúan outras fraccións de residuos para evitar o depósito de impropios.
 - _ Bocas de achega Horeca:

_ Cando por deseño se superen as dimensións 500 mm x 500 mm da boca de achega de hostalería, esta deberá ir provista dalgún mecanismo (reixa, fechadura...) que evite a posibilidade de entrada de improprios/voluminosos.

8. Características técnicas esixibles especificamente para os contedores de carga lateral.

_ Adicionalmente aos enumerados anteriormente, deberase prestar especial atención ao bloqueo da tapa de baleirado. Deberase dotar o contedor dun sistema automático de peche por gravidade ou doutros que manteñan a tapa de baleirado totalmente pechada cando o contedor estea sobre a vía pública para evitar ser aberta de forma accidental e depositar no seu interior improprios/voluminosos.

ANEXO 8 - Adhesión das entidades locais ao convenio. Selección e cambio da modalidade de xestión

1. Procedemento de adhesión

As EELL que desexen adherirse a este convenio teñen á súa disposición na seguinte ligazón <https://sirga.xunta.gal/convenio-marco-vidro>:

_ O modelo de solicitude de adhesión a través do cal a entidade solicitante deixará constancia da aceptación de todos os pactos e estipulacións contidos nel. A solicitude, debidamente asinada por quen corresponda na entidade solicitante, acompañarase da documentación xustificativa da aprobación da adhesión polo órgano competente.

_ Os formularios a través dos cales se proporcionará a información requirida, de conformidade coa ficha que se acompaña que constituirá a información mínima esixible.

_ A ligazón a través da cal se fará chegar á Consellería a documentación por medios electrónicos. Logo de recibir as solicitudes e así que se comprobe a integridade da documentación requirida, a Consellería comunicarlles a adhesión aos SRAP.

2. Ficha de adhesión

FICHA DE ENTIDADE LOCAL RELATIVA Á SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO EN MATERIA DE RESIDUOS DE ENVASES DE VIDRO

Datos da Administración pública que solicita a adhesión

Administración pública que solicita a adhesión

Comarca

NIF Administración

Provincia

Concello

Enderezo

Código postal

Poboación/s á/ás que se presta servizo

* No caso de que a solicitude sexa presentada por unha entidade supramunicipal, deberán seleccionarse os concellos englobados nela

Persoa de contacto

Teléfono

Enderezo electrónico

Modalidade de adhesión

SRAP organiza parcialmente e Financia – Entidade local recolle

SRAP organiza totalmente e Financia – SRAP recolle

SRAP non organiza, só Financia – Entidade local recolle e recicla

Asume a adquisición de contedores

Non asume a adquisición de contedores

Datos bancarios

Número de conta, incluído IBAN (2)

Datos da entidade de facturación (1)

Identificación da entidade de facturación

NIF

CCAA

Provincia

CONCELLO

Enderezo

Código postal

Persoa contacto

Teléfono

Enderezo electrónico

Datos bancarios

Número de conta, incluído IBAN (2)

(1) Cubrirase:

_ Se se delegase a cobranza da facturación nun terceiro e anexarase o documento de delegación expresa da facturación asinado e selado.

_ Se a entidade de facturación é distinta á que solicita a adhesión (para o caso de entidades supramunicipais).

3. Modelo de solicitude de adhesión

En [], o [] de [] de 202[].

D. [], maior de idade, de nacionalidade española, con documento nacional de identidade número [].

Intervén en nome e representación, como [cargo que corresponda], de Galicia (en diante, a **entidade local**).

Actúa en virtude de [indíquese a resolución ou a disposición que corresponda].

EXPÓN:

I. O SRAP é a entidade xestora dun sistema de responsabilidade ampliada do produtor (SCRAP) de envases de vidro. O SRAP réxese polo previsto na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular (en diante, a **Lei de residuos**), e o Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases (en diante, o **Regulamento de envases**).

II. O [] de [] de 20[] o SRAP e a [indíquese a comunidade autónoma que corresponda] subscribiron un convenio marco de colaboración co obxecto de regular a participación das entidades locais comprendidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma no SCRAP de envases de vidro xestionado polo SRAP (en

diante, o **convenio marco**).

III. A entidade local está interesada en adherirse ao convenio marco, co fin de participar no SCRAP de envases de vidro xestionado polo SRAP.

Sobre a base do exposto, a entidade local adopta o presente acordo de adhesión ao convenio marco (en diante, o **acordo de adhesión**), que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

1. Obxecto

Por medio deste acordo de adhesión, a entidade local adhirese ao convenio marco, asumindo integramente o seu contido e comprometéndose a cumprir con todas as obrigacións e condicións establecidas nel. Esta adhesión formalízase conforme a modalidade especificada na ficha de adhesión que se anexa a esta solicitude, a cal forma parte integrante do acordo.

2. Entrada en vigor e duración

(i) Este acordo de adhesión entrará en vigor o día da súa sinatura. As condicións previstas neste acordo de adhesión terán efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2024, sempre que se realice a adhesión a este nun prazo de tres meses desde a sinatura do convenio marco, de acordo co disposto na disposición transitoria terceira do Regulamento de envases.

(ii) O acordo de adhesión terá unha vixencia equivalente á do convenio marco, salvo que o primeiro se resolva anticipadamente.

3. Resolución do acordo de adhesión

(i) Este acordo de adhesión poderá resolverse polas seguintes causas:

- a) Polo transcurso da súa vixencia, de acordo co previsto na cláusula 9 do convenio marco.
- b) Pola suspensión, a caducidade ou a revogación da autorización do SRAP como entidade xestora dun SCRAP de envases de vidro.
- c) Polo incumprimento, por parte da entidade local, das obrigacións establecidas neste convenio de adhesión.
- d) Por calquera das causas previstas na normativa aplicable.

(ii) En caso de resolución anticipada do acordo de adhesión, aplicarase o previsto na cláusula 10.2 do convenio marco.

4. Natureza xurídica deste acordo de adhesión, lexislación aplicable e xurisdición

(i) Este acordo de adhesión ten natureza administrativa.

(ii) Este acordo de adhesión réxese polo disposto nas súas cláusulas e, na súa falta, polo previsto na Lei de residuos, o Regulamento de envases, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a demais normativa aplicable.

(iii) Calquera controversia relativa á interpretación e execución deste acordo de adhesión dirimirase ante a xurisdición contencioso-administrativa.

E, para que conste, subscribo este acordo de adhesión na data e o lugar ut supra.

[Nome do representante]

[Entidade local que corresponda]

4. Cambio de modalidade de adhesión

As EELL poderán cambiar a modalidade de organización da xestión dos REDV elixida no momento da súa adhesión ao convenio en calquera momento, sempre que se superase a permanencia mínima de doce (12) meses na modalidade anterior. O cambio de modalidade requirirá a adopción dun novo acordo expreso de adhesión ao convenio por parte do órgano de goberno competente da entidade local.

A solicitude de cambio de modalidade deberá estar motivada e dirixirse á Consellería competente en materia de residuos, quen a trasladará aos SRAP asinantes do convenio para o seu coñecemento e efectos.

Os cambios de modalidade de organización que se materialicen de forma efectiva serán notificados á Comisión de Seguimento do convenio para o seu coñecemento.

Se a entidade local por unha causa debidamente xustificada lle solicita ao SRAP o cambio de modalidade conforme a cal está adherida a este convenio, procederase da seguinte maneira:

a) Cambio da modalidade «SRAP organiza totalmente e linancia» á modalidade «SRAP organiza parcialmente e Financia»”

Os SRAP valorarán a documentación de cambio de modalidade presentada pola entidade local solicitante para determinar se a petición implica ou non un impacto relevante¹ nos contratos que teñen subscritos cos xestores que realizan a recollida e o transporte dos REDV no ámbito territorial da devandita entidade local.

Se a solicitude non comporta un impacto relevante para os efectos indicados, os SRAP acordarán coa entidade local a data a partir da cal esta asumirá a recollida e transporte dos REDV adscritos ao seu ámbito territorial.

Se, pola contra, a solicitude supón un impacto relevante, a entidade local solicitante e os SRAP acordarán as posibles condicións e o prazo razoable para materializar o traspaso da recollida e do transporte dos residuos en favor da entidade local co obxecto de evitar prexuízos a terceiros.

Os SRAP informarán a entidade local do resultado de tales valoracións no prazo máximo dun (1) mes desde que aqueles teñan coñecemento da solicitude de cambio de modalidade. Unha vez informada, a entidade local adoptará as medidas necesarias para asumir as operacións indicadas; entre outras medidas, requirirase a adopción dun novo acordo expreso de adhesión ao convenio alcanzado no seo do órgano de goberno competente no que se deixe constancia motivada do cambio de modalidade

!"# \$ % & '(de xestión a partir da data acordada cos SRAP.

A entidade local comunicarlles aos SRAP a súa disposición efectiva a asumir a recollida e transporte dos REDV no prazo dun (1) mes desde que foi informada. Se a entidade local non realiza a devandita comunicación no mencionado prazo, entenderase que renuncia ao cambio de modalidade.

Os SRAP estarán obrigados a aboarlle á entidade local os custos que soporte pola recollida e transporte dos REDV só desde a data da asunción efectiva de tales operacións, o cal se realizará nos termos indicados no punto 3 da estipulación quinta deste convenio. Con todo, do devandito aboamento haberá que descontar o custo de amortización dos contedores instalados polos SRAP no ámbito territorial da entidade local, se tales contedores van seguir utilizándose para a recollida separada dos REDV no ámbito territorial da entidade local.

Se con ocasión do cambio de modalidade a entidade local acordase a substitución do tipo de contedor utilizado para a recollida separada dos REDV, os SRAP faranse cargo do custo económico de trasladar

todos os contedores substituídos a un depósito no que se almacenarán por un período nunca superior a catro (4) meses. Durante ese tempo, e sempre que sexa posible, os SRAP reacondicionarán os contedores para darlles outro uso.

b) Cambio da modalidade «SRAP organiza parcialmente e Financia» á modalidade «SRAP organiza totalmente e Financia».

Unha vez que se reciba a comunicación motivada do cambio de modalidade, os SRAP valorarán a solicitude presentada pola entidade local solicitante para determinar se a petición implica ou non un impacto relevante nos contratos que teñen subscritos cos xestores que realizan a recollida e transporte dos REDV no ámbito territorial da devandita entidade local.

Se a solicitude non comporta un impacto relevante para os efectos indicados, os SRAP acordarán coa entidade local a data a partir da cal os SRAP asumirán a recollida e transporte dos REDV adscritos ao seu ámbito territorial.

Se, pola contra, a solicitude supón un impacto relevante, a entidade local solicitante e os SRAP acordarán as posibles condicións e o prazo razoable para materializar o traspaso da recollida e transporte dos residuos en favor dos SRAP, co obxecto de dimensionar adecuadamente a operativa da recollida e transporte dos REDV no ámbito territorial da devandita entidade local.

Con anterioridade á asunción efectiva da recollida e transporte dos REDV por parte dos SRAP, a entidade local subscibirá un novo acordo expreso de adhesión ao convenio alcanzado no seo do órgano de goberno competente no que se deixe constancia do cambio de modalidade a «SRAP organiza totalmente e Financia».

A entidade local terá dereito a percibir o Financiamento que lle corresponda polos custos da recollida e transporte dos REDV soportados pola súa adhesión ao convenio na modalidade «SRAP organiza parcialmente e Financia» ou «SRAP non organiza, só Financia» ata o día anterior á data da asunción efectiva de tales operacións polos SRAP.

ANEXO 9 - Addenda ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de envases de vidro

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia (endiante, a Consellería), con domicilio na rúa de San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, e con número de identificación Fiscal [...], representada neste acto por dona Ángeles Vázquez Mejuto.

Por outra banda, don, con NIF, na súa calidade de, en representación da entidade

As partes recoñécense a capacidade legal suficiente para obrigar as súas respectivas entidades a formalizar esta addenda ao convenio marco subscrito entre a Consellería e os sistemas SRAP de envases de vidro, que acordan voluntariamente e

EXPOÑEN:

I. Que o pasado se asinou o convenio marco de colaboración entre a Consellería e os SRAP de envases de vidro.

II. Que o convenio marco ten por obxecto establecer un marco de colaboración que debe rexer a actividade dos SRAP de envases de vidro que estean autorizados ou habilitados como tal para actuar na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa relación coas entidades locais e a Comunidade Autónoma de conformidade coas súas competencias, co fin de asegurar o cumprimento do esixido na actual redacción do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases.

III. Que os sistemas colectivos e individuais de responsabilidade ampliada do produtor poderán adherirse a este convenio marco, de acordo co establecido na estipulación décimo terceira do convenio marco, citado no expositivo primeiro e os prazos legalmente establecidos.

IV. Que o sistema colectivo/individual de responsabilidade ampliada do produtor de envases de vidro,, manifesta a súa vontade de adherirse ao convenio marco de colaboración subscrito o entre a Consellería e os SRAP de envases de vidro.

ACORDAN:

PRIMEIRO. Mediante esta addenda, e a Consellería acordan incluír en todos os seus termos a no ámbito do convenio marco citado no expositivo primeiro desta addenda. Para estes efectos, asume a totalidade dos compromisos derivados do citado convenio marco de acordo co establecido na súa estipulación décimo terceira.

SEGUNDO. A Consellería enviará unha copia deste documento aos SRAP que sexan parte do convenio marco citado no acordo anterior.

TERCEIRO. Esta addenda entra en vigor o día da súa sinatura e ten a mesma vixencia ca o convenio marco citado no expositivo primeiro desta addenda.

E en proba da súa conformidade con todo o convido neste documento, as partes ratifícanse no seu contido e obríganse ao seu cumprimento, polo cal asinan esta addenda, para un só efecto, no lugar e a data indicados na sinatura electrónica.

[]

Asdo.: []

[]

Asdo.: []

ANEXO 10 - Condicións xerais da promoción e do fomento da xestión dos residuos de envases de vidro xerados na canle Horeca

Co fin de alcanzar os obxectivos de reciclaxe e recollida separada de residuos de envases de vidro previstos nos artigos 10 e 29 do Regulamento de envases, o SRAP, en coordinación coa Comunidade Autónoma ou coa entidade local, segundo corresponda, poderá, se o estima conveniente e indo máis aló das obrigacións que lle impón a normativa aplicable, avaliar a idoneidade de promover e fomentar a participación da canle Horeca na recollida separada de residuos de envases de vidro.

Este anexo regula as condicións xerais nas que, sen prexuízo doutros acordos que o SRAP poida alcanzar coas entidades locais adheridas e/ou os establecementos Horeca, se poderían desenvolver as actuacións dirixidas a promover e fomentar a participación da canle Horeca na recollida separada de residuos de envases de vidro.

1. Principios de Horeca: a recollida separada municipal

(i) O sector Horeca constitúe un ámbito que, por presentar unhas características específicas (principalmente, o elevado volume de residuos de envases de vidro que se xeran nel), debe ser obxecto de medidas destinadas a introducir prácticas ambientais favorables, dada a súa relevante influencia na consecución de obxectivos de reciclaxe e valorización.

(ii) Os establecementos da canle Horeca, en canto produtores de residuos urbanos similares aos xerados nos domicilios particulares, deben responsabilizarse da xestión (por si mesmos ou a través dun xestor autorizado) dos residuos que xeran, dado o elevado volume que estes representan, sempre conforme o previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nas correspondentes ordenanzas municipais.

(iii) Sen prexuízo do anterior, o SRAP considera necesario articular unha colaboración dos axentes implicados (administracións públicas e asociacións sectoriais) co SAP co fin de garantir unha correcta implantación da citada recollida separada.

2. Compromisos da Comunidade Autónoma

Fomentar e promover a participación dos establecementos da canle Horeca na recollida separada municipal por calquera mecanismo, entre eles:

(i) Esixirlles ás entidades locais a adopción de medidas da súa competencia nesta materia (ordenanzas municipais, de acordo co previsto na disposición Final oitava da Lei de residuos). O SRAP poderá decidir a non realización de actuacións de promoción da recollida separada de residuos de envases de vidro nos establecementos da canle Horeca naquelas entidades locais que, incumprindo o previsto na disposición Final oitava (en relación cos artigos 20.3 e 25.3) da Lei de residuos, non aproben unha ordenanza en virtude da cal se obrigue os establecementos da canle Horeca a separar en orixe os residuos domésticos (e, en particular, os residuos de envases de vidro).

(ii) Instar as entidades locais a realizar ou promover campañas de información e control en relación co fomento da recollida separada de vidro na canle Horeca.

(iii) A promoción e, de ser o caso, a subscrición de acordos coas asociacións sectoriais e o SRAP para o fomento da recollida separada de residuos de envases de vidro na canle Horeca.

3. Compromisos das entidades locais

As entidades locais levarán a cabo as seguintes actuacións:

(i) Desenvolvemento da ordenanza que obrigue os establecementos da canle Horeca a realizar a correcta xestión dos residuos de envases de vidro:

_ Almacenaxe dos residuos de forma segura e separada dentro do local.

_ Obrigatoriedade de depositar os residuos de envases de vidro (sen bolsas) nos contedores destinados a tales residuos ou a utilización de calquera sistema alternativo que a entidade local poña en marcha (por exemplo, «porta por porta») conforme o previsto nos artigos 20.3 e 25.3 da Lei de residuos.

_ Mantemento e limpeza dos medios entregados (caldeiros) para a separación en orixe dos residuos de envases de vidro.

_ Obrigatoriedade de que os establecementos da canle Horeca se adhiran ás novas operativas que para a recollida separada de residuos de envases de vidro desenvolva a entidade local, de ser o caso, nas correspondentes ordenanzas municipais.

(ii) Poñer en funcionamento os dispositivos de control e seguimento necesarios para asegurar que as operacións de participación do sector Horeca na recollida separada municipal levan a cabo de forma

adecuada, nos termos previstos nas ordenanzas municipais e no correspondente convenio.

(iii) Adoptar as medidas necesarias para detectar e corrixir desviacións ou incumprimentos.

(iv) Fomentar e promover a recollida separada no sector Horeca mediante calquera mecanismo adicional aos xa mencionados; entre eles, o fomento e, de ser o caso, a subscrición de convenios de colaboración coas asociacións sectoriais e o SRAP.

(v) Promover a adhesión ao programa dos establecementos de hostalería e restauración localizados no ámbito territorial da entidade local, divulgar a súa implantación entre a poboación local e executar as medidas previstas no devandito programa, especialmente favorecendo a distribución entre os establecementos dos medios materiais que o SRAP alcanzará.

(vi) Revisar e responder as propostas relacionadas coa recollida separada no sector Horeca facilitadas polo SRAP, nun prazo máximo dun mes, dentro do ámbito de actuación do convenio (por exemplo, cartas de comunicación a establecementos de inicio campaña, acreditacións, plans de contenerización etc.). Pasado o devandito prazo, acordar co SRAP as actuacións que se van realizar e os seus prazos de execución.

(vii) De ser o caso, subscribir un convenio individualizado co SRAP no que se recollan as condicións particularizadas que, respectando o establecido neste anexo, teñan que aplicarse á entidade local.

(viii) Proporcionar a información requirida polo SRAP no relacionado con accións dirixidas ao sector Horeca e realizadas pola entidade local (por exemplo, datos de recollida PaP).

4. Compromisos do SRAP

Co fin de alcanzar os obxectivos de reciclaxe e recollida separada de residuos de envases de vidro previstos nos artigos 10 e 29 do Regulamento de envases, o SRAP, en coordinación coa Comunidade Autónoma ou a entidade local, segundo corresponda, poderá avaliar a idoneidade de promover e fomentar a participación da canle Horeca na recollida separada de envases de vidro. No caso de que así se decidise, o SRAP desenvolverá, tras o acordo coas entidades locais, as accións de información e dotación de medios que se consideren máis eficientes e eficaces.

O previsto no parágrafo anterior quedará condicionado, en todo caso, ao cumprimento efectivo por parte da entidade local do previsto no apartado (ii) da cláusula 4 deste convenio en canto á promulgación ou, de ser o caso, adaptación das súas ordenanzas municipais vixentes en materia de residuos en relación coa recollida separada dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP xerados polos establecementos da canle Horeca.

A implantación destas accións será progresiva, correspondéndolle ao SRAP determinar, á vista das posibilidades e condicións loxísticas existentes, o momento no que resulta viable estender este programa de apoio ao ámbito territorial dunha determinada entidade local e, para ese efecto, subscribir os acordos oportunos.

o SRAP levará a cabo as seguintes actuacións:

(i) Informar os establecementos da canle Horeca da lexislación vixente en materia de reciclaxe de vidro na súa localidade ou ámbito territorial.

(ii) Detectar as necesidades de contenerización para atender a demanda da canle Horeca e o previsible aumento dos residuos de envases de vidro recollidos.

(iii) Solicitar o compromiso dos establecementos da canle Horeca de adherirse ao programa de integración da canle Horeca na recollida separada municipal de residuos de envases de vidro.

(iv) Facilitar a implantación do programa de apoio á participación da canle Horeca, entregándolles aos establecementos os medios materiais necesarios para obter a súa colaboración. No caso de que se lles facilitase algún medio tipo «caldeiro» para o establecemento adherido, corresponderalles o seu mantemento, reparación e/ou substitución, sen que en ningún caso poidan reclamarse ao SRAP ou á

entidade local tales actuacións.

(v) *Velar pola consecución dos obxectivos de recollida separada e reciclaxe dos residuos de envases de vidro procedentes da participación da canle Horeca na recollida separada municipal, que se levará a cabo nos termos establecidos no convenio de adhesión da correspondente entidade local.*

o SRAP poderá realizar estas accións de maneira voluntaria, en plena colaboración e co coñecemento das entidades locais e non asumirá custos adicionais á marxe dos que correspondan ás actuacións previamente consensuadas á decisión da realización das devanditas accións.

5. Información de resultados

O SRAP, conforme o que sexa pactado pola Comisión de Seguimento do convenio, remitiralles anualmente aos axentes implicados (Comunidade Autónoma, entidades locais, asociacións sectoriais) a información relativa aos resultados do programa de participación do sector Horeca na recollida separada.

Para ese efecto, a entidade local terá que facilitarlle previamente ao SRAP a información específica referida á recollida separada no ámbito do sector Horeca. Esta información e periodicidade de subministración ao SRAP será acordada con carácter previo á decisión do SRAP de promover e fomentar a participación da canle Horeca na recollida separada de envases de vidro no ámbito territorial da entidade local. De maneira non exhaustiva, esta información incluírá:

- 1. Información da recollida separada específica da canle Horeca obxecto de acordo (toneladas recollidas vía contedor ou PaP).*
- 2. Inventario de medios proporcionados (caldeiros e contedores), coa súa localización xeolocalizada.*

ANEXO 11 - Modalidades de prestación de servizos de clasi(ificación dos residuos de envases de vidro a partir de residuos urbanos non recollidos selectivamente

1. Cambio de modalidade de adhesión

A planta de tratamento poderá, se o desexa, cambiar de modalidade durante a duración deste convenio. O cambio de modalidade só poderá producirse: (i) no momento en que finalice a vixencia do contrato que o SRAP subscriba coa empresa á que lle fornece os REV procedentes da planta de RU (cambio da modalidade B á modalidade A) ou (ii) no momento no que o SRAP convoque un procedemento para a adxudicación dos REV incluídos no seu ámbito de actuación (cambio da modalidade Á a modalidade B).

O SRAP comunicarlle á planta de tratamento as datas antes referidas, segundo corresponda. Para cambiar de modalidade, terase que avisar o SRAP cunha antelación mínima de catro meses á data que en cada caso corresponda a través da declaración que se anexa no apartado 11.1

2. Addenda á prestación de servizos de clasi(ificación dos residuos de envases de vidro apartir de residuos urbanos non recollidos selectivamente Notificación da modalidade elixida

Co obxecto de permitirlle ao SRAP planificar a xestión dos residuos de envases de vidro previsiblemente clasificados na planta de RU, por medio deste documento a planta de RU declara expresamente que, para o período comprendido entre o [] de [] de 20[] e o [] de [] de 20[], a modalidade de servizos elixida é:

MODALIDADE A («Só selección»), facéndose cargo da reciclaxe

MODALIDADE B («Selección e venda dos REV ao SRAP»)

3. Certificado mensual de residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP clasificados pola planta de RU

Razón social:

Enderezo:

Cidade e código postal:

CIF:

Mes/exercicio:

Planta:

Residuos de envases de vidro

Toneladas

totais

Volume clasificado pola planta de RU

O abaixo asinante, [nome do asinante], en nome e representación de [nome da empresa],

CERTIFICA que os residuos de envases de vidro indicados no cadro superior:

_ Se xestionaron e recuperaron correctamente, segundo os usos comunmente aceptados, na planta de RU.

_ Se xestionaron respectando a regulamentación en materia de medio ambiente e, de modo particular, a que se relire á xestión de residuos de envases de vidro.

Sinatura da persoa que certifica, data e selo da empresa:

4. Certificado de garantía de reciclaxe dos residuos de envases de vidro incluídos no ámbito de actuación do SRAP, procedentes de planta de selección de RU, entregados a unha planta de tratamento autorizada

Razón social:

Enderezo:

Cidade e código postal:

CIF:

Mes/exercicio:

Planta:

CONCEPTO CANTIDADE INSTALACIÓN DESTINO/USO

Volume dos REV procedentes da selección na planta de RU recibidos na planta de tratamento homologada polo SRAP (t)

Cantidade inicial (deste lote de RU)

Toneladas tratadas durante o mes (t)

Volume de calcín elaborado pola planta de tratamento a partir dos REV procedentes da selección na planta de RU entregado a unha vidreira homologada polo SRAP (t)

Nome vidreira

Toneladas enviadas a micronizar para o seu destino en forno (t)

Vidreira destino

Volume de vidro elaborado pola planta de tratamento a partir dos REV procedentes da selección na planta de RU para **outros usos** distintos da fabricación de envases de vidro (produtos de Filtración, materiais abrasivos, illamentos de Fibra de vidro e materiais de construción) (t)
(Uso Final das toneladas)

Rexeitamento a vertedoiro (t)

Cantidade final (deste lote de RU) (t)

O abaixo asinante, que actúa en representación de , **CERTIFICA** que os residuos de envases de vidro indicados no cadro superior:

_ Se xestionaron e recuperaron correctamente, segundo os usos comunmente aceptados, nunha planta de tratamento homologada polo SRAP.

_ Se xestionaron respectando a regulamentación vixente en materia de medio ambiente e, de modo particular, a que se refire á xestión de residuos de envases de vidro.

E, para que así conste, expido este certificado para os efectos oportunos.

Nome e sinatura da persoa que certifica, data e selo da empresa.”

Expediente 1516/2025. Convenio Marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de pilas e acumuladores, que obra no expediente 1704/2021, en especial a cláusula quinta, “compromisos que adquieren os entes locais” coas dúas modalidades de adhesión, opción A e opción B.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a comunicación remitida pola DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTENIBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO con Rexistro de saída da Xunta núm. 2025/1557097 de data 23/07/2025 e Rexistro de entrada no Concello de Silleda núm. 2025-E-RC-3117 de data 24/07/2025 relativa á adhesión de entidades locais ao novo convenio marco en materia de residuos de pilas e acumuladores.

Visto o Convenio Marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de pilas e acumuladores, que obra no expediente 1704/2021, en especial a cláusula quinta, “compromisos que adquieren os entes locais” coas dúas modalidades de adhesión, opción A e opción B. (Anexo I).

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Subscribir o Convenio Marco de referencia.

Segundo.- Solicitar a adhesión ao mesmo a través da opción B de maneira que o Concello non coordinará nin sufragará o servizo de recollida, transporte e almacenamento temporal dos RPA portátiles no municipio, sendo este servizo realizado polas entidades xestoras do SRAP e

coordinado pola Oficina de Coordinación.

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa para asinar cantos documentos sexan necesarios para levar a cabo as actuacións pertinentes

Cuarto.- Dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

“ANEXO I

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR EN MATERIA DE PILAS E ACUMULADORES.

En el lugar y fecha de la firma electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, en calidade de conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 abril, polo que se nomean os titulares das consellerías autonómicas, expresamente facultada para a sinatura deste convenio en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e ao abeiro do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en diante, a Consellería).

Doutra parte:

Don José Gabriel García Aguado, en virtude do apoderamento xeral conferido mediante a escritura do día 3 de xullo de 2023 ante o notario de Madrid don Fernando Sánchez-Arjona Bonilla, co número 1705 do seu protocolo, para os efectos de actuar en nome e representación da entidade Fundación para la Gestión Ambiental de Pilas, constituída en virtude da escritura pública do 17 de outubro de 2000, autorizada polo notario de Madrid don Miguel Ángel García-Ramos Iturralde, co número 3248 do seu protocolo, provista do CIF G82795691 e rexistrada no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Medio Ambiente en virtude da Resolución do 2 de marzo de 2001 (en diante, Fundación Ecopilas).

Dona Laura Alonso Abajo, en nome e representación da entidade European Recycling Platform España, SLU, constituída mediante unha escritura pública do 7 de febreiro de 2007 autorizada polo notario do Ilustre Colexio de Madrid don Pablo da Esperanza Rodríguez, co número 523 do seu protocolo, provista do CIF B84979160 e rexistrada no Rexistro Mercantil de Madrid o día 22 de febreiro de 2007 (en diante, ERP España).

Don Luis Moreno Jordana, en nome e representación da entidade Asociación Ecolec para la Gestión de Residuos de Pilas y Acumuladores, constituída mediante unha escritura pública o día 20 de xaneiro de 2016 ante o notario de Madrid don Carlos de Prada Guaita, co número 37 do seu protocolo, provista do CIF G87474755 (en diante, Ecolec).

*Don Marcel Mongay García, con DNI 46***, en nome e representación de Unión de Industrias de la Batería, SL (en diante, Unibat), domiciliada en c/ Llull, 321-329, Edificio CINC - oficina núm. 409, 08019 Barcelona,*

con NIF B65373151 e rexistrada no Rexistro Mercantil de Barcelona o 29 de setembro de 2010 no tomo 42131, folio 88, folia B-401030, inscrición 1ª.

As partes recoñécense a capacidade legal suficiente para obrigar as súas respectivas entidades a formalizar este convenio marco, que acordan voluntariamente e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, na súa redacción vixente tras as modificacións introducidas, establece as condicións técnicas e de calidade ecolóxica que deberán respectarse na recollida e xestión destes residuos, de acordo coa Directiva 2013/56/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2006/66/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores.

SEGUNDO. Que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, lles outorga ás entidades locais competencias nos servizos de recollida e tratamento de residuos. Neste sentido, a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, dispón no seu artigo 12.5.a) que as entidades locais teñen a competencia «da recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos na forma que establezan as súas respectivas ordenanzas, de conformidade co marco xurídico establecido nesta lei, nas leis e instrumentos de planificación que, de ser o caso, aproben as comunidades autónomas e na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor».

TERCEIRO. Que o artigo 5 do Real decreto 106/2008 determina que a responsabilidade de asegurar a boa xestión dos residuos de pilas e acumuladores (en diante, RPA), comezando pola súa recollida selectiva e o logro dos obxectivos ecolóxicos de recollida que nel figuran, lles corresponde aos produtores, é dicir, a calquera persoa física ou xurídica que, con independencia da técnica de venda utilizada, poña por primeira vez no mercado as pilas e acumuladores, incluídas as pilas ou acumuladores incorporados a aparellos ou vehículos, no marco dunha actividade profesional, e iso en aplicación dos principios de responsabilidade ampliada do produtor e de «quen contamina, paga».

CUARTO. Que, de acordo co disposto nos artigos 7 e 8 do Real decreto 106/2008, os produtores poderán cumprir, respecto das pilas e acumuladores postos por eles no mercado, estas obrigacións establecendo o seu propio sistema de xestión individual, participando nun sistema de responsabilidade ampliada do produtor (en diante, SRAP), contribuíndo economicamente aos sistemas públicos de xestión ou establecendo un sistema de depósito, devolución e retorno das pilas, acumuladores e baterías usados, garantindo sempre que se cumpren os obxectivos de xestión establecidos no citado real decreto.

QUINTO. Que, de acordo co Real decreto 106/2008, os custos de recollida e xestión destes residuos, incluídos os de recollida selectiva, transporte, almacenamento temporal e tratamento final, serán sufragados polos produtores, conforme o sistema de xestión utilizado.

SEXTO. Que o financiamento dos custos de xestión dos RPA portátiles por parte dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor atenderá ao establecido no Real decreto 106/2008.

SÉTIMO. Que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os SRAP asinantes subscriben este convenio marco para, entre outros fins, establecer un marco común para a xestión dos RPA portátiles nos entes locais galegos que se adhiren a el.

Os SRAP de RPA rexeranse polo disposto no texto vixente do Real decreto 106/2008, pola posterior normativa que o modifique ou o desenvolva, así como polas estipulacións e previsións contidas nas correspondentes autorizacións e polas seguintes cláusulas/pactos.

OITAVO. Que, no ámbito deste convenio marco, as referencias a entidades locais e entes locais se entenderán realizadas conforme as previsións da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local sobre a súa tipoloxía (concellos, deputacións provinciais, mancomunidades de municipios etc). Cando sexa o caso, esta terminoloxía farase extensible ás entidades que xestionen o servizo por delegación ou por outra modalidade de colaboración prevista en dereito.

NOVENO. Que, no caso de que se outorguen novas autorizacións a sistemas colectivos ou se habiliten sistemas individuais de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores, estes poderán incorporarse a este convenio cando sexan autorizados ou, de ser o caso, habilitados na comunidade autónoma onde teñan a súa sede social, segundo establecen respectivamente os artigos 50.2 e 49 da Lei 7/2022. Esta participación formalizarase mediante a sinatura do modelo de addenda adxunta como anexo VI a este convenio marco.

DÉCIMO. Que, por todo o exposto e conforme o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as partes manifestan a súa vontade de subscribir este convenio marco conforme o establecido no Real decreto 106/2008, ou posterior normativa que o modifique ou o desenvolva, nas cláusulas e previsións contidas nas correspondentes autorizacións, así como de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio marco ten por obxecto establecer o ámbito de colaboración que debe rexer a actividade dos SRAP de pilas e acumuladores asinantes e a súa relación coas entidades locais e a Comunidade Autónoma de conformidade coas súas competencias, co fin de asegurar o cumprimento do esixido no Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, na normativa que o modifique ou substitúa e demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos. Para os anteriores efectos, quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación deste convenio os residuos de pilas e acumuladores industriais e de automación.

Para iso, establécese como ámbito de aplicación deste convenio, os RPA portátiles e as condicións de recollida, almacenamento, tratamento e eliminación destes residuos. Polo tanto, o contido deste convenio débese entender referido exclusivamente aos residuos de pilas e acumuladores xerados das pilas e acumuladores portátiles postas no mercado polas empresas adheridas aos SRAP de pilas e acumuladores que forman parte deste convenio marco, ou aqueles sistemas colectivos de responsabilidade do produtor cos que teñan acordos.

Enténdense por pilas e acumuladores portátiles os que se axusten á definición do artigo 3.e) do Real decreto 106/2008.

Así mesmo, establécense e régulanse os compromisos da Comunidade Autónoma, das entidades locais que voluntariamente se adhiran a el e dos SRAP de pilas e acumuladores portátiles respecto das diferentes materias que integran o obxecto deste convenio.

Neste sentido, todas as obrigacións que teñan por suxeito pasivo os SRAP de pilas e acumuladores asinantes ou posteriormente adheridos contidos neste convenio respecto das que non se estableza unha norma especial de atribución ou de cumprimento deberán ser cumpridas por cada SRAP en función da súa respectiva cota de mercado (ou serán repercutidas na precitada proporción), salvo que expresamente os obrigados establecesen o contrario.

SEGUNDA. ÁMBITO DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DESTE CONVENIO

As actuacións que se levarán a cabo serán as seguintes:

- 1. Establecer os compromisos necesarios para garantir o cumprimento do previsto no Real decreto 106/2008, ou na normativa que o modifique ou substitúa, no referente á xestión dos RPA portátiles postos no mercado polos produtores adheridos aos SRAP, así como no relativo aos obxectivos ecolóxicos de recollida establecidos.*
- 2. Regular a colaboración das entidades locais cos SRAP de pilas e acumuladores e establecer os mecanismos de adhesión a este convenio marco.*
- 3. Promover o desenvolvemento de sistemas de recollida selectiva dos residuos de pilas e acumuladores portátiles con criterios de aceptación social, eficiencia técnica e viabilidade ambiental e económica.*
- 4. Realizar campañas de concienciación social tendentes a sensibilizar a poboación con vistas a facilitar o logro dos obxectivos ecolóxicos de recollida que se pretende. Estas campañas dirixiranse a todos os sectores implicados (ciudadanía, persoal das administracións e entidades asinantes e/ou adheridas, distribuidores etc.) e o seu contido deberá ser aprobado pola Comisión de Seguimento deste convenio marco.*
- 5. Establecer os mecanismos para garantir a recollida e a correcta xestión dos residuos de pilas e acumuladores portátiles, de acordo co previsto no Real decreto 106/2008.*
- 6. Realizar o seguimento do cumprimento do obxecto deste convenio e, de ser o caso, implantar as medidas oportunas para a súa consecución.*
- 7. Establecer os mecanismos de colaboración necesarios para garantir o cumprimento do previsto neste convenio, poñendo en práctica instrumentos para a obtención e intercambio de información, así como medidas de inspección e control.*
- 8. Establecer as medidas para o financiamento da recollida selectiva dos residuos de pilas e acumuladores por parte dos SRAP, que será sufragada por estes en función da súa cota de mercado do uso portátil establecida pola Sección Especial do Rexistro Integrado Industrial de Pilas e Acumuladores (en diante RII-PYA) e sen prexuízo das responsabilidades que lles corresponden a outros produtores de pilas e acumuladores que optasen, de acordo co previsto no artigo 5.2 do Real decreto 106/2008, por cumprir as obrigacións impostas pola citada norma a través doutras modalidades distintas ou a través de sistemas de responsabilidade ampliada do produtor non asinantes deste convenio marco.*
- 9. Determinar o custo que lles aboarán os SRAP ás entidades locais, de conformidade co establecido no*

anexo III deste convenio marco. O modelo de cálculo dos devanditos custos poderá ser obxecto de revisión por proposta e por acordo das partes, sempre que se xustifique adecuadamente a necesidade da modificación para o que deberán achegarse as probas documentais oportunas.

TERCEIRA. COMPROMISOS QUE ADQUIREN OS SRAP

As obrigacións contidas nesta cláusula atribúenselle a cada SRAP asinante e, en caso de adhesión posterior, a cada SRAP de pilas e acumuladores en proporción á súa respectiva cota de mercado establecida polo RII-PYA, salvo acordo en contrario adoptado polas propias entidades obrigadas.

1. De acordo co anterior, nos termos establecidos neste convenio marco, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores comprométense, no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia a:

a) Garantir a xestión dos RPA portátiles entregados polos consumidores ou usuarios finais nos puntos de recollida e que se poñan á disposición dos SRAP de pilas e acumuladores.

b) Contribuír a alcanzar, como mínimo, os obxectivos ecolóxicos de recollida de acordo co previsto no artigo 15.2 do Real decreto 106/2008 ou na normativa que os modifique ou substitúa.

c) De ser o caso, e de conformidade co previsto no artigo 10.4 do Real decreto 106/2008, manter en funcionamento os servizos que garantan a recollida selectiva das pilas e acumuladores portátiles usados nos puntos de recollida selectiva (PRS), e o seu transporte desde os puntos de recollida municipal (PRM) para a súa entrega ás plantas de tratamento e reciclaxe. O alcance dos servizos prestados polos SRAP de pilas e acumuladores quedará suxeito ao modelo de adhesión escollido pola entidade local de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio marco.

Neste sentido, enténdense por punto de recollida selectiva (PRS) aqueles puntos establecidos para a recollida selectiva dos residuos de pilas e acumuladores portátiles procedentes dos domicilios particulares, dos comercios ou doutros lugares asimilables accesibles aos consumidores ou usuarios finais, para o seu posterior traslado aos puntos de recollida municipal (PRM) ou centros de almacenamento temporal.

Doutra banda, os puntos de recollida municipal (PRM) son aquelas instalacións de recollida e almacenamento temporal de residuos, de titularidade municipal (puntos limpos, almacéns municipais etc.) nas que se fai provisión, entre outros, dos residuos de pilas e acumuladores recollidos nos puntos de recollida selectiva (PRS).

Estes puntos de recollida municipal (PRM) deben ter autorización como xestor de almacenamento segundo o disposto no artigo 33 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

d) Aboarlles ás entidades locais adheridas a este convenio as cantidades económicas que correspondan de conformidade co previsto no anexo III deste convenio marco.

e) Garantir, directamente ou a través de terceiros, a recollida, tratamento e eliminación dos RPA portátiles procedentes dos sistemas de recollida selectiva previstos neste convenio marco, tendo en conta as especificacións técnicas contidas no anexo V. Estas operacións de xestión levaranse a cabo respectando os principios de xestión contidos na normativa específica de aplicación.

Neste sentido, os SRAP de pilas e acumuladores unicamente son responsables, e de modo proporcional á súa cota de mercado, dos custos aos que se refire o Real decreto 106/2008 e dimanantes do contido deste convenio marco; sen que, en ningún caso, poida considerarse que puidese producirse unha situación de sucesión de empresa como consecuencia de servizos de xestión de RPA prestados por calquera administración pública, de forma directa ou indirecta, con anterioridade á sinatura deste convenio, nin como consecuencia deste ou o que o substitúa ou modifique no futuro.

f) Asumir a responsabilidade da xestión dos RPA portátiles xerados na Comunidade Autónoma e postos á disposición dos SRAP, que lles correspondan conforme á súa respectiva cota de mercado, a través dos diferentes sistemas de recollida selectiva previstos neste convenio marco.

g) Fornecerlle á Consellería a información requirida no artigo 18.1 do Real decreto 106/2008 e calquera outra información requirida na correspondente autorización/habilitación de cada SRAP, ou ben que se considere relevante para a avaliación e seguimento deste convenio marco, e a que se acorde no seo da Comisión de Seguimento.

h) Observar os principios de equilibrio territorial e de universalidade do servizo na Comunidade Autónoma; así como os de precaución, proximidade e eficacia na xestión de residuos de acordo co previsto na Lei 7/2022. Así, os sistemas de recollida que se implanten deberán implicar un número adecuado de puntos de recollida distribuídos de acordo con criterios de accesibilidade, dispoñibilidade e densidade de poboación, de conformidade cos criterios establecidos no anexo V.

i) Fornecerlles ás entidades locais os elementos necesarios para facilitar o almacenamento temporal dos residuos de pilas e acumuladores portátiles tanto nos puntos de recollida selectiva (PRS) coma nos puntos de recollida municipal (PRM), segundo a modalidade de adhesión escollida e conforme as condicións técnicas recollidas no anexo V deste convenio.

j) Remitirlle á consellería unha copia do texto dos acordos particulares que os SRAP de pilas e acumuladores queiran subscribir con entidades locais para a súa revisión.

k) Os SRAP asinantes ou que puidesen adherirse a este convenio deben establecer, individual ou colectivamente, mecanismos que garantan a coordinación na asignación de recollidas entre todos eles para que poidan cumprir coa cota de responsabilidade que a cada un lle corresponda. Para tal fin deberán ou ben manter e formar parte da Oficina de Coordinación xa constituída polos SRAP de pilas e acumuladores, comprometéndose a cumprir as obrigacións e tarefas asignadas á devandita oficina e a asumir os seus custos de xestión, ou ben presentar ante esta consellería outra proposta que garanta, por outro medio ou mecanismo, tal cumprimento. A finalidade destes mecanismos de colaboración é a de facer posible para as administracións un diálogo áxil e fluído cos SRAP de pilas e acumuladores integrantes que facilite o labor de comprobación da aplicación do Real decreto 106/2008. As referencias feitas á Oficina de Coordinación resultarán de aplicación, de ser o caso, aos mecanismos de colaboración propostos como alternativa.

O funcionamento da Oficina de Coordinación, que é única para toda España, axustarase ao disposto nos estatutos asinados polas entidades que a integran. Estes estatutos regulan, entre outros aspectos, as funcións da Oficina de Coordinación en materia de loxística, de xestión da información, de comunicación e o funcionamento da cámara de compensación. As tarefas que levará a cabo esta oficina describíense no

anexo IV.

A Oficina asumirá a función principal de coordinar a xestión dos residuos de pilas e acumuladores portátiles de todos aqueles municipios que se adhiran a este convenio marco, no prazo máximo de seis meses, que se contarán desde a adhesión da respectiva entidade local cando se trate de entidades locais que incorporen por primeira vez puntos de recollida á rede xa establecida e consolidada ao abeiro de convenios marco de colaboración formalizados con anterioridade ou que cambien de modalidade de adhesión. Para iso, a Oficina poñerá á disposición das entidades locais unha plataforma informática e un teléfono que facilitará as xestións establecidas neste convenio.

l) Realizar campañas de información, concienciación e sensibilización ambiental da cidadanía, para aumentar o grao de eficacia na recollida selectiva dos residuos de pilas e acumuladores portátiles, con vistas a facilitar o logro dos obxectivos ecolóxicos que se pretenden alcanzar. Os SRAP que formen parte deste convenio marco participarán no financiamento destas campañas segundo se calcula no anexo III.

Estas campañas de sensibilización coordinaranse para todos os tipos de residuos de pilas e acumuladores baixo o alcance do convenio, e para o ámbito e sectores que se acorden na Comisión de Seguimento. Estas campañas realizaranse nas linguas oficiais do territorio galego.

Para a organización, deseño e execución das campañas de comunicación, establécese un grupo de comunicación con representación de todas as partes. As decisións adoptadas polo grupo de traballo de comunicación deberán ser ratificadas polos membros da Comisión de Seguimento que prevé este convenio marco na súa cláusula sexta.

As entidades encargadas da contratación e execución da campaña deberán presentar todas as facturas referentes a gastos de comunicación. Cada unha das facturas deberá ir acompañada do seu correspondente xustificante de pagamento cando os seus importes sexan iguais ou superiores a 10.000 €, conforme a factura foi aboada.

Os SRAP deberán xustificarlle á Comisión de Seguimento a execución das campañas aprobadas e a aplicación total do orzamento á execución das campañas. O orzamento non gastado será acumulado para o seguinte exercicio.

A Comisión de Seguimento poderá acordar que, unha vez que finalice a campaña anual de sensibilización, se realice un estudo posterior de avaliación dos resultados obtidos e se presenten propostas de mellora para a seguinte campaña. O devandito estudo fariase con cargo ao orzamento de comunicación deste convenio marco.

m) As operacións de recollida, almacenamento e transporte realizadas baixo o ámbito deste convenio deben ser gratúitas para o posuidor e/ou usuario final.

CUARTA. COMPROMISOS QUE ADQUIRE A CONSELLERÍA COMPETENTE NA MATERIA OBXECTO DESTE CONVENIO

Sen prexuízo do resto das obrigacións previstas noutras cláusulas deste convenio marco, correspóndenlle á Consellería as seguintes obrigacións:

1. Colaborar coas entidades locais e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores na promoción e participación e, de ser o caso, na implantación de medidas tendentes a

ampliar e mellorar a recollida e a recuperación de residuos de pilas e acumuladores portátiles, de acordo co que determine a Comisión de Seguimento.

2.Promover a participación das entidades locais na recollida dos RPA portátiles e a súa adhesión ao convenio marco. Para iso, a comunidade autónoma comunicaralles ás entidades locais a sinatura deste convenio marco, o seu contido e informaraas da posibilidade de formalizar a súa adhesión coas condicións a que se refire o anexo I.

3.Participar no deseño e na coordinación das campañas de comunicación que se enmarquen nas directrices acordadas pola Comisión de Seguimento.

4.Informar a Oficina de Coordinación das incorporacións de entidades locais que se vaian adherindo a este convenio marco, para os efectos de que a oficina e os SRAP membros poidan ir reorganizando os seus sistemas loxísticos de recollida e a xestión dos residuos de pilas e acumuladores.

5.Colaborar coas entidades locais, na posta en marcha de dispositivos de inspección e control para o seguimento das obrigacións e actuacións previstas neste convenio marco e dentro do ámbito das competencias da consellería competente na materia obxecto deste convenio.

6.Esixirlle as mesmas obrigacións que asumen os SRAP en virtude da sinatura deste convenio, e co mesmo alcance e contido, ao resto de produtores de pilas e acumuladores que decidisen cumprir as obrigacións impostas polo Real decreto 106/2008 mediante outras modalidades diferentes, de acordo co previsto no artigo 5.2 da citada norma, ou a través dun SRAP non asinante deste convenio.

7.Intercambiar coas entidades locais e cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor calquera outra información de interese para o correcto cumprimento das medidas e compromisos previstos, en particular as relativas aos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor que se adhiran a este convenio marco e os resultados que se vaian obtendo na recollida e xestión de residuos de pilas e acumuladores na Comunidade Autónoma.

8.A sinatura deste convenio non supón a asunción de ningunha carga económica para a consellería competente na materia obxecto deste convenio.

QUINTA. COMPROMISOS QUE ADQUIREN OS ENTES LOCAIS

1.As entidades locais que o desexen poderán adherirse a este convenio marco de acordo co procedemento establecido nel.

2.A adhesión das entidades locais implicará a autorización aos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores para desenvolver nos seus respectivos territorios as actuacións inherentes á recollida selectiva e correcta xestión dos residuos de pilas e acumuladores portátiles nas cadeas de distribución coas que teñen acordos para a recollida selectiva destes residuos nas súas instalacións.

3.As entidades locais que voluntariamente desexen adherirse a este convenio marco deberán:

- Presentar a modo de solicitude o modelo de adhesión que figura no anexo I, debidamente asinado por quen corresponda na entidade.

- A solicitude deberá acompañarse:

◦ Da documentación xustificativa da aprobación da adhesión polo órgano competente na entidade local.

◦ Da información que tamén figura no anexo I deste convenio en relación cos datos da entidade solicitante, cuxo formato e contido necesarios para facer efectiva a adhesión será acordado entre os SRAP e a Consellería.

Esta documentación deberá facerse chegar á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a través dos medios electrónicos referidos na seguinte ligazón: <https://sirga.xunta.gal/convenio-marco-pilas>

Así que se reciba a solicitude e se comprobe a integridade da documentación requirida, a Consellería comunicarlles a devandita adhesión aos SRAP.

Enténdese como producida a adhesión (en diante, adhesión efectiva) cando se cumpre o requirido neste convenio marco, en relación co anexo I, e se fornece a información precisa para garantir o servizo, de acordo co establecido no apartado quinto desta cláusula.

4.A adhesión a este convenio marco poderá realizarse baixo unha das dúas opcións seguintes:

OPCIÓN A

A partir da data de adhesión ao convenio, a entidade local seguirá coordinando e sufragando a recollida selectiva dos RPA portátiles xerados no seu municipio e responsabilizarase integramente da súa xestión e financiamento ata os puntos de recollida municipal (PRM), nos cales poñerá á disposición dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor os RPA recollidos. A entidade local será compensada economicamente pola contenerización, recollida, transporte (desde os puntos de recollida selectiva — PRS— dos residuos ata o punto de recollida municipal —PRM—) e almacenaxe temporal, en concepto de custo económico desas operacións, tendo en conta para a súa cuantificación o establecido no anexo III deste convenio marco.

As entidades locais adheridas a esta opción comunicarán calquera cambio que tivese lugar na rede de puntos de recollida, PRM e PRS, establecidos no seu ámbito territorial (posta en funcionamento de novos PRM ou PRS, a baixa dalgún punto etc.).

OPCIÓN B

A partir da data de adhesión ao convenio marco, a entidade local non coordinará nin sufragará o servizo de recollida, transporte e almacenamento temporal dos RPA portátiles no seu municipio. Polo tanto, desde ese momento este servizo será realizado polas entidades xestoras dos SRAP e coordinado pola Oficina de Coordinación. Cando se trate de entidades locais que incorporen por primeira vez puntos de recollida á rede xa establecida e consolidada ao abeiro de convenios marco de colaboración formalizados con anterioridade ou que cambien de modalidade de adhesión, a prestación do servizo por parte das entidades xestoras dos SRAP para organizar a recollida dará comezo nun prazo máximo de seis meses desde a data de adhesión efectiva ou, de ser o caso, cando finalice o contrato establecido entre a entidade local e a empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos, se esta data é superior a seis meses.

Nesta opción, a entidade local unicamente se compromete a recibir e almacenar temporalmente os residuos de pilas e acumuladores portátiles que sexan entregados nos seus puntos de recollida municipal e a entregalos aos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor. En ningún caso poderá

considerarse que se deu situación de sucesión de empresa como consecuencia de servizos de xestión de residuos de pilas e acumuladores prestados pola entidade local, de forma directa ou indirecta, con anterioridade á sinatura deste convenio nin como consecuencia deste ou do que o substitúa ou modifique no futuro.

No período transitorio ata que os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor se fagan cargo do servizo, a entidade local recibirá a compensación económica establecida no anexo III deste convenio marco para a opción A.

5. Para tramitar a adhesión en calquera das súas modalidades referidas, así como para a incorporación de novos puntos, en calquera momento durante a vixencia deste convenio, a entidade local deberá cubrir e facilitar a información requirida conforme o establecido no punto 3 desta cláusula.

6. Unha vez que se adhira a este convenio, a entidade local poderá modificar a opción de adhesión escollida de acordo coas consideracións seguintes:

OPCIÓN A:

A entidade local que no momento de adherirse ao convenio optase pola opción A poderá, con posterioridade á súa adhesión, optar pola opción B en calquera momento, sempre que esta decisión sexa comunicada de maneira fidedigna cunha antelación mínima de 4 meses á data na que debe facerse efectivo o cambio de modalidade de adhesión a este convenio marco. Unha vez que se comunique a data, serán de aplicación as consideracións incluídas na opción B en relación coa prestación do servizo e coa cobranza da compensación económica ata que o cambio de opción teña lugar.

OPCIÓN B:

A entidade local que no momento de adherirse ao convenio optase pola opción B poderá cambiar á opción A cando así o comunique de modo fidedigno. Se transcorren menos de tres anos desde a adhesión na opción B, a Consellería dará traslado da solicitude aos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor e, se estes considerasen que esta situación supón un prexuízo para eles, poderán apelar á Comisión de Seguimento para que se analice a situación antes de facer efectivo o cambio de modalidade. Neste caso, a Comisión de Seguimento deberá aprobar este cambio antes de facelo efectivo.

7. As entidades locais adoptarán as medidas necesarias para facilitar a implantación efectiva dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores asinantes deste convenio no seu ámbito territorial conforme a opción de adhesión (A ou B) escollida.

8. Intercambiar coa Consellería e coa Oficina de Coordinación calquera información que sexa de interese para o desenvolvemento do convenio.

9. As entidades locais que voluntariamente se adhiran a este convenio marco terán a consideración de partes del.

10. Sen prexuízo da opción escollida (A ou B) para adherirse a este convenio, a entidade local permitirá a recollida de residuos de pilas e acumuladores, por parte dos SRAP, nos puntos da rede de distribución ou outros puntos situados no seu ámbito territorial que pertencen a empresas ou entidades privadas cun acordo de colaboración específico con algún dos SRAP de pilas e acumuladores.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constitúese a Comisión de Seguimento do convenio, cuxa composición e modo de funcionamento se define no anexo VII.

En xeral, correspóndelle á Comisión de Seguimento a óptima coordinación entre as partes e, en particular:

1. Analizar e resolver todas as cuestións e problemas non resoltos ou non previstos, así como todas as cuestións relativas á execución deste convenio marco, á súa interpretación e proposta de posible modificación, se procede. Neste último caso, calquera modificación do convenio que implique algunha modificación substancial do seu funcionamento ou das condicións económicas contidas nel incorporarase a este mediante unha addenda adicional proposta pola Comisión de Seguimento e asinada por todas as partes, conforme o establecido na cláusula décima.

2. Intervir no caso de discrepancias na posta en práctica do convenio entre sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores e algunha ou algunhas das entidades locais adheridas a el. Nestes casos, a Comisión de Seguimento, tras analizar a situación creada, decidirá a forma de proceder para a súa resolución, sen prexuízo das demais vías xurídicas que procedan e asistan ás partes.

3. Velar polos principios de equilibrio territorial e universalidade do servizo no ámbito territorial incluído baixo o alcance deste convenio, de acordo co establecido na Lei 7/2022, e pola execución dos obxectivos propostos e as accións concretas que leven a cabo.

4. Propoñer cantas medidas complementarias se consideren necesarias para o mellor cumprimento dos fins previstos.

5. Efectuar o seguimento e a avaliación das accións programadas.

6. Aprobar as campañas de concienciación cidadá e sensibilización social definidas, de ser o caso, polo grupo de traballo de comunicación, establecidas no apartado I) da cláusula terceira deste convenio marco, acordando para iso o importe económico que se destinará a cada unha en función do obxectivo que se pretende e o ámbito de aplicación no que se desenvolverá.

7. Analizar e dirimir as cuestións litixiosas que se expoñan entre as partes na execución deste convenio marco, sen prexuízo das demais vías xurídicas que procedan e asistan ás partes.

8. Calquera outra que sexa precisa para o adecuado desenvolvemento deste convenio marco ou que estean establecidas nel.

9. A adopción de acordos pola Comisión de Seguimento requirirá o consenso das partes, que, entre outros, poderán determinar as súas propias normas internas de funcionamento.

SÉTIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. As partes infórmanse mutuamente de que os datos dos intervenientes e das persoas de contacto que se designen serán tratados co obxecto de ser utilizados en relación co desenvolvemento e execución deste convenio marco, así como para a xestión e arquivo da documentación relativa a el.

2.A base legal para o tratamento dos datos persoais é o consentimento específico expresado neste documento, a execución deste contrato e, de ser o caso, o interese lexítimo das partes na correcta execución deste convenio marco, para os fins do desempeño e control da relación contractual e a entrega de calquera documentación relevante, así como para manter rexistros históricos de relacións comerciais anteriores.

3.Os datos proporcionados serán conservados polo tempo que resulte necesario para os efectos de garantir o cumprimento das obrigacións legais que lles corresponden ás partes e, en calquera caso, durante os prazos que a lexislación aplicable especifique.

4.Os datos persoais non son comunicados a terceiros nin transferidos fóra de España.

5.As partes acordan que os datos de contacto dos respectivos responsables para os efectos de calquera asunto en materia de protección de datos son:

- protecciondedatos@recyclia.es no caso da Fundación Ecopilas,
- protecciondatos@erp-recycling.org no caso de ERP España,
- rgpd@ecolec.es no caso de Ecolec,
- rgpd@unibat.org no caso de Unibat,
- e <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos> no caso da Consellería.

6.Os intervenientes e as citadas persoas de contacto, nos termos establecidos na normativa sobre protección de datos vixente en cada momento, poderán revogar en calquera momento a autorización concedida para o tratamento, así como exercer os dereitos de acceso aos seus datos persoais, rectificación, supresión, oposición, dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, o dereito á portabilidade e o dereito a presentar unha reclamación ante unha autoridade de control (Axencia Española de Protección de Datos www.aepd.es).

Para iso, poderanse dirixir por escrito mediante correo postal enviado aos enderezos identificados no encabezamento deste convenio marco e mediante correo electrónico aos seguintes enderezos:

- protecciondedatos@recyclia.es no caso da Fundación Ecopilas,
- protecciondatos@erp-recycling.org no caso de ERP España,
- rgpd@ecolec.es no caso de Ecolec,
- rgpd@unibat.org no caso de Unibat.

7.Están previstas as seguintes cesións de datos: cando as entidades locais tramiten solicitudes de retirada de RPA, os datos das persoas de contacto comunicaránselles ás empresas ás que, de ser o caso, se encomenden as actividades de entrega de contedores, recollida, almacenamento, transporte e/ou tratamento dos RPA obxecto deste convenio marco, así como aos órganos competentes en materia de medio ambiente de cada comunidade autónoma para o cumprimento do Real decreto 553/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado e o cumprimento de toda a normativa vixente en materia de residuos e de transporte de mercadorías.

8.Se, como consecuencia da execución deste convenio marco, as partes debesen comunicarse mutuamente datos de carácter persoal de terceiros, estas comprométense, con carácter previo á devandita comunicación, a informar as persoas interesadas e solicitar o seu consentimento nos termos establecidos

nos artigos 6 e 13 do Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RXPd). A obrigaón de contar co consentimento da persoa interesada non será de aplicación cando, en aplicación do artigo 6.1.c do RXPd, a devandita comunicación sexa necesaria para o cumprimento de obrigaóns legais aplicables ás partes.

9.Cada unha das partes deberá trasladar o contido desta cláusula ás persoas de contacto cuxos datos faciliten en relación co desenvolvemento e execución deste convenio, eximindo a outra parte de calquera responsabilidade derivada da omisión desta obrigaón de informar.

10.Infórmase de que Ecopilas forma parte da organización SIG de RAEE e Pilas, SL (Recyclia) e é esta a entidade administradora de devandito SRAP. Recyclia, para prestarlle servizos xerais e administrativos a Ecopilas, actuará en calidade de encargada do tratamento de datos. Ecopilas e Recyclia subscribiron o correspondente contrato de acceso e tratamento de datos por conta de terceiros e garanten que esta actuará unicamente seguindo as instrucións de Ecopilas e garantindo a seguridade dos datos tratados.

OITAVA. DURACIÓN E REVISIÓN DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor, con carácter retroactivo, o 1 de xaneiro de 2025 e terá un prazo de duración de catro anos.

As obrigaóns económicas previstas de acordo con este convenio serán de aplicación tendo en conta o seguinte:

-Para as entidades locais que presentasen a súa solicitude de adhesión con anterioridade ao 30 de setembro de 2025, ou como moi tarde nesa data, desde o 1 de xaneiro de 2025.

-Para as entidades locais que presenten a súa solicitude de adhesión con posterioridade ao 30 de setembro de 2025, desde o primeiro día do trimestre que corresponda á data da solicitude.

En calquera momento, antes da finalización do prazo de duración, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga, por períodos de dúas anualidades, ata un máximo de catro anos adicionais ou a súa extinción.

Con obxecto de garantir a continuidade do servizo os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor na Comunidade Autónoma, e de non prexudicar as actuacións desenvoltas polas administracións públicas no caso de que este convenio marco deixe de ter vixencia por algunha razón, manteranse, con carácter transitorio, as condicións de financiamento e funcionamento previstas nel durante un prazo máximo dun ano.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa, de acordo co previsto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A súa interpretación e desenvolvemento réxese polo ordenamento xurídico administrativo e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

As controversias xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivar da aplicación deste convenio deberán liquidarse de mutuo acordo no seo da Comisión de Seguimento

indicada na cláusula sexta.

Así mesmo, as cuestións litixiosas non resoltas pola Comisión de Seguimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As condicións deste convenio serán interpretadas de acordo coa normativa vixente e, de ser o caso, as condicións serán revisadas nos seguintes casos:

a) Por vontade das partes. Calquera modificación deste convenio que implique algunha alteración substancial do seu funcionamento ou das condicións económicas contidas nel incorporarase a este mediante unha addenda adicional aprobada pola Comisión de Seguimento e asinada por todas as partes.

b) Por cambios regulatorios que incidan directamente no seu contido.

c) Por resolucións xudiciais firmes que, de ser o caso, puidesen afectarlle.

DÉCIMO PRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DA ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS

Serán causas de resolución da adhesión das entidades locais ao convenio marco:

1. O incumprimento das obrigacións que lles corresponden ás entidades locais adheridas a este convenio marco.

2. A desistencia unilateral e voluntaria das entidades locais da adhesión a este convenio marco, sempre que se cumpran os prazos e condicións inicialmente asumidos. Para os anteriores efectos, a entidade local que optase pola opción A de adhesión ao convenio marco poderá desistir unilateralmente en calquera momento sen que poidan esixir indemnización ningunha derivada do establecido neste convenio. Se se optou pola opción B para a adhesión, a desistencia da adhesión só se poderá facer efectiva unha vez que transcorran tres anos, que se contarán desde o momento no que se comece efectivamente a funcionar baixo a opción B.

3. Por calquera das causas previstas no marco normativo vixente.

4. No caso de que unha entidade local manifeste desacordo coas condicións acordadas na Comisión de Seguimento, cando esta solicite a modificación da opción de adhesión de B a opción A.

Para calquera dos supostos anteriores, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor poderían levar á Comisión de Seguimento o prexuízo causado. A Comisión de Seguimento decidiría se os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor deberían recibir unha compensación por iso, o importe da devandita compensación e se esta debe ser asumida pola entidade local.

DÉCIMO SEGUNDA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. Este convenio marco quedará resolto de pleno dereito polo transcurso do prazo fixado de duración, sen prexuízo das prórrogas que se produzan, segundo o especificado na cláusula oitava.

2. Serán causas xerais de resolución do convenio as seguintes:

- Por mutuo acordo das partes que interveñen no convenio.
- Por imposibilidade de conseguir o obxecto ou a finalidade prevista neste convenio.
- Por incumprimento grave das disposicións deste convenio.
- Por calquera das causas de resolución previstas no marco normativo vixente.

3. Serán causas de resolución do convenio para un determinado SRAP as seguintes:

- Por falta de viabilidade económica ou técnica do sistema individual ou colectivo de responsabilidade ampliada do produtor.

- No caso de que se producise a suspensión, caducidade ou revogación da autorización do SRAP ou inhabilitación do sistema individual de responsabilidade ampliada do produtor, o convenio quedaría resolto con respecto ao citado sistema colectivo ou individual cuxa autorización ou habilitación resultase afectada.

DÉCIMO TERCEIRA. EFECTOS DA RESOLUCIÓN ANTICIPADA DO CONVENIO MARCO

No suposto de instarse a resolución anticipada deste convenio marco, segundo algunha das formas previstas na anterior cláusula décimo primeira, e atoparse as entidades locais pendentes de percibir a compensación dalgunha cantidade polo servizo de recollida e xestión de RPA portátiles, corresponderalles aos SRAP de pilas e acumuladores asinantes ou posteriormente adheridos a este convenio marco no momento da resolución anticipada o aboamento destas cantidades, na mesma contía proporción que lles correspondese na data inmediatamente anterior á resolución.

DÉCIMOCUARTA. SUBSCRICIÓN FUTURA DO CONVENIO POLOS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR DISTINTOS DOS ASINANTES

Os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor distintos dos asinantes deste convenio marco poderán adherirse a el.

De conformidade co anterior, este convenio está aberto para que, con posterioridade á súa sinatura, sexa subscrito mediante addenda (conforme o modelo establecido no anexo VI) por todo aquel SCRAP autorizado ou por un produtor de pilas e acumuladores que teña implantado o seu propio sistema de xestión individual, asumindo a totalidade dos compromisos contidos neste convenio marco.

DÉCIMO QUINTA. NOTIFICACIÓNS

1. Calquera notificación entre as partes relacionada coa modificación, interpretación ou execución deste convenio, con excepción daquelas que teñan que realizarse por vía telemática, deberá realizarse por escrito e por correo certificado con xustificante de recepción ou burofax, ou por calquera outro método que garanta a súa fidegüinidade, incluído o correo electrónico, dirixido ás persoas que a continuación se designan e nos domicilios que, así mesmo, se sinalan, que poderán ser modificados tras a notificación polo mesmo medio:

a) Se van dirixidas á Fundación Ecopilas, figurará como destinatario don José Gabriel García Aguado ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade será previamente comunicada á Xunta de Galicia e aos

SRAP que forman parte deste convenio marco.

b) Se van dirixidas a ERP España, figurará como destinataria dona Laura Alonso Abajo ou a persoa na que esta delegue, cuxa identidade será previamente comunicada á Xunta de Galicia e aos SRAP que forman parte deste convenio marco.

c) Se van dirixidas a Ecolec, figurará como destinatario don Luis Moreno Jordana ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade será previamente comunicada á Xunta de Galicia e aos SRAP que forman parte deste convenio marco.

d) Se van dirixidas a Unibat, figurará como destinatario don Marcel Mongay García ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade será previamente comunicada á Xunta de Galicia e aos SRAP que forman parte deste convenio marco.

e) Se van dirixidas á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático: San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela. Figurará como destinataria a persoa titular da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ou a persoa na que esta delegue, cuxa identidade será previamente comunicada aos SRAP que forman parte deste convenio marco.

2. Calquera cambio nas persoas designadas polas partes deberá ser notificado de forma fidedigna para coñecemento das outras partes.

DÉCIMO SEXTA. INTEGRIDADE E EFICACIA

A sinatura deste convenio por cada un dos SRAP de pilas e acumuladores queda condicionada á vixencia da correspondente autorización ou habilitación do sistema de responsabilidade ampliada do produtor, de acordo coa normativa específica de aplicación.

Este convenio marco, así como os anexos que o acompañan e forman parte íntegra del, constitúen un único documento, completo, que recolle integramente o acordo entre as partes e substitúe, derroga e deixa sen efecto calquera outro acordo verbal ou por escrito referido ao mesmo obxecto ao que chegasen as partes con anterioridade á data da sinatura deste convenio marco.

Cada unha das cláusulas son integrantes e interdependentes entre elas. Se por derogación ou modificación da lexislación vixente algunha das cláusulas tivese que ser modificada ou perdese a súa eficacia, modificarase esta de ser posible e manterá plena vixencia o resto do convenio conforme o pactado.

E en proba da súa conformidade con todo o convindo no presente documento, as partes ratifícanse no seu contido e obríganse ao seu cumprimento, e por iso asinan este convenio, para un só efecto, no lugar e na data indicados na sinatura electrónica.

*Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
Ángeles Vázquez Mejuto*

*O representante da Fundación para a Xestión Ambiental de Pilas
José Gabriel García Augado
O representante de European Recycling Platform España, SLU*

Laura Alonso Abaixo
O representante da Fundación Ecolec
Luis Moreno Jordana
O representante de Unibat
Marcel Mongay García

ANEXO I: ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DAS ENTIDADES LOCAIS AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES

As entidades locais que desexen adherirse a este convenio teñen á súa disposición na ligazón <https://sirga.xunta.gal/convenio-marco-pilas>:

◦O modelo de solicitude de adhesión que se anexa como anexo I.a), a través do cal a entidade solicitante deixará constancia da aceptación de todos os pactos e estipulacións contidos nel. A solicitude, debidamente asinada por quen corresponda na entidade solicitante, acompañarase da documentación xustificativa da aprobación da adhesión polo órgano competente.

◦Os formularios a través dos cales se proporcionará a información requirida, de conformidade coa ficha que se acompaña como anexo I.b).

◦A ligazón a través da cal se fará chegar á Consellería a documentación por medios electrónicos.

Unha vez que se reciban as solicitudes e se comprobe a integridade da documentación requirida, a Consellería comunicarlles a adhesión aos SRAP a través da Oficina de Coordinación, a cal queda obrigada, desde o seu coñecemento e adhesión efectiva, a asumir, nos prazos establecidos na cláusula quinta, a coordinación da xestión lóxística segundo o modelo de adhesión escollido e da facturación correspondente da entidade local no ámbito do citado convenio marco.

Anexo I.a): MODELO DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN

Mediante este escrito, solicito a adhesión ao convenio marco subscrito entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores.

De conformidade coa cláusula quinta, apartado 3 do convenio marco referido anteriormente, anexamos a este escrito a documentación xustificativa da aprobación da adhesión ao convenio marco e os seus anexos polo órgano competente na entidade local (*), o que supón a aceptación de todos os pactos e estipulacións contidos nel, en particular no relativo á cláusula quinta, conforme o modelo de adhesión escollido.

A adhesión ao convenio formalízase na seguinte modalidade

(elíxase unha):

OPCIÓN A

A entidade local que subscibe esta adhesión seguirá coordinando e sufragando a contenerización, o servizo de recollida, o transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos —PRS— ata o punto de recollida municipal —PRM—) e a almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial,

recibindo por iso a compensación económica en concepto das citadas operacións establecida no anexo III do precitado convenio marco.

OPCIÓN B

A entidade local comunica a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, o transporte (desde os puntos de recollida selectiva dos residuos —PRS— ata o punto de recollida municipal —PRM—) e a almacenaxe temporal dos residuos de pilas e acumuladores e, polo tanto, que este sexa realizado polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor conforme as condicións e prazos establecidos na cláusula quinta do citado convenio marco.

..... dede 20...

O/A presidente/a da Corporación

Asdo.: D./D.^a

(*) NOTA: Consistirá xeralmente nun acordo adoptado polo Pleno da Corporación que se adhira ao convenio marco, salvo que a competencia estea delegada; nese caso, será o acordo de adhesión adoptado polo órgano da corporación, ente, organismo ou empresa pública que teña a delegación, acompañado da resolución de delegación.

Datos da entidade adherida ao convenio	
Nome ou razón social	
NIF	
Enderezo	
Núm.	
Código postal	
Localidade	
Concello	
Provincia	
Comunidade Autónoma	
Persoa de contacto	
Teléfono	
Fax	
Enderezo Electrónico	
Datos da empresa concesionaria dos servizos de recollida (1)	
Nome ou razón social	
NIF	

Enderezo	
Núm.	
Código postal	
Localidade	
Concello	
Provincia	
Comunidade Autónoma	
Persoa de contacto	
Teléfono	
Fax	
Enderezo Electrónico	
Datos da entidade de facturación (2)	
Identificación da entidade que factura	
NIF	
Núm. de conta	
Forma de pago	
(1)Este punto ha de cubrirse se, no momento da adhesión do goberno local, a recollida se realiza a través dunha empresa concesionaria. Deberase cubrir este campo para cada empresa concesionaria do servizo de recollida nese municipio. Con posterioridade á adhesión, se a recollida se realiza a través dunha empresa concesionaria, será necesario enviar un documento de delegación expresa asinado e selado pola Administración adherida ao convenio marco. O devandito modelo de documento poderá facilitalo a Oficina de Coordinación. (2)Este punto ha de cubri-lo a entidade que factura (goberno local adherido ou entidade concesionaria, se procede) no momento da adhesión. Con posterioridade á adhesión, no caso de que non sexa o goberno local adherido quen facture e este delegue a cobranza da facturación, será necesario enviar un documento de delegación expresa asinado e selado pola Administración adherida ao convenio marco. O devandito modelo de documento poderá facilitalo a Oficina de Coordinación.	

Para os efectos de facer efectiva a adhesión, as entidades locais que voluntariamente se adhiran a este convenio marco fornecerán os datos da totalidade dos puntos de recollida selectiva e dos puntos de recollida municipal, do seu municipio conforme o procedemento de adhesión. A continuación, indícase o formato e o contido requirido. A entidade local facilitará a información da rede existente cunha desagregación similar ao proposto. No caso de non existir unha rede de puntos de recollida xa establecida, a entidade local remitirá a información sobre posibles localizacións de acordo co presente formato:

FICHA ALTA PRM/PRS			
CAMPO	OBRIGATORIEDADE		
Tipo de punto de recollida ¹	Obrigatorio só para puntos de recollida municipal.		
Nome do punto de recollida	Cubrir obrigatoriamente para todos os puntos de recollida.		
CIF/NIF punto de recollida	Obrigatorio para puntos de recollida municipal.		
Enderezo (rúa, praza etc.)	Cubrir obrigatoriamente para todos os puntos de recollida.		
Núm.	Cubrir obrigatoriamente para todos os puntos de recollida.		
Código postal	Cubrir obrigatoriamente para todos os puntos de recollida.		
Localidade	Cubrir obrigatoriamente para todos os puntos de recollida.		
Concello	Cubrir obrigatoriamente para todos os puntos de recollida.		
Provincia	Cubrir obrigatoriamente para todos os puntos de recollida.		
Persoa de contacto	Obrigatorio só para puntos de recollida municipal.		
Teléfono	Obrigatorio só para puntos de recollida municipal.		
Enderezo electrónico	Obrigatorio só para puntos de recollida municipal.		
Horario	Obrigatorio só para puntos de recollida municipal.		
Báscula de pesada (SI/NON)	Obrigatorio só para puntos de recollida municipal.		
NIMA ²	Obrigatorio só para puntos de recollida municipal.		
Identificación de contedores ³	Tipo de contedor	Número	Capacidade
1	Obrigatorio		
2			
(...)			
(1) Indicar cal:			
TIPO	DESCRICION		
Centro educativo	Colexio, instituto, universidade pública, universidade privada etc.		
Centro público	Casas de cultura, sedes, concellos, bibliotecas, hospitais, centros cívicos, equipamentos deportivos etc.		
Distribución	Comercios, centros comerciais, supermercados etc.		
Centro privado	Empresas privadas, asociacións etc., con acceso limitado ao público		
Punto de recollida municipal	Puntos limpos, almacén municipal, planta de triaxe etc.		

(2)Obrigatorio para instalacións «punto de recollida municipal». NIMA: é o código no ámbito estatal de identificación dos centros rexistrados como produtores e/ou xestores de residuos. Componse de 10 díxitos,

o código da provincia (INE) (2 díxitos) + código numérico (8 díxitos).

(3)Obrigatorio para puntos de recollida municipal. Engadiranse tantas filas como contedores existentes de diferentes tipoloxías.

A web de OfiPilas publicará información sobre os puntos de recollida selectiva (PRS) e os puntos de recollida municipal (PRM) con acceso á cidadanía. Se desexa que a páxina web de OfiPilas non publique a información dos PRS e PRM situados no seu ámbito territorial, por favor marque a seguinte casa:

☐ Non autorizo a Oficina de Coordinación a incluír os datos de razón social e enderezo completo no mapa de recollida da web de OfiPilas como punto de recollida con acceso á cidadanía.

Anexo II: OBRIGACIÓNS DE CARÁCTER INFORMATIVO DOS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE PILAS E ACUMULADORES

Os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores, a través da plataforma informática posta á disposición pola Oficina de Coordinación, facilitaranlles o acceso aos membros da Comisión de Seguimento a toda a información presentada polas entidades locais do seu territorio que se adheriron ao convenio marco.

Co fin de facilitar o manexo da información por parte dos membros da Comisión de Seguimento, desde a anteriormente citada plataforma informática poñerase á disposición dos membros da Comisión de Seguimento un informe de control, co contido que se indica a continuación, unha vez que o volume da información dispoñible o permita:

- A evolución das adhesións totais ao convenio marco na Comunidade Autónoma e no ámbito da provincia.
- O alta dos puntos de recollida (PRS e PRM): totais provinciais e totais da Comunidade Autónoma.
- As cantidades de RPA recollidas en PRM e PRS. A evolución das cantidades recollidas totais e as cantidades recollidas acumuladas provinciais e total na Comunidade Autónoma.
- As cantidades recollidas segundo a orixe¹, acumuladas, por provincia e total na Comunidade Autónoma.
- O seguimento e control dos servizos de recollida a través da aplicación informática da Oficina de Coordinación mediante a evolución mensual das solicitudes de recollida en puntos de recollida (PRM/PRS) totais na Comunidade Autónoma e a evolución do rexistro de incidencias totais rexistradas nas citadas recollidas.
- As cantidades recollidas de RPA portátiles totais segundo tipo de punto (PRM ou PRS) desagregado a diario de responsabilidade ampliada.
- As cantidades recollidas de RPA portátiles totais provinciais.

A información estará dispoñible para os membros da Comisión de Seguimento dentro dos 20 días seguintes ao peche de cada mes.

As entidades locais deberán ter acceso á información das recollidas realizadas no seu ámbito territorial.

Na Comisión de Seguimento analizarase a situación da prefacturación e das facturas emitidas polas entidades locais, e as incidencias sobre estas tramitacións que poidan existir.

¹PRM e PRS: Recollida municipal independente do tipo de punto; Distribución: Canle propia do SRAP de distribución; Outras canles: Puntos privados, profesional, outros.

Anexo III. RELACIÓNS ECONÓMICAS ENTRE AS ENTIDADES LOCAIS E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE PILAS E ACUMULADORES QUE FORMAN PARTE DO PRESENTE CONVENIO MARCO

1. Relacións económicas entre as entidades locais e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor a partir da adhesión da entidade local a este convenio

Os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor aboaranlles ás entidades locais, segundo o que resulte de aplicación de conformidade co establecido na cláusula oitava (Duración e revisión do convenio) deste convenio, o importe correspondente en función da modalidade de adhesión (A ou B) ao convenio marco elixida, e con base nas cantidades que lles sexan entregadas aos devanditos sistemas.

De acordo co anterior, as entidades locais adheridas na modalidade A recibirán a compensación polos custos derivados da contenerización, recollida, transporte (desde os puntos de recollida selectiva —PRS— dos residuos ata o punto de recollida municipal —PRM—) e almacenamento temporal no PRM.

Cando a entidade local se adhire na modalidade B, unicamente se compromete a recibir e almacenar temporalmente os residuos de pilas e acumuladores portátiles que sexan entregados no seus PRM e a entregalos aos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores asinantes, e non percibirá ningunha compensación polos devanditos conceptos.

A Oficina de Coordinación actuará como intermediaria entre os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores e as entidades locais.

Importes

Segundo o seguinte cadro, establécese un importe fixo anual (€/t) para os anos de vixencia do convenio marco:

	Importe fixo por tonelada de RPA xestionada			
Ano	2025	2026	2027	2028
OPCIÓN A	589,38	595,27	601,22	607,23

Esta compensación económica será aplicable única e exclusivamente aos RPA procedentes de fogares particulares que se recolleron mediante puntos de recollida selectiva (PRS) e almacenados nos puntos de recollida municipal (PRM). En ningún caso se poderá aplicar esta compensación ao resto de fluxos de RPA que se admitan nun punto de recollida municipal.

Actualización dos importes

Unha vez que finalice o 2026, se a suma dos IPC subxacentes acumulados nos exercicios 2025 e 2026 supera, en positivo ou negativo, o 10 %, deberá reunirse a Comisión de Seguimento e poderá establecer novos importes que reflectan o custo real de xestión. Os novos importes deberanse acordar na Comisión de Seguimento e deberase formalizar a correspondente addenda ao convenio.

Facturación

A Oficina de Coordinación, a través da súa aplicación informática e da información recompilada a través desta, emitirá un documento de prefactura por entidade local adherida ao convenio marco e para cada un dos SRAP, baseada nos albarás de recollida emitidos no período obxecto de facturación.

Calendario de prefacturación

En cada ano natural, a Oficina de Coordinación, a través da súa aplicación informática, emitirá unha factura anual (documento sen validez oficial, só facilita os datos da factura oficial que deberá emitir a entidade local) de acordo co calendario que aparece a continuación:

MES	Data de emisión/envío da prefactura
Febreiro	Data límite de emisión: o 28 de febreiro

Soamente serán obxecto de prefacturación as cantidades económicas resultantes dos quilos de residuos de pilas e acumuladores portátiles que consten nos albarás de recollida xerados dentro do ano natural obxecto de facturación e que se atopen cargadas en OfiPilas. Xérase unha prefactura a diario de responsabilidade ampliada do produtor.

A prefactura non ten validez contable, polo tanto, ata que o SRAP non recibe a factura emitida pola entidade local, non se pode proceder ao seu pago por parte do SRAP.

As facturas deberán ir acompañadas do documento de prefactura emitida por OfiPilas como comprobante para o SRAP.

O SRAP terá un prazo máximo de 60 días, desde a data de recepción da factura para proceder ao seu pago.

2.Custos para financiar as campañas de comunicación cidadá e sensibilización social

A achega de cada SRAP á campaña de comunicación do ano N calcularase segundo a súa cota de mercado do ano N-1 e segundo o seu nivel de cumprimento dos obxectivos de recollida selectiva de RPA portátiles no ano N-1. O importe calculado, ao cal se lle sumará o imposto do valor engadido correspondente (IVE), fixarase cada ano, tan pronto como estean dispoñíbles os datos de cota de mercado e de grao de cumprimento de obxectivos, considerando os valores seguintes:

1.Poboación de dereito da Comunidade Autónoma segundo o último censo de poboación vi- xente publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) para o cálculo do orzamento de comunicación.

2.Poboación de dereito da Comunidade Autónoma segundo o último censo de poboación vi- xente publicado polo Instituto Nacional de Estatística (INE) para o cálculo do produto posto no mercado na Comunidade Autónoma.

3.Achega unitaria por habitante. A achega unitaria oscilará entre 0,03 €/hab./ano e 0,05 €/ hab./ano, de acordo cos seguintes tramos:

CUMPRIMENTO OBXECTIVOS	€/HABITANTE/ANO
≤ 90 %	0,05
> 90 % e ≤ 98 %	0,04
> 98 %	0,03

4.As recollidas por cada SRAP serán as cantidades que cada SRAP declarase nas súas memo- rias anuais auditadas para o ano N-1. Estas cantidades poderán ser revisadas pola Conse- llería, de acordo coa revisión que esta efectúe dos informes anuais presentados polos SRAP.

Neste mesmo apartado 4, con respecto aos obxectivos de recollida, deberanse alcanzar os previstos no artigo 15 do Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, de pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, que son o 50 % a partir do 31 de decembro de 2020.

Os gastos non realizados durante o ano en curso relativos a campañas de concienciación serán acumulables como máximo durante un ano.

As accións conxuntas realizadas polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores deberán ser aprobadas pola Comisión de Seguimento detallada na cláusula sexta deste convenio.

Respecto da realización e xustificación de campañas de comunicación cidadá e sensibilización social baixo o alcance desta epígrafe, os SRAP poderán xustificar unha parte do gasto de comunicación que lle corresponda en campañas de comunicación individual, coa condición de que estas fosen sometidas, con carácter previo á súa realización, á valoración da Comisión de Seguimento, esta non manifestase a súa desconformidade e/ou oposición a estas e a súa execución estea debidamente xustificada.

Anexo IV: FUNCÍONS DA OFICINA DE COORDINACIÓN CONSTITUÍDA POLOS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR DE PILAS E ACUMULADORES

As tarefas que levará a cabo a Oficina inclúen as seguintes:

-Establecer o procedemento de cálculo da cota de mercado dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores, acordado no seo da Oficina de Coordinación, para a repartición das responsabilidades derivadas deste convenio.

-Prestarlles atención ás administracións en horario de oficina. Para isto, deberá facilitarles ás administracións un número de teléfono de tarificación ordinaria de chamada nacional, un enderezo electrónico e un enderezo postal aos que poidan dirixir as súas comunicacións.

-Coordinar as recollidas dos residuos de pilas e acumuladores portátiles en todo o territorio da Comunidade Autónoma, tendo en conta os acordos bilaterais que se estableceron, de forma coherente cos acordos adoptados no seo da Oficina de Coordinación.

-Permitir que as entidades locais, mediante un único procedemento de solicitude, poidan requirir a recollida dos RPA portátiles almacenados por eles.

-Establecer o procedemento para a subministración dos contedores tanto aos puntos de recollida selectiva (PRS) como aos puntos de recollida municipal (PRM), así como a substitución dos contedores que quedasen obsoletos, onde os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor realicen o servizo de recollida.

-Establecer un procedemento de seguimento e control que asegure a prestación do servizo de recollida de

acordo co establecido neste convenio.

-Garantir e coordinar a subministración de información dos RPA portátiles recollidos, de acordo co establecido no anexo III.

-Realizar o seguimento e o control dos servizos de recollida de maneira homoxénea e unitaria, sen que a xestión por parte de cada un dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor altere o desenvolvemento normal dos servizos.

-Realizar o seguimento e o control das incidencias que xurdan durante a prestación dos servizos de recollida ata a súa resolución. Os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor deberán dar resposta suficiente á Oficina de Coordinación que lle permita atender ás peticións das entidades locais e resolver as incidencias.

-Desenvolver e manter unha plataforma informática para a prestación máis eficiente do servizo de recollida, facilitándolles para iso unha clave de acceso á aplicación informática ás entidades locais que se adhiran ao convenio marco.

-Facilitar o proceso de facturación das entidades locais aos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores mediante a emisión dunha prefactura polas cantidades recollidas.

-Aqueloutras tarefas que, de conformidade coa valoración do funcionamento da devandita oficina, determinen de forma consensuada os membros da Comisión de Seguimento do convenio marco.

Anexo V: CONDICIÓNS MÍNIMAS ESIXIBLES NA ENTREGA, RECEPCIÓN E RECOLLIDA DOS RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES

Para garantir a recollida, tratamento e reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores portátiles incluídos neste convenio marco, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores poderán, se así o acordan, aproveitar cuantos elementos consideren oportunos dos eventuais sistemas de recollida selectiva que fosen desenvolvidos en cada caso polas entidades locais ou prescindir deles. As condicións técnicas en relación cos sistemas de recollida selectiva son as seguintes:

1. Puntos de recollida

Os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor definirán a súa rede de puntos de recollida selectiva e de puntos de recollida municipal, tendo en conta para iso as propostas realizadas por parte dos concellos, de maneira que a cidadanía dispoña dun servizo cómodo, que incentive a recollida de residuos de pilas e acumuladores.

2. Características dos contedores dos residuos de pilas e acumuladores portátiles

A partir da data de adhesión das entidades locais a este convenio, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores levarán a cabo a achega de contedores á rede de puntos de recollida selectiva.

De acordo co anterior, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor achegarán os contedores tanto aos puntos de recollida municipal daquelas entidades locais adheridos ao convenio marco baixo a modalidade A de adhesión coma aos puntos que constitúen a rede de recollida daqueles adheridos baixo a modalidade B (puntos de recollida municipal e puntos de recollida selectiva), que soliciten novos elementos de contenerización a través da Oficina de Coordinación.

Os contedores que fornezan os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor nos puntos de recollida municipal poderán ser bidóns de plástico de 60 litros homologados ou o modelo que se acorde no

seo da Oficina de Coordinación.

Os contedores novos que achegarán os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor aos puntos de recollida selectiva son contedores adaptados para a instalación en interior.

3. Condicións de entrega e traslado dos residuos de pilas e acumuladores ata os puntos de recollida municipal

Nas entidades locais que, unha vez adheridas a este convenio, continúen coordinando a recollida selectiva dos RPA portátiles xerados no seu municipio (opción A), o traslado desde os puntos de recollida selectiva ata os puntos de recollida municipal de pilas e acumuladores realizarase de maneira que se favorezan as operacións de tratamento e que non se imposibiliten as operacións posteriores de reciclaxe.

4. Condicións de almacenamento das pilas e acumuladores nos puntos de recollida municipal

As entidades locais que, unha vez adheridas a este convenio, continúen coordinando a recollida selectiva dos RPA portátiles xerados no seu municipio (opción A) deberán cumprir coas seguintes condicións para o almacenamento destes residuos:

-As instalacións municipais onde se almacenen os RPA portátiles terán que cumprir, como mínimo, cos requisitos técnicos recollidos no artigo 10 do Real decreto 106/2008.

-Aqueles instalacións municipais onde se almacenen RPA portátiles e outros tipos de residuos deben contar con autorización como xestor de almacenamento do órgano competente.

-Os RPA portátiles entregados almacenaranse utilizando ou ben os contedores dos que xa dispoña o propio concello, coa condición de que os modelos de contedores escollidos non entorpezan a recollida que organicen os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, ou ben os contedores novos que fornezan estes.

-No caso de que os RPA almacenados nos puntos de recollida municipal non sexan recollidos polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, estes non serán contabilizados como recollidos selectivamente nin o ente local recibirá ningunha compensación por eles.

5. Solicitude de servizo de recollida de residuos de pilas e acumuladores e condicións do servizo

-As entidades locais ou os concesionarios das explotacións dos puntos de recollida municipal solicitarán o servizo de retirada, substitución ou baleirado dos contedores de RPA portátiles mediante un dos sistemas seguintes:

i. Plataforma informática de xestión posta á disposición por parte da Oficina de Coordinación.

ii. Plataforma de atención telefónica posta á disposición por parte da Oficina de Coordinación.

-Na solicitude indicaranse as unidades de almacenamento que cómpre retirar para cada tipo de contedor (no caso de que haxa máis dun tipo de contedor), así como a súa capacidade.

-No caso dos puntos de recollida selectiva, a solicitude de recollida deberá realizarse cando o contedor estea ao 80 % da súa capacidade. No caso de que haxa que retirar máis dun contedor, a solicitude realizarase para aqueles contedores que estean cheos ao 100 % da súa capacidade e un último contedor con, polo menos, un 80 % da súa capacidade.

O servizo de recollida dos puntos de recollida selectiva prestarase dentro das rutas de recollida dos

xestores autorizados, deseñadas de acordo cos principios de eficiencia e eficacia, e a recollida realizarase dentro dos dez (10) días laborables seguintes (sábados, domingos e festivos excluídos) e no horario que definise o PRS na súa alta na plataforma de Ofipilas.

-No caso dos puntos de recollida municipal, deberase cumprir coas seguintes condicións para solicitar o servizo de recollida:

o No caso dun único contedor, a solicitude de recollida realizarase cando polo menos estea cheo nun 80 % da súa capacidade. Cando se trate da retirada de máis dun contedor, a solicitude realizarase para aqueles contedores que estean cheos ao 100 % da súa capacidade e un último contedor, con polo menos un 80 % da súa capacidade.

o Na solicitude indicaranse as unidades de almacenamento que cómpre retirar para cada tipo de contedor (no caso de que haxa máis dun tipo de contedor), así como a súa capacidade.

o Tendo en conta que se debe solicitar a recollida cando o contedor estea ao 80 % de capacidade, a notificación previa de traslado debe ser solicitada con 10 días de antelación a esta, como establece o artigo 8.1 do Real decreto 553/2020, do 20 xuño, por parte do operador do traslado. O servizo de recollida prestarase dentro dos quince días (15) laborables seguintes (sábados, domingos e festivos excluídos) naqueles PRM cun horario de atención de 40 horas semanais de luns a venres e nos puntos de recollida con horario de atención reducido (nunca inferior a 20 horas semanais). Para horarios máis reducidos, analizarase cada caso.

6. Control nos servizos de recollida de residuos de pilas e acumuladores por parte da Oficina de Coordinación dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor e da Comisión de Seguimento do convenio

A través da plataforma informática posta en marcha pola Oficina de Coordinación dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores, levarase o rexistro das solicitudes de servizo recibidas e a data de realización do servizo, indicando o peso dos residuos de pilas e acumuladores retirados.

O rexistro de servizos será completado, xa sexa en orixe ou en destino, cos pesos netos da retirada.

A Oficina de Coordinación dos SRAP de pilas e acumuladores levará un rexistro das incidencias cos servizos de recollida realizados fóra do prazo previsto, así como dos contedores retirados cuxo contido de impropios, é dicir, de residuos non considerados de pilas e acumuladores portátiles, sexa superior ao 5 % do seu peso neto. Neste sentido, cando se detecte que a presenza de impropios nos contedores retirados ou un almacenamento inadecuado dificulte o tratamento e/ou a súa xestión posterior, e xere un incremento no seu custo de tratamento en máis dun 5 %, a Comisión de Seguimento poderá intervir para acordar posibles medidas correctoras.

Con respecto á denuncia de repetidos servizos de recollida fóra do prazo establecido ou con incidencias graves, a Comisión de Seguimento estudará os motivos e propoñerá as correspondentes medidas correctoras ou compensatorias, se proceden.

A Comisión de Seguimento deste convenio revisará as incidencias rexistradas na aplicación informática da Oficina de Coordinación e establecerá as medidas necesarias para a súa solución.

Anexo VI: ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR DE PILAS E ACUMULADORES

En, o

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 abril, polo que se nomean os titulares das consellerías autonómicas, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e ao abeiro do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Da outra parte,

EXPOÑEN

I. Que o pasado se asinou o convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores.

II. Que o convenio marco ten por obxecto establecer un ámbito de colaboración que debe rexer a actividade dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores autorizados como tal para actuar en Galicia e a súa relación coas entidades locais e a Comunidade Autónoma de conformidade coas súas competencias, co fin de asegurar o cumprimento do esixido no Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, na súa redacción vixente tras as modificacións introducidas, e/ou demais normas que resulten ou puidesen resultar nun futuro de aplicación a este tipo de residuos.

III. Que os sistemas colectivos e individuais de responsabilidade ampliada do produtor poderán adherirse a este convenio marco, de acordo co establecido na cláusula décimo terceira do convenio marco, citado no anterior expositivo primeiro.

IV. Que o sistema colectivo/individual de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores,, manifesta a súa vontade de adherirse ao convenio marco de colaboración subscrito oentre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de pilas e acumuladores.

V. Que para a sinatura desta addenda, o SRAP que se adhire opta por:

___ Incorporarse á Oficina de Coordinación posta en marcha polos SCRAP asinantes do convenio marco tras informar estes a solicitude de adhesión.

___ Habilitar e poñer en marcha o seu propio mecanismo de coordinación alternativo e adecuado para garantir o cumprimento do previsto neste convenio.

ACORDAN

PRIMEIRO. Mediante esta addenda, e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático acordan incluír, en todos os seus termos, ano ámbito do convenio marco citado no expositivo primeiro desta addenda. Para estes efectos, asume a totalidade dos compromisos derivados do citado convenio marco.

SEGUNDO. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático enviará unha copia deste documento aos SRAP que sexan parte do convenio marco citado no expositivo primeiro desta addenda.

TERCEIRO. Para os efectos da cláusula décimo quinta, figurará como destinatario D./D.^a ou a persoa na que delegue, cuxa identidade será previamente comunicada á Consellería e aos SRAP que forman parte deste convenio marco

CUARTO. Esta addenda entra en vigor o día da súa sinatura e ten a mesma vixencia ca o convenio marco citado no expositivo primeiro desta addenda.

E, en proba de conformidade co anteriormente exposto, as partes asinan dous exemplares desta addenda no lugar e día sinalados no encabezamento.

Asdo.

Asdo.

Anexo VII: REGULAMENTO DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR DE PILAS E ACUMULADORES

- 1.Composición
- 2.Funcións
- 3.Presidencia e Secretaría
- 4.Toma de decisións
- 5.Comunicacións
- 6.Reunións da Comisión
- 6.1.Calendario
- 6.2.Orde do día
- 6.3.Actas

1.COMPOSICIÓN

Tal e como recolle o convenio marco entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor, constitúese ao abeiro deste unha comisión de seguimento cuxa composición atenderá ao seguinte. Os membros que a integrarán determinaranse conforme o seguinte:

- Tres representantes da Consellería con competencias en medio ambiente.*
- Tres representantes das entidades locais adheridas ao convenio marco, designados por elas mesmas.*
- Un representante de cada un dos SRAP autorizados, designados polas propias entidades xestoras dos SRAP, ata un máximo de tres representantes, que serán elixidos polos SRAP partes do convenio para que lexitimamente os representen conforme as indicacións previamente acordadas por estes. Para tal fin, os devanditos representantes remitiranlles a todos os SRAP a orde do día das reunións da Comisión coa máxima antelación posible e, polo menos, con dez (10) días hábiles, co obxecto de lles permitir aos SRAP*

partes do convenio preparar unha potencial posición común que defender no seo da Comisión de Seguimento.

2.FUNCIÓNS

Serán funcións desta comisión as seguintes:

1ª O seguimento e control das actuacións que deriven da aplicación do convenio marco, e a súa interpretación e proposta de posible modificación, se procede. Neste último caso, calquera modificación do convenio que implique modificacións do seu funcionamento ou das condicións económicas contidas nel deberá ser previamente aprobada por todas as partes asinantes do convenio e incorporadas a este a modo de addenda.

2ª A intervención, no caso de discrepancias na posta en práctica do convenio, entre os sistemas colectivos e individuais de responsabilidade ampliada do produtor e algunha ou algunhas das entidades locais adheridas a el. Nestes casos, a Comisión de Seguimento, tras analizar a situación creada, decidirá a forma de proceder para a súa resolución.

3ª A aprobación das campañas de concienciación cidadá e sensibilización social, en particular as que sexan propostas pola Oficina de Coordinación.

4º A execución de todos aqueles labores que estean incluídos neste convenio marco e, de ser o caso, as súas posteriores modificacións.

5º O establecemento de medidas correctoras que se aplicarán en función das incidencias rexistradas, ben por recollidas fóra de prazo ou ben pola presenza de impropios nos contedores que poidan incrementar o custo do tratamento en máis dun 5 %.

6º O establecemento de novos importes fixos anuais (€/t) para a modalidade de adhesión en situacións extraordinarias.

3.PRESIDENCIA E SECRETARÍA

Presidirá a Comisión de Seguimento a persoa designada pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A persoa que ocupe a Presidencia dirixirá as reunións.

Corresponderalle asumir e realizar os labores de Secretaría a un dos representantes dos SRAP. Corresponderanlle a esta, entre outras, as seguintes funcións:

- Convocar a Comisión.
- Propoñer a orde do día e remitirla ao resto dos membros.
- Redactar a acta correspondente e remitirla ao resto dos membros.
- Recibir as observacións en relación coa acta e coa orde do día.

4.TOMA DE DECISIÓNS

Segundo o establecido no convenio marco, as decisións e acordos da Comisión deberán contar coa conformidade de todas as partes.

5.COMUNICACIÓN

As comunicacións realizadas entre os membros da Comisión serán efectuadas mediante correo electrónico con xustificante de recepción. Esta comunicación irá dirixida a todos os membros da Comisión de Seguimento.

6.REUNIÓN DA COMISIÓN

6.1. Calendario

A Comisión reunirase, polo menos, unha vez ao ano de modo ordinario; a primeira reunión realizarase aos tres meses da sinatura deste convenio marco.

E de maneira extraordinaria cando algúns dos representantes das partes que asinan este convenio o solicite.

6.2. Convocatoria e orde do día

A orde do día establecerase por proposta da Secretaría. Seralle remitida por esta ao resto dos membros polo menos 3 semanas antes da realización de cada reunión. Estes contarán cun prazo de 10 días naturais para presentar propostas de modificacións ou doutros puntos para tratar, que serán tidas en conta pola Secretaría a hora de modificar a orde do día. A orde do día definitiva seralle remitida ao resto de membros da Comisión polo menos 3 días naturais antes de que tena lugar a reunión.

6.3. Actas

As actas remitirallas a Secretaría ao resto de membros nun prazo de 15 días naturais tras a realización das reunións. Abrirase un período de 15 días naturais tras a remisión da acta para presentar alegacións.

A acta aprobarase na seguinte reunión e asinaraa quen ocupe a Secretaría co visto e praxe da persoa que ocupe a Presidencia.

Expediente 1518/2025. CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (AEE)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a comunicación remitida pola DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTENIBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO con Rexistro de entrada no Concello de Silleda núm. 2025-E-RC-2984 de data 15/07/2025 relativa á adhesión de entidades locais ao novo CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (AEE).

Visto o CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (AEE) que consta no expediente 1704/2021.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

Primeiro.- Subscribir o Convenio Marco de referencia.

Segundo.- Solicitar a adhesión o CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (AEE).

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa para asinar cantos documentos sexan necesarios para levar a cabo as actuacións pertinentes

Cuarto.- *Dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostenibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático*

“ANEXO I

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (AEE)

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, en calidade de conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 abril, polo que se nomean os titulares das consellerías autonómicas, en nome e representación da Xunta de Galicia, expresamente facultada para a sinatura deste convenio en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, en relación co Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en diante, a Consellería).

E, doutra parte, en nome e representación das entidades xestoras dos sistemas colectivos e individuais de responsabilidade ampliada do produtor de aparellos eléctricos e electrónicos, autorizados ou rexistrados tras a oportuna comunicación, respecto diso da súa actuación no marco xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, os sistemas ou SRAP), en concreto:

Don Eduardo Mataix Aldeanueva con NIF 05****, na súa calidade de director xeral de AMBILAMP en virtude da escritura de poder outorgada en data 14 de novembro de 2024 ante o notario de Madrid don Antonio Huerta Trolez con número de protocolo 1613, intervén en nome e representación da entidade Asociación **AMBILAMP**, constituída mediante a escritura pública do 9 de xuño de 2005, autorizada polo notario de Madrid o señor Antonio Huerta Trolez, co número 1686 do seu protocolo, domiciliada na avenida

de Burgos, 17, 9.º dereita, de Madrid, provista de NIF G84397959, e rexistrada no Rexistro Nacional de Asociacións en virtude da Resolución do 26 de xullo de 2005.

Don **José Gabriel García Aguado** con NIF 05*** na súa calidade de apoderado, en virtude do apoderamento xeral conferido mediante a escritura de data 29 de xuño de 2023 ante o notario de Madrid don Fernando Sánchez Arjona Bonilla; co número do seu protocolo 1669, en nome e representación da Fundación para la Gestión Medioambiental de Aparatos Eléctricos y Electrónicos, **ECOASIMELEC**, que se constituíu en escritura pública do 27 de abril de 2005, autorizada polo notario de Madrid o señor José María de Prada Guaita, co número 1523 do seu protocolo, domiciliada en C/ Ourense 62, de Madrid, provista de NIF G-84342963 e rexistrada no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño en virtude á resolución do 14 de xuño de 2005.

Don **José Gabriel García Aguado** con NIF 05**** na súa calidade de apoderado, en virtude do apoderamento xeral conferido mediante a escritura de data 3 de xullo de 2023 ante o notario de Madrid don Fernando Sánchez Arjona Bonilla; co número do seu protocolo 1306, en nome e representación da Fundación para la Gestión Medioambiental de Equipos OAimáticos, **ECOFIMATICA**, que se constituíu en escritura pública o 13 de febreiro de 2002, autorizada polo notario de Madrid o señor José María de Prada Guaita, co número 488 do seu protocolo, domiciliada en C/ Ourense 62, de Madrid, provista de NIF G-83296772 e rexistrada no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño en virtude á resolución do 11 de novembro de 2002.

Don **Luis Moreno Jordana**, con NIF 18*** na súa calidade de director xeral, en virtude de poder outorgado mediante a escritura pública de data 27 de xullo de 2018, autorizada pola notaría de Pamplona dona María José Bustillo Fernández do Ilustre Colexio de Navarra co número 693 do seu protocolo, intervén en nome e representación da entidade Fundación **ECOLEC**, constituída mediante a escritura pública do 31 de marzo de 2004, autorizada polo notario de Madrid o señor Valerio Pérez de Madrid y Palá, co número 990 do seu protocolo, domiciliada en avenida de Burgos, 8-B, Edificio Génesis, planta 13, de Madrid, provista de NIF G-83961219, e rexistrada no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Medio Ambiente en virtude da Resolución do 28 de maio de 2004.

Dona **Pilar Vázquez Sánchez**, con NIF 50***, na súa calidade de directora xeral, en nome e representación da Fundación **ECOLUM**, constituída mediante a escritura pública do 25 de outubro de 2004, autorizada polo notario de Madrid o señor Augusto Gómez Cruz, co número 3984 do seu protocolo, domiciliada na avenida Manoteras 10, edificio B, planta 2, oficina 216, de Madrid, provista de NIF G84171362, e rexistrada no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Medio Ambiente en virtude da Resolución do 7 de febreiro de 2005.

Don **Andreu Vilà Ramos**, con NIF 19****, na súa calidade de director xeral da entidade FUNDACIÓN ECOTIC, en virtude de escritura pública outorgada en data 22 de decembro de 2016 ante o notario de Barcelona don Adolfo Bujarrabal Antón con número do seu protocolo 2114/2016, en nome e representación da entidade Fundación **ECOTIC**, constituída mediante escritura pública do 7 de marzo de 2005, autorizada polo notario de Barcelona o señor Javier García Ruíz, co número 809 do seu protocolo, domiciliada na avenida Diagonal 467, 1.º, pta. 1.ª, de Barcelona, provista de NIF G63809214, e rexistrada no Rexistro de Fundacións do Ministerio de Medio Ambiente en virtude da Resolución do 24 de maio de 2005.

Don **Ricardo Martín Sánchez**, con NIF 24***, na súa calidade de director, en virtude de escritura pública de data 23 de febreiro de 2023, outorgada ante don Juan Piquer Belloch, notario de Valencia, baixo o número 513 do seu protocolo, intervén en nome e representación da entidade Fundación **ECO-RAEE'S**,

constituída mediante escritura pública do 18 de outubro de 2005, autorizada polo notario de Valencia don Enrique Farres Reig, co número 1855 do seu protocolo, domiciliada en C/ San Vicente Mártir 90, 3.ª planta, de Valencia, provista de NIF G97649016, e rexistrada no Rexistro de Fundaci3ns do Ministerio de Medio Ambiente en virtude da Resoluci3n do 30 de novembro de 2005.

Dona **Laura Alonso Abajo**, con DNI 53*** na súa calidade de apoderada, en virtude de escritura de poder número dous mil trescentos trinta e seis ante o notario de Madrid José María Rivas Díaz, intervén en nome e representaci3n da entidade **EUROPEAN RECYCLING PLATFORM RAEE, SL**, constituída mediante escritura pública do 11 de decembro de 2015, autorizada polo notario de Madrid o señor Alejandro Ruiz Ayucar Seifert, co número 4080 do seu protocolo, domiciliada en Plaza de Castilla 3, escaleira 1, piso 16 A, de Madrid, provista de NIF B87440509, e rexistrada no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 34.728, folio 1, folla número M-624.614.

Don **José Miguel Vendrell Guillem**, con DNI ***8 22Q, na súa calidade de Director – Xerente, Intervén en nome e representaci3n da entidade **SUNREUSE ASSOCIATION**, constituída o día 6 de xuño de 2011, e inscrita e dada de alta no Rexistro Nacional de Asociaci3ns co número 598530, provista de NIF G98384290, e domicilio en C/ Escultor José Capuz, 17-1º-1ª, da cidade de Valencia.

Don **Qingbo Peng**, con DNI / NIE X13****, en calidade de Presidente, Intervén en nome e representaci3n da entidade **ASOCIACI3N ECOECHE** con NIF Núm. G45878865, constituída o día 19 de xuño de 2017, e inscrita e dada de alta no Rexistro Nacional de Asociaci3ns co número 613268 e domicilio en C/ Lepanto 70, C.P 45230, Numancia de la Sagra, Toledo.

As partes recoñécense capacidade legal suficiente para subscribir este convenio, que acordan voluntariamente, e para ese efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO. – Que, no marco recollido na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, en diante, Lei 7/2022, aínda que os sistemas individuais e colectivos de responsabilidade ampliada do produtor celebrarán convenios para financiar e, se é o caso, organizar a xest3n de residuos coas administraci3ns públicas que interveñen na organizaci3n da devandita xest3n, estes convenios rexeranse polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, respectando, consecuentemente, os principios de liberdade, igualdade e paridade das partes na negociaci3n e formalizaci3n deste, e eliminándose calquera prestaci3n propia dos contratos do sector público.

SEGUNDO. – Que, o Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, en diante Real decreto 110/2015, establece uns obxectivos mínimos de recollida de RAEE que os produtores deben alcanzar, baixo o sistema de responsabilidade ampliada do produtor, en diante SRAP. Estes obxectivos establécense en funci3n do uso doméstico ou profesional, e da categoría do AEE.

Que, na recollida de RAEE de orixe doméstica teñen un papel importante as entidades locais ou aquelas entidades que, no seu nome, teñan atribuída a competencia para a recollida de residuos domésticos; debendo, ao amparo do artigo 19.1 do Real decreto 110/2015, estas entidades, no marco das súas competencias en materia de xest3n deresiduos domésticos, establecer os sistemas que fagan posible a recollida separada, polo menos gratuitamente para o usuario, dos RAEE domésticos (art. 19.1). Polo que a recollida de RAEE ha de realizarse de maneira separada á do resto de residuos, como condici3n previa

para asegurar, na medida do posible, a preparación para a reutilización, o tratamento máis adecuado e a recuperación dos materiais contidos nos residuos.

Que nos casos nos que, conforme o previsto neste convenio marco, as entidades locais adopten a decisión de adherirse voluntariamente a este, estas consenten en que a organización dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos sexa levada a cabo polos SRAP, conforme a súa responsabilidade e sobre a base das compensacións económicas aquí previstas.

Que, pola súa vez, se ten en conta que a preparación para a reutilización é a opción prioritaria na xerarquía da xestión de residuos conforme co disposto na Directiva 2018/851, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE, do 19 de novembro de 2008, de residuos, coa Lei 7/2022 e o Real decreto 110/2015 así como, polo que a teña no ámbito desa comunidade autónoma, de conformidade coa Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia, o Plan sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia 2030 (PGRMG) e o Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia 2030 (PRIGA).

Que, conforme co anterior, o Real decreto 110/2015 establece obxectivos de preparación para a reutilización para as fraccións FR4 e FR6, que deben cumprir os produtores de AEE baixo o SRAP.

TERCEIRO. – *Que, o Real decreto 110/2015 obriga os produtores de AEE a financiar e, se é o caso, a organizar a recollida e a xestión dos de RAEE que lles correspondan.*

CUARTO. – *Que, aínda que as entidades representativas das entidades locais participaron no proceso de elaboración deste convenio, as entidades locais poderán adherirse, unilateral e voluntariamente, a este convenio. Esta adhesión supoñerá a aceptación íntegra das estipulacións establecidas neste.*

QUINTO. – *Que, os SRAP de AEE que estean debidamente autorizados ou rexistrados poderán adherirse a este convenio conforme as condicións establecidas neste. En todo caso, a Consellería, no exercicio das súas competencias, velará por que todos os SRAP autorizados ou rexistrados que non se adhiran a este convenio, cumpran con obrigacións similares ás establecidas neste para os SRAP parte do convenio.*

SEXTO. – *Que este convenio aplicárase sen prexuízo da potestade das entidades locais e dos SRAP de AEE de asinar, directa e independentemente, convenios bilaterais e específicos. En atención aos expositivos anteriores, as partes acordaron subscribir este convenio de colaboración conforme as seguintes*

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA. – OBXECTO

Este convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (en diante, RAEE) que se recollan nas instalacións de recollida das entidades locais, a través dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (en diante, SRAP) asinantes, no marco xeográfico da Comunidade Autónoma (CA) de Galicia, co fin de asegurar o cumprimento do esixido no Real decreto 110/2015, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

Para iso establécense e régulanse neste convenio os compromisos da Consellería, das entidades locais ou entidades que teñan atribuída, no seu nome, a competencia na xestión dos residuos domésticos (en diante,

todos eles EELL), e dos SRAP de AEE que voluntariamente se adhiran, sen prexuízo das obrigacións que cada unha das partes teñen asignadas conforme a normativa vixente.

SEGUNDA. - ADHESIÓN A ESTE CONVENIO

As EELL e os SRAP que o desexen poderán adherirse a este convenio.

No caso das EELL, o anexo 6 que acompaña este convenio detalla a información pertinente, tanto no que incumbe á documentación requirida como ao procedemento habilitado para o efecto, en concreto:

- _ O modelo de solicitude de adhesión a través do cal a entidade solicitante deixará constancia da aceptación de todos os pactos e estipulacións nel contidos. A solicitude, debidamente asinada por quen corresponda na entidade solicitante, acompañarase da documentación xustificativa da aprobación da adhesión polo órgano competente.*
- _ Os formularios a través dos cales se proporcionará a información requirida.*
- _ Así como a ligazón a través do cal se facilita a canle para facerlle chegar á Consellería a documentación por medios electrónicos.*

Os SRAP e a Consellería acordarán o formato e a información que deberá transmitirse ao SRAP para facer efectiva a adhesión.

Logo de recibir solicitude, e unha vez comprobada a integridade da documentación requirida, a Consellería comunicará esta adhesión aos SRAP.

Pola súa banda, os SRAP que desexen adherirse dispoñen, no anexo 7 que acompaña a este convenio, de información específica respecto diso, tanto no que incumbe á documentación requirida como o procedemento habilitado para o efecto, en concreto:

- _ O modelo de solicitude de adhesión, debidamente asinado por quen corresponda na entidade solicitante.*
- _ O modelo de addenda a este convenio marco a través do cal a entidade solicitante deixará constancia da súa vontade de asumir o cumprimento de todos os compromisos que se deriven deste nel contidos.*
- _ Así como a ligazón a través do cal se facilita a canle para facerlle chegar á Consellería a documentación por medios electrónicos.*

Recibida a solicitude, e logo de comprobar a integridade da documentación requirida, a Consellería comunicará esta adhesión aos SRAP.

As EELL que se adhiran a este convenio deberán entregarlles aos SRAP asinantes ou que puidesen adherirse a este convenio todas as fraccións de RAEE de orixe doméstica que sexan recibidas nas instalacións de recollida municipal.

TERCEIRA. - ALCANCE DESTE CONVENIO

O alcance deste convenio é o seguinte:

- 1.- Establecer os compromisos necesarios para garantir a recollida e xestión dos RAEE recollidos nas instalacións das EELL.*

Para estes efectos, son obxecto deste convenio os RAEE domésticos recollidos nas instalacións de recollida das EELL, entendendo por tales, de acordo co Real decreto 110/2015, os RAEE procedentes de fogares particulares ou de fontes comerciais, industriais, institucionais e doutro tipo que, pola súa natureza e cantidade, sexan asimilables aos procedentes de fogares particulares.

Cando así se acorde, poderanse recoller residuos de orixe doméstica que, pola súa vez, sexan recollidos polos distribuidores do ámbito territorial da entidade local (O) parte do convenio. Tamén se poderá valorar a xestión puntual de RAEE profesionais que se reciban nas instalacións de recollida das EELL e que sexan aceptados de acordo coas súas ordenanzas municipais.

2.- Regular a relación das EELL cos SRAP de AEE, establecer os mecanismos de adhesión este convenio, e garantir os principios de equilibrio territorial e de universalidade de servizo.

3.- Promover o desenvolvemento de sistemas de recollida separada dos RAEE con criterios de aceptación social, eficiencia técnica, así como viabilidade ambiental e económica.

4.- Realizar campañas de información e concienciación cidadá en materia de prevención, correcta recollida e xestión de RAEE, de forma coordinada con outras CCAA, co fin de aumentar e/ou manter o grao de eficacia e eficiencia da recollida separada dos RAEE obxecto deste convenio marco.

5.- Establecer as condicións de financiamento das citadas campañas por parte dos SRAP (anexo 2).

6.- Determinar a compensación económica que lles aboarán os SRAP de AEE ás EELL pola recollida, incluíndo identificación, clasificación e almacenamento, dos RAEE depositados nas instalacións de recollida das EELL. Así mesmo, determinase a compensación económica que se lles deben aboar ás EELL en concepto de actividades de preparación para reutilización, de conformidade co establecido no anexo 2 deste convenio.

7.- Establecer os medios para que os RAEE se xestionen conforme coa xerarquía de xestión de residuos.

8.- Concretar os mecanismos necesarios de colaboración para garantir o cumprimento do previsto neste convenio, poñendo en práctica instrumentos para a obtención e intercambio de información (anexo 1), así como os métodos necesarios de vixilancia para analizar o seu cumprimento, sen prexuízo da vixilancia, control e inspección que realice a Consellería de acordo coa lexislación vixente.

CUARTA. - COMPROMISOS DOS SRAP DE AEE

Nos termos establecidos neste convenio, os SRAP de AEE comprométense, no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, a:

1.- Poñer en marcha un servizo, propio ou a través de terceiros, de recollida separada dos RAEE depositados nas instalacións de recollida das EELL na forma prevista no anexo 4 deste convenio.

2.- Fornecer as EELL adheridas a este convenio, á súa solicitude, cos contedores, gaiolas e outras solucións que permitan o almacenamento temporal dos RAEE, recibidos nas instalacións de recollida das EELL e que sexan acordadas en comisión de seguimento, segundo as condicións técnicas recollidas no anexo 4 deste convenio.

3.- Realizar a recollida e o transporte de RAEE desde as instalacións de recollida municipais ata os almacenamentos temporais ou xestores finais, de tal maneira que se garanta que se poden levar a cabo as operacións de preparación para a reutilización, a descontaminación e a reciclaxe posterior dos elementos non reutilizables en instalacións autorizadas para iso, tendo en conta a xerarquía de residuos. En todo caso, a xestión dos RAEE recollidos nas instalacións dos EELL permitirá a rastrexabilidade da devandita xestión.

4.- Organizar a xestión de todos os RAEE procedentes dos AEE postos ao dispor dos SRAP nas instalacións de recollida das EELL, sufragar o seu custo de maneira proporcional á súa cota de mercado, e respectar o principio de xerarquía da xestión de residuos de acordo á Lei 7/2022.

5.- Organizar a xestión dos RAEE recollidos con xestores autorizados de forma que se permita alcanzar os obxectivos de preparación para a reutilización, reciclado e valorización establecidos no Real decreto 110/2015.

6.- Transferirles ás EELL situadas na CA de Galicia, e adheridas a este convenio, as compensacións económicas que correspondan por identificación, clasificación e almacenamento dos RAEE domésticos recollidos polos diferentes sistemas de recollida, así como as compensacións económicas por actividades de preparación para a reutilización, de conformidade co previsto no anexo 2 deste convenio.

7.- Garantir a universalidade do servizo, entendendo como tal, a recollida en todas as EELL adheridas a este convenio que dispoñan de instalacións de recollida de RAEE.

8.- No tempo transcorrido desde a sinatura deste convenio e ata a posta en marcha efectiva da oficina de asignación regulada ao amparo da Orde TED/1032/2024, do 20 de setembro, pola que se desenvolve a plataforma electrónica de xestión e a oficina de asignación de recollidas de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, os SRAP asinantes ou que puidesen adherirse a este convenio deben establecer, individual ou colectivamente, mecanismos que garantan a coordinación na asignación de recollidas entre todos eles para que poidan cumprir coa cota de responsabilidade que a cada un lle corresponda. Para tal fin, poderán ou ben utilizar os servizos de la plataforma OfiRae, ou ben presentar, ante a Consellería, unha proposta que garanta, por outro medio ou mecanismo, tal cumprimento.

9.- Informar a Comisión de Seguimento deste convenio dos convenios específicos que subscriban con EELL, incluíndo a remisión do seu texto íntegro, para que sexan tidos en conta na asignación de recollidas solicitadas polas EELL.

Estes convenios específicos cumprirán cos principios xerais de publicidade activa establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como no resto de normativa específica que resulte de aplicación.

En calquera caso, respectaranse os acordos ou convenios xa existentes e en vigor, na sinatura deste convenio entre os SRAP e as instalacións de recollida de RAEE.

10.- Propoñer, deseñar, participar, financiar e promover o desenvolvemento de campañas de información, concienciación cidadá e sensibilización ambiental para aumentar e manter o grao de eficacia e eficiencia da recollida separada dos RAEE obxecto deste convenio coa finalidade de promover e facilitar o cumprimento dos obxectivos ecolóxicos establecidos no Real decreto 110/2015 e no resto de normativa aplicable. No anexo 2 deste convenio Aíxase o detalle das condicións de financiamento das citadas campañas, e accións

de información e concienciación.

11.- Fornecer a información especificada no anexo 1, que permita o seguimento das actividades realizadas.
QUINTA. - COMPROMISOS DA CONSELLERÍA

A Consellería, asume os seguintes compromisos:

1.- Colaborar coas EELL e cos SRAP na promoción e participación e, se é o caso, na implantación de medidas tendentes a ampliar e mellorar a recollida separada de RAEE.

2.- Cooperar con todas as EELL para facilitar o cumprimento do establecido no Real decreto 110/2015. Para iso dispoñerá dun censo de EELL de Galicia, no que se recollan as instalacións de recollida municipal de RAEE, e se identifiquen as que están adheridas ao convenio, a convenios específicos e as que non o están. Esta base de datos poderá completarse coa información sobre poboación, fraccións separadas recollidas, ou estado de adaptación das instalacións de recollida que se dispoña conforme o Real decreto 110/2015, así como calquera outra información que se estime de utilidade e estea dispoñible, a fin de aumentar a recollida separada de RAEE, o seu financiamento e o financiamento das campañas de información e sensibilización por parte dos produtores de AEE baixo o SRAP. A elaboración deste censo poderase realizar en colaboración coas EELL ou outras entidades supramunicipais.

3.- Comunicarlles ás EELL a sinatura deste convenio para que todas poidan adherirse a este e prestarlles a necesaria colaboración e apoio técnico.

4.- Participar no desenvolvemento e deseño das campañas de comunicación que se enmarquen nas directrices acordadas pola Comisión de Seguimento, levándoas despois ao grupo de traballo de RAEE regulado no Real decreto 110/2015, onde se coordinará o seu contido co resto de CCAA. Unha vez levadas a cabo as accións acordadas, as CCAA realizarán unha avaliación da súa eficiencia no seo do referido grupo de traballo.

5.- Colaborar coas EELL e cos SRAP na posta en marcha de dispositivos de seguimento das obrigacións e actuacións previstas neste convenio e dentro do ámbito das competencias da Consellería, sen prexuízo da competencia en materia de vixilancia, control e inspección que corresponden á comunidade autónoma de acordo coa lexislación vixente.

6.- Facilitar, no tempo transcorrido desde a sinatura deste convenio e ata a posta en marcha efectiva da Oficina de Asignación regulada ao amparo da Orde TED/1032/2024, do 20 de setembro, o contacto entre os entes locais e os SRAP adheridos ao convenio, que presenten ante a Consellería un mecanismo ou sistema alternativo a OfiRaee, para facer efectiva a asignación de recollidas que garanta o cumprimento da súa cota de responsabilidade.

7.- Colaborar cos SRAP e co resto dos axentes involucrados na elaboración dun plan de actuación conxunta de loita contra os produtores de AEE que incumpren, incluída a venda a distancia, as obrigacións de recollida e financiamento de RAEE esixidas baixo un SRAP.

8.- Intercambiar coas EELL e os SRAP calquera outra información de interese para o correcto cumprimento das medidas previstas, en particular as relativas aos resultados que se vaian obtendo na recollida selectiva e xestión de RAEE en Galicia.

SEXTA. - COMPROMISOS DAS ENTIDADES LOCAIS

As EELL que se adhiran ao convenio asumirán os seguintes compromisos:

1.- As EELL cumprirán as condicións mínimas relativas á identificación, clasificación e almacenamento, establecidas no anexo 4. Así mesmo, as mencionadas operacións realizaranse de forma que favorezan a preparación para a reutilización tanto dos aparellos enteiros, como dos seus compoñentes, cumprindo as condicións establecidas no anexo 5.

2.- As EELL participarán no desenvolvemento e fomento de campañas de comunicación no seu ámbito territorial de xestión, tendo en conta as directrices ditasas pola Comisión de Seguimento.

3.- As EELL que, estando adheridas a este convenio marco, queiran asinar convenios específicos con algúns SRAP deberán informar a Comisión de Seguimento deste convenio.

4.- As EELL adheridas ao convenio entregarán aos SRAP todas as fraccións RAEE.

5.- As EELL achegarán a información necesaria á Consellería para a elaboración do censo á que fai referencia a estipulación quinta, apartado 2.

SÉTIMA. - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E COMISIÓN DE COMUNICACIÓN

1.- Créase unha comisión de seguimento, que será o órgano encargado de tutelar, desde a perspectiva da colaboración e a cooperación, a aplicación deste convenio.

2.- A Comisión de Seguimento estará integrada por:

- _ 3 representantes da Consellería, incluída a persoa que ten a presidencia da Comisión de Seguimento.
- _ 3 representantes das EELL adheridas ao convenio, designados por elas mesmas.
- _ 3 representantes dos SRAP que serán elixidos polos SRAP partes do convenio para que lexítimamente os representen conforme as indicacións previamente acordadas por estes. Para tal fin, os devanditos representantes remitiranlles a todos os SRAP a orde do día das reunións da comisión coa máxima antelación posible, e polo menos con dez (10) días hábiles, ao obxecto de permitirlles aos SRAP partes do convenio preparar unha potencial posición común que defender no seo da Comisión de Seguimento.

O resto dos SRAP asinantes do convenio, así como representantes do resto de EELL poderán asistir ás reunións da Comisión de Seguimento en calidade de observadores: con voz, pero sen voto.

Presidirá esta comisión un dos representantes da Consellería. Corresponderá a asunción e realización dos labores de secretaría a un dos representantes dos SRAP.

3.- A Comisión de Seguimento reunirse ordinariamente dúas veces ao ano, sen prexuízo das reunións extraordinarias que se poidan celebrar a pedimento de calquera das partes asinantes do convenio, tras a aprobación a persoa que posúa a presidencia da comisión.

4.- Esta Comisión de Seguimento ten como finalidade:

- _ O seguimento e o control das actuacións que se deriven da aplicación deste convenio, así como a súa

interpretación e, se é o caso, a elaboración dunha proposta de modificación, se procede.

_ A intervención en caso de discrepancias entre os SRAP de AEE e algunha ou algunhas das EELL na posta en práctica do convenio. A Comisión de Seguimento, tras analizar a situación creada, decidirá a forma de proceder para a súa resolución.

_ A revisión e aprobación do Plan xeral de comunicación e sensibilización en materia de RAEE e do Programa anual de comunicación e sensibilización en materia de RAEE de cada exercicio, referidos no apartado 2 do anexo 2, así como o seu orzamento e as contías para achegar por cada SRAP, e a súa remisión ao grupo de traballo de RAEE.

_ A aprobación, tras a resolución do convenio, dun prazo para a continuación e finalización das obrigacións en curso conforme co disposto na estipulación novena.

_ A Comisión de Seguimento exclúe da súa actuación calquera cuestión que poida supoñer ou supoña a modificación do convenio conforme o disposto na estipulación undécima.

5.- Créase unha Comisión de Comunicación constituída por:

_ 3 representantes da Consellería.

_ 3 representantes das EELL adheridas ao convenio, designados por elas mesmas.

_ 3 representantes dos SRAP que serán elixidos polos SRAP Partes do convenio para que lexitimamente os represente conforme coas indicacións previamente acordadas por estes. Para tal fin, os devanditos representantes remitiranlles a todos os SRAP a orde do día das reunións da comisión coa máxima antelación posible, e polo menos con dez (10) días hábiles, ao obxecto de permitirlles aos SRAP partes do convenio preparar unha potencial posición común que defender no seo da Comisión de Comunicación.

O resto dos SRAP asinantes do convenio, así como representantes do resto de EELL, ou entidades que teñan atribuída a competencia na xestión dos residuos domésticos poderán asistir ás reunións da Comisión de Comunicación en calidade de observadores: con voz, pero sen voto.

6.- A Comisión de Comunicación ten como finalidade:

_ A elaboración do Plan xeral de comunicación e sensibilización en materia de RAEE para o período de vixencia do convenio, e un programa anual de comunicación e sensibilización en materia de RAEE para cada exercicio, a partir das propostas dos SRAP, así como o seu correspondente orzamento anual, mencionados no apartado 2 do anexo 2.

_ O seguimento da contratación e execución das accións previstas no programa anual de comunicación.

_ A avaliación dos resultados obtidos coas accións realizadas, de acordo cos indicadores establecidos na elaboración do programa anual, e o control e seguimento do orzamento de comunicación.

7.- A Comisión de Comunicación reunirase ordinariamente dúas veces ao ano, sen prexuízo das reunións extraordinarias que se poidan celebrar a pedimento de calquera das partes asinantes do convenio, logo da aprobación a persoa que teña a presidencia da Comisión.

En caso de excepción crítica e urxente convocarase a reunión coa maior inmediatez posible.

8.- As decisións e acordos destas comisións adoptaranse por acordo unánime das partes.

Tal como se estableceu nos puntos 2 e 5 desta estipulación, os representantes de cada parte que acudan á reunión deberán ter capacidade de representación e decisión no momento da reunión, sempre que as cuestións para decidir estivesen previstas na orde do día e a condición de que este fose remitido cunha

antelación mínima de 10 días hábiles. No caso de que non poida tomarse algunha decisión nalgún punto concreto, os SRAP comprométense a comunicar a súa postura respecto diso, nun prazo de 10 días hábiles.

9.- Levantarse unha acta das reunións de ambas as comisións.

10.- A CA informará dos resultados do seguimento das actuacións realizadas polas comisións ao Grupo de Traballo de RAEE.

OITAVA. - PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- As partes infórmanse mutuamente de que os datos dos intervenientes e as persoas de contacto que se designen serán tratados co obxecto de ser utilizados en relación co desenvolvemento e execución deste convenio marco, así como para a xestión e arquivo da documentación relativa ao mesmo.

2.- A base legal para o tratamento dos datos persoais é o consentimento específico expresado neste documento, a execución deste convenio e, se é o caso, o interese lexítimo das partes na correcta execución deste convenio marco, para o desempeño e control da relación contractual e a entrega de calquera documentación relevante, así como para manter rexistros históricos de relacións comerciais anteriores.

3.- Os datos proporcionados serán conservados polo tempo que resulte necesario para os efectos de garantir o cumprimento das obrigacións legais que lles corresponden ás partes e, en calquera caso, durante os prazos que a lexislación aplicable especifique.

4.- Os datos persoais non son comunicados a terceiros nin transferidos fóra de España.

5.- As partes acordan que os datos de contacto para os efectos de calquera asunto en materia de protección de datos son:

- _ rgpd@ambiwaste.com , no caso de AMBILAMP
- _ dpd@recyclia.es , no caso de ECOASIMELEC e ECOFIMÁTICA
- _ rgpd@ecolec.es , no caso de ECOLEC
- _ info@ecolum.es , no caso de ECOLUM
- _ legal@eco-raee.com , no caso de ECO-RAEE's
- _ ecotic@ecotic.es , no caso de ECOTIC
- _ protecciondatos@erp-recycling.org , no caso de EUROPEAN RECYCLING PLATFORM, RAEE
- _ info@sunreuse.eu , no caso de SUNREUSE ASSOCIATION;
- _ info@ecoeche.es , no caso de ECOECHE;
- _ <https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos> , no caso da Consellería

6.- Os intervenientes e as citadas persoas de contacto, nos termos establecidos na normativa sobre protección de datos vixente en cada momento, poderán revogar en calquera momento a autorización concedida para o tratamento, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición; o dereito a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos persoais; o dereito á portabilidade e o dereito para presentar unha reclamación ante unha autoridade de control (Axencia Española de Protección de Datos, www.aepd.es).

Para iso poderase dirixir por escrito mediante correo postal dirixido aos enderezos identificados no encabezado deste convenio marco e aos enderezos de correo electrónico indicados no punto 5 desta estipulación:

7.- Están previstas as seguintes cesións de datos: cando as entidades locais tramiten solicitudes de retirada de RAEE, os datos de persoas de contacto comunicaránelles ás empresas ás que, se é o caso, se lles encomenden as actividades de entrega de contedores, recollida, almacenamento, transporte e/ou tratamento dos RAEE obxecto deste convenio marco, así como aos órganos competentes en materia de medio ambiente de cada comunidade autónoma para o cumprimento do Real decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado e o cumprimento de toda a normativa vixente en materia de residuos e de transporte de mercadorías.

8.- Se, como consecuencia da execución deste convenio marco, as partes deben comunicarse mutuamente datos de carácter persoal de terceiros, estas comprométense, con carácter previo á devandita comunicación, a informar e solicitar o consentimento dos interesados nos termos establecidos nos artigos 6 e 13 do Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección das persoas Aísicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RXPd). A obrigaón de contar co consentimento do interesado non será de aplicación cando, en aplicación do art. 6.1.c do RXPd, esta comunicación sexa necesaria para o cumprimento de obrigaóns legais aplicables ás partes.

9.- Cada unha das partes deberá trasladarlles o contido desta cláusula ás persoas de contacto cuxos datos faciliten en relación co desenvolvemento e execución deste convenio, eximindo a outra parte de calquera responsabilidade derivada da omisión desta obrigaón de informar.

NOVENA. – ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Este convenio entrará en vigor, con carácter retroactivo, o 1 de xaneiro de 2025 e terá un prazo de duración de catro anos.

As obrigaóns económicas previstas de acordo con este convenio serán de aplicación tendo en conta o seguinte:

- _ Para as entidades locais que presentasen a súa solicitude de adhesión con anterioridade ao 30 de setembro de 2025, ou como moi tarde nesa data, desde o 1 de xaneiro de 2025.*
- _ Para as entidades locais que presentasen a súa solicitude de adhesión con posterioridade ao 30 de setembro de 2025, desde o primeiro día do trimestre que corresponda á data da solicitude.*

En calquera momento, antes da finalización do prazo de duración, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga, por períodos de dúas anualidades, ata un máximo de catro anos adicionais, ou a súa extinción.

Se por calquera causa o convenio marco deixa de ter vixencia, procederase á súa resolución e liquidación conforme o disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo de que as partes, a través da Comisión de Seguimento, poidan acordar un prazo para a continuación e finalización das obrigaóns derivadas do Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, de RAEE.

DÉCIMA. - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa, de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As controversias xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación deste convenio, deberán liquidarse entre as partes de mutuo acordo, no seo da Comisión de Seguimento indicada na estipulación sétima.

Así mesmo, as cuestións litixiosas menores non resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse a arbitraje, de conformidade co disposto na Lei 60/2003, do 23 de decembro de arbitraje.

Para as cuestións operativas para as que non se chegue a ningún acordo, recorrerase á arbitraje dunha institución ou organización independente de recoñecido prestixio (denominado experto independente), que se decidirá de mutuo acordo pola comisión de seguimento. Finalmente, as cuestións que non se resolvan polos procedementos anteriores e cuestións maiores serán de coñecemento e competencia de orde xurisdiccional contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

UNDÉCIMA. - MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As condicións deste convenio serán interpretadas de acordo coa normativa vixente e, se é o caso, as condicións serán revisadas nos seguintes casos:

- _ Por vontade das partes. Calquera modificación deste convenio que implique algunha alteración substancial do seu funcionamento ou das condicións económicas nel contidas incorporarase a este mediante unha addenda adicional aprobada pola Comisión de Seguimento, e asinada por todas as partes.*
- _ Por cambios regulatorios que incidan directamente no seu contido. En calquera caso, tras a posta en funcionamento e plena operatividade da Oficina de Assignación, este convenio modificarase mediante addenda, ao obxecto de adaptar as súas disposicións á orde ministerial que desenvolva esta oficina.*
- _ Por resolucións xudiciais firmes que, se é o caso, lle puidesen afectar a este.*

DUODÉCIMA. - EXTINCIÓN DO CONVENIO

Este convenio resolverase:

- _ Polo transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.*
- _ Polo acordo unánime de todas as partes.*
- _ Polo incumprimento grave, entendido como incumprimento continuado, durante seis meses consecutivos, das obrigacións e compromisos esenciais asumidos por algunha das partes. Neste caso, o convenio quedaría resolto respecto á parte incumplidora, mantendo a súa vixencia para o resto das partes a condición de que tal incumprimento non supuxese a inviabilidade do convenio.*
- _ En caso de suspensión, caducidade, incumprimento ou revogación dalgunha autorización ou rexistro dun SRAP, quedando, neste caso, resolto respecto ao SRAP cuxa autorización ou rexistro resulte afectado.*
- _ Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- _ Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou na normativa que resulte de aplicación.*

DÉCIMO TERCEIRA. - EFECTOS DA RESOLUCIÓN ANTICIPADA DO CONVENIO MARCO

No suposto de instarse a resolución anticipada deste convenio marco, segundo algunha das formas previstas na anterior estipulación décimo terceira, e atoparse as entidades locais pendentes de percibir a compensación dalgunha cantidade polo servizo de recollida e xestión de RAEE, corresponderalles aos sistemas individuais e colectivos de responsabilidade ampliada do produtor de RAEE asinantes ou posteriormente adheridos a este convenio marco no momento da resolución anticipada o aboamento destas cantidades, na mesma contía que lles correspondese na data inmediatamente anterior á resolución.

DÉCIMO CUARTA. - SUBSCRICIÓN FUTURA DO CONVENIO POLOS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR DISTINTOS DOS ASINANTES

Os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor distintos dos asinantes deste convenio marco poderán adherirse a este, de acordo cos prazos legalmente establecidos.

De conformidade co anterior, este convenio está aberto para que, con posterioridade á súa sinatura, sexa subscrito mediante unha addenda (conforme o modelo establecido no anexo 7) por todo aquel SRAP autorizado ou por un produtor de RAEE que implantase e lle comunicase á autoridade competente o seu propio sistema de xestión individual, asumindo a totalidade dos compromisos contidos neste convenio marco especialmente os de carácter económico.

DÉCIMO QUINTA. - NOTIFICACIÓNS

1. Calquera notificación entre as partes relacionada coa modificación, interpretación ou execución deste convenio, con excepción daquelas que teñan que realizase por vía telemática, deberá realizarse por escrito e por correo certificado con xustificante de recepción ou burofax, ou por calquera outro método que garanta a súa veracidade, incluído o correo electrónico, dirixido ás persoas que a continuación se designan e no domicilio que así mesmo se sinala, que poderán ser modificados logo da súa notificación polo mesmo medio:

- a) Se van dirixidas á ASOCIACIÓN AMBILAMP: figurará como destinatario o Sr. Eduardo Mataix Aldeanueva ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade lles será previamente comunicada á Consellería e aos SRAP que forman parte do presente convenio marco.*
- b) Se van dirixidas ás fundacións ECOASIMELEC e/ou ECOFIMÁTICA: figurará como destinatario o Sr. José Gabriel García Aguado ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade lles será previamente comunicada á Consellería e aos SRAP que forman parte deste convenio marco.*
- c) Se van dirixidas á fundación ECOLEC: figurará como destinatario o Sr. Luis Moreno Jordana ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade lles será previamente comunicada á Consellería e aos SRAP que forman parte deste convenio marco.*
- d) Se van dirixidas á FUNDACIÓN ECOLUM: figurará como destinataria a Sra. Pilar Vázquez Sánchez ou a persoa na que esta delegue, cuxa identidade lles será previamente comunicada á Consellería e aos SRAP que forman parte deste convenio marco.*
- e) Se van dirixidas á FUNDACIÓN ECOTIC: figurará como destinatario o Sr. Andreu Vilà Ramos ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade lles será previamente comunicada á Consellería e aos SRAP que forman parte deste convenio marco.*
- f) Se van dirixidas á FUNACIÓN ECO-RAEE's: figurará como destinatario o Sr. Ricardo Martín Sánchez ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade lles será previamente comunicada á Consellería e aos SRAP que forman parte deste convenio marco.*

- g) Se van dirixidas a EUROPEAN RECYCLING PLATFORM, RAEE: figurará como destinataria a Sra. Laura Alonso Abajo ou a persoa na que esta delegue, cuxa identidade lles será previamente comunicada á Consellería e aos SRAP que forman parte do presente convenio marco.
- h) Si van dirixidas a SUNREUSE ASSOCIATION: figurará como destinatario o Sr. José Miguel Vendrell Guillem.
- i) Si van dirixidas a ASOCIACIÓN ECOECHE: figurará como destinataria a Sra. Suzana Zhan Zhu.
- j) Se van dirixidas á Consellería: figurará como destinataria a persoa titular da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sustentabilidade ou a persoa na que esta delegue, cuxa identidade lles será previamente comunicada aos SRAP que forman parte deste convenio marco.

2. Calquera cambio nas persoas designadas polas partes deberá ser notificado de forma fidedigna para o coñecemento das outras partes.

DÉCIMO SEXTA– INTEGRIDADE E EFICACIA

A sinatura deste convenio, por cada un dos SRAP de RAEE, queda condicionada á vixencia da correspondente autorización/habilitación do SRAP, de acordo coa normativa específica de aplicación.

Este convenio, así como os anexos que o acompañan e que forman parte íntegra deste, constitúen un único documento, completo, que recolle integramente o acordo entre as partes, e substitúe, derroga e deixa sen efectos calquera outro acordo verbal ou por escrito e referido ao mesmo obxecto aos que chegasen as partes con anterioridade á data da sinatura deste convenio.

As estipulacións que conforman o convenio son interdependientes entre si. Se por derogación ou modificación da lexislación vixente, algunha das devanditas estipulacións tivese que ser modificada, ou perdese a súa eficacia, modificarase esta, de ser posible, e o resto das estipulacións manterá a plena vixencia.

E en proba da súa conformidade con todo o convindo neste documento, as partes ratífanse no seu contido e obríganse ao seu cumprimento, e por iso asinan este convenio, para un só efecto, no lugar e a data indicados na sinatura electrónica.

Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático - Ángeles Vázquez Mejuto

O representante da Asociación AMBILAMP - Eduardo Mataix Aldeanueva

O representante da Fundación para la Gestión Ambiental de Aparatos Eléctricos y Electrónicos, ECOASIMELEC - José Gabriel García Aguado

O representante da Fundación para la Gestión Ambiental de Equipos Ofimáticos, ECOFIMATICA - José Gabriel García Aguado

O representante da Fundación ECOLEC - Luis Moreno Jordana

O representante da Fundación ECOLUM - Pilar Vázquez Sánchez

O representante da Fundación ECOTIC - Andreu Vilà Ramos

O Representante da Fundación ECORAE'S - Ricardo Martín Sánchez

O Representante de EUROPEAN RECYCLING PLATFORM RAEE, S.L. - Laura Alonso Abajo

O Representante de SUNREUSE ASSOCIATION - José Miguel Vendrell Guillem

O Representante de ASOCIACIÓN ECOECHE - Qingbo Peng

ANEXO 1: OBRIGACIÓNS DE CARÁCTER INFORMATIVO DOS SRAP

Os SRAP de AEE asinantes do convenio, sen prexuízo doutras obrigacións de carácter informativo, reguladas no Real decreto 110/2015, deberán informar electronicamente a Comisión de Seguimento, sobre o cumprimento das obrigacións acordadas neste convenio dos seguintes aspectos:

- _ Das EELL adheridas a este convenio e EELL que asinasen convenios específicos.
- _ Informe mensual, que inclúa, como mínimo, as cantidades recollidas por fracción, incluíndo as clasificadas pola instalación de recollida para preparación para a reutilización na CA, tanto no ámbito territorial como por SRAP, así como aquela información susceptible de ser utilizada á hora de analizar o cumprimento das obrigacións, tanto dos SRAP como das EELL.
- _ Informe trimestral sobre os pagos realizados e pendentes de facturar, así como incidencias producidas na facturación e pagos.
- _ Seguimento dos gastos realizados nas campañas de comunicación/sensibilización.

Os informes mensuais presentaranse ao longo do mes seguinte ao que fagan referencia. O resto da información deberá estar ao dispor da Comisión de Seguimento e da Comisión de Comunicación, se é o caso, antes de cada unha das reunións semestrais destas comisións.

ANEXO 2: RELACIÓNS E OBRIGACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO ENTRE AS EELL E OS SRAP

1. COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS ÁS EELL

Os SRAP pagaránlles unha compensación económica aos EELL polas actividades de identificación, clasificación e almacenamento de RAEE nas instalacións de recollida e pola súa entrega aos SRAP, tal como se detalla a continuación.

Tales compensacións establécense polos seguintes importes fixos:

Ano	Importe (sen IVE)
1.º ano de vixencia	130,00 €/t
2.º ano de vixencia	132,00 €/t
3.º ano de vixencia	133,00 €/t
4.º ano de vixencia	134,00 €/t

A actualización de importes realizarase por ano de vixencia, e tomarase en consideración a data de entrada en vigor.

A báscula de referencia, para os efectos das cantidades de RAEE retiradas, será a báscula situada nas instalacións do xestor autorizado de destino e o peso será o peso neto de RAEE que figure á entrada do residuo nas devanditas instalacións.

No caso de que na instalación municipal teña lugar a actividade de preparación para a reutilización (PpR) de RAEE, ou decidan encargar estas tarefas directamente a un xestor de PpR co que establezan un acordo, as EELL serán compensadas adicionalmente polas cantidades de RAEE que preparen para a reutilización nas súas propias instalacións ou nas instalacións dun xestor.

Para o establecemento da compensación por PpR tomarase en consideración as cantidades de RAEE de cada fracción que fosen efectivamente preparadas para a reutilización e certificadas polo ente local ou o centro de PpR; tanto o ente local como o centro de PpR deberán dispoñer das autorizacións pertinentes para realizar a actividade de PpR :

FRACCIÓN DE RAEE PREPARADA PARA A REUTILIZACIÓN	COMPENSACIÓN
FR1 Aparellos de frío	185 €/t
FR2 Monitores e pantallas	325 €/t
FR4 Grandes aparellos	190 €/t
FR5 Pequenos aparellos	440 €/t
FR6 Equipos de informática e telecomunicacións pequenos	440 €/t

Os RAEE que o xestor de PpR non poida destinar á reutilización deberán destinarse á reciclaxe, garantirán a rastrexabilidade para poder atender os pagos correspondentes e seguirán algunha das seguintes opcións:

- _ Ser tratado polo propio xestor de PpR, se dispón de autorización e certifica a súa xestión aos SRAP, indicando a instalación de recollida de orixe.
- _ Ser recollido polos SRAP nas instalacións dos xestores de PpR, indicando estes últimos a instalación de recollida de orixe.

Os SRAP controlarán a rastrexabilidade dos RAEE transportados, reutilizados e reciclados e incluírán as compensacións correspondentes nas prefecturas que lles remitirán aos EELL. Así mesmo, informarán de todo iso á Comisión de Seguimento.

TIPO DE COMPENSACIÓN	EXERCICIO			
	1.º ano de vixencia	2.º ano de vixencia	3.º ano de vixencia	4.º ano de vixencia
Identificación, clasificación e almacenamento	130 €/t	132 €/t	133 €/t	134 €/t
Preparación para a reutilización				
FR1 Aparellos de frío	185 €/t	185 €/t	185 €/t	185 €/t
FR2 Monitores e pantallas	325 €/t	325 €/t	325 €/t	325 €/t
FR4 Grandes aparellos	190 €/t	190 €/t	190 €/t	190 €/t
FR5 Pequenos aparellos	440 €/t	440 €/t	440 €/t	440 €/t
FR6 Equipos de informática e telecomunicacións pequenos	440 €/t	440 €/t	440 €/t	440 €/t

2. ORZAMENTO PARA AS CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN CIDADÁ E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

De acordo co artigo 54.2 cuarto parágrafo do Real decreto 110/2015, o grupo de traballo de RAEE coordina o contido e a eficiencia das campañas de concienciación e información no ámbito estatal e autonómico en materia de prevención e reutilización de AEE, así como a correcta recollida e xestión de RAEE. Para estes efectos, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor presentaranlle á Comisión de Comunicación do Convenio as súas propostas de campañas, que posteriormente serán trasladadas por parte da Consellería ao Grupo de traballo de RAEE, con suficiente anterioridade ao seu lanzamento, para comprobar a súa adecuación ao estipulado no Real decreto 110/2015 e ás súas autorizacións ou comunicacións, indicando especialmente as actividades que se van realizar, os obxectivos da campaña, a súa distribución territorial e o orzamento destinado á campaña.

En coherencia co anterior, e co obxecto de cuantificar as obrigacións económicas dos SRAP en relación coas campañas de comunicación cidadá e sensibilización social:

*1. A Comisión de Comunicación elaborará no primeiro mes de vixencia do convenio un **Plan xeral de comunicación e sensibilización en materia de RAEE** para os catro anos de vixencia do convenio. Este plan incluírá obxectivos ambientais, indicadores de seguimento, ámbitos de actuación, actuacións e orzamento estimativo. O plan contemplará actuacións que contribúan a alcanzar os obxectivos de recollida separada de RAEE e de preparación para a reutilización das diferentes fraccións, así como actuacións de sensibilización para a prevención da xeración de residuos, o alongamento da vida dos aparellos eléctricos e electrónicos, a xestión correcta dos RAEE e outras que se recolleron na Comisión de Seguimento.*

2. A Comisión de Seguimento revisará e aprobará o Plan xeral de comunicación e sensibilización en materia de RAEE que lle será remitido ao grupo de traballo de RAEE por parte da C. A. Se o Grupo de Traballo de RAEE acorda realizar algunha campaña de ámbito estatal comunicarllo á Comisión de Comunicación para que o teñan en conta nas súas planificacións.

*3. No primeiro trimestre de cada exercicio, a Comisión de Comunicación elaborará o **Programa anual de comunicación e sensibilización en materia de RAEE**, que será coherente co plan xeral e basearase na previsión de cumprimento de obxectivos do exercicio en curso e nos resultados de campañas anteriores. O programa anual concretará:*

- _ Os obxectivos ambientais e comunicativos.*
- _ As actuacións para o seguinte exercicio, tanto conxuntas como individuais dos SRAP asinantes do convenio, no ámbito autonómico e estatal (se é o caso) e local, en función das necesidades detectadas.*
- _ Os indicadores de seguimento que se van ter en conta para cuantificar a eficiencia das accións de comunicación.*
- _ O orzamento coas contías que se van dedicar e a distribución entre os SRAP (detállase no punto 6).*
- _ O calendario de execución.*

4. No cuarto mes de cada exercicio o Programa anual de comunicación e sensibilización en materia de RAEE será revisado pola Comisión de Seguimento, a cal valorará a adecuación das propostas de campañas dos SRAP, e en caso de comprobarse a non adecuación dalgunha das propostas presentadas, propoñerá modificacións para a súa mellora. Logo de aprobarse, seralle remitido ao Grupo de Traballo de RAEE.

5. A Comisión de Comunicación realizará o seguimento da contratación e execución das accións previstas no programa anual. Revisarase o cumprimento dos indicadores previstos e controlarase a execución do orzamento.

6. O importe que cada SRAP deberá achegar para alcanzar o orzamento do programa anual de comunicación e sensibilización en materia de RAEE e calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Importe sensibilización por SRAP} = \text{Coef. Según cumplimiento} * \text{hab.CA} * \text{cuota SRAP}$$

Onde:

Coeficiente segundo o cumprimento de cada SRAP: coeficiente que, en función do nivel de cumprimento dos obxectivos de recollida selectiva de RAEE de uso doméstico de cada SRAP, define a cantidade que se debe achegar por habitante (€/hab.), de acordo coa táboa seguinte:

Nivel cumprimento alcanzado	Coeficiente (€/hab.)
<30 %	0,15
30-50 %	0,12
50-70 %	0,10
70-80 %	0,09
80-90 %	0,065
90-100 %	0,05
100-125 %	0,02
>125 %	0,00

Hab. C. A.: habitantes censados na Comunidade Autónoma de Galicia, excluindo os habitantes de municipios non adheridos a este convenio marco. Para os cálculos destes coeficientes consideraranse os habitantes empadroados nos municipios adheridos ao convenio a data 31 de decembro do ano anterior. Durante o primeiro ano de vixencia do novo convenio, mentres se van formalizando as adhesións das EELL xa adheridos ao anterior convenio, terase en conta a poboación adherida ao convenio anterior.

Cota do SRAP: cota de responsabilidade de acordo cos obxectivos publicados polo ministerio para o ano en curso (a partir das cotas de mercado dos SRAP do ano precedente, tendo en conta os cambios SRAP dos produtores + repartición das cotas daquelas empresas que cesan a súa condición de produtor no ano precedente).

Esta fórmula tamén considera o grao de cumprimento alcanzado por cada SRAP, debendo achegar máis diñeiro aqueles SRAP que máis lonxe dos obxectivos están. Así mesmo, tense en conta a cota de mercado de cada un dos SRAP.

O importe do financiamento achegado polos SRAP que non se execute nun exercicio acumularase cos importes achegados nos anos seguintes de vixencia deste convenio (catro anos), ou ben, da súa prórroga (ata catro anos adicionais), de ser o caso. Os importes non executados á finalización da vixencia do convenio ou, se procede, das súas prórrogas, extinguíranse.

Dentro das cantidades indicadas e achegadas polos SRAP, estes poderán desenvolver accións propias,

cun máximo dun 15 % da contía económica. As accións propias deberán contara coa aprobación da Comisión de Seguimento deste convenio. Estas accións propias de comunicación e sensibilización estarán orientadas prioritariamente a fomentar a sensibilización e concienciación dos cidadáns sobre as fraccións de RAEE e o tipo de produto con peor índice de cumprimento. Para a realización de accións propias, a Comisión de Seguimento determinará o prazo máximo do que dispoñerán os SRAP para a súa execución, e poderán acumular o orzamento de varios exercicios. Transcorrido o prazo que finalmente se acorde, se o orzamento destinado a accións propias non foi executado, este orzamento reverterase ao orzamento destinado a accións globais.

Os importes correspondentes a accións propias deberán corresponder a accións aprobadas pola Comisión de Seguimento do convenio. En caso contrario, estes importes destinaranse a accións comúns.

Os SCRAP asinantes do convenio marco de colaboración do 15 de xaneiro de 2015, en aras á boa fe e para fomentar un acordo entre as partes, comprométense a pagar o importe pendente de executar para o desenvolvemento de campañas de comunicación derivadas do devandito convenio e que ascende á cantidade de 303.732,27 €.

Este importe repartirase entre os SCRAP de RAEE tendo en conta a consecución de obxectivos, segundo a seguinte desagregación:

SCRAP	Importe pendente de execución
AMBILAMP	2.609,10 €
ECOASIMELEC	52.178,12 €
ECOFIMATICA	2.461,19 €
ECOLEC	56.608,62 €
ECOLUM	153,14 €
ECOTIC	148.526,94 €
ECO-RAEE'S	4.846,79 €
ERP	36.348,37 €
	303.732,27 €

Os importes contemplados para o orzamento de comunicación son importes sen impostos incluídos.

ANEXO 3: FACTURACIÓN E PAGAMENTO

Neste anexo detállanse os aspectos relacionados coas condicións de facturación e pagamento das compensacións por identificación, clasificación e almacenamento de RAEE que lles sexan asignadas aos SRAP, así como as actividades de preparación para a reutilización

Os SRAP de OfiRaee, de forma coordinada, poñerán ao dispor das EELL ou terceiros en quen estas delegasen a facturación e a cobranza expresamente no acto de adhesión, unha plataforma informática en liña que deberá incluír tanto os persoais de facturación como aqueloutros documentos que se deban cubrir

para acreditar o dereito á cobranza. Esta plataforma informática deberá estar operativa durante toda a vixencia deste convenio marco. Calquera cambio, actualización ou modificación desta deberá serlles comunicada e explicada convenientemente aos usuarios nun período mínimo de 15 días antes da súa efectiva implantación.

Todas as tarifas de compensación aos entes locais, así como as tarifas para o cálculo do orzamento de comunicación son tarifas sen impostos incluídos.

1. Facturación de compensacións económicas ás entidades locais pola identificación, clasificación e almacenamento

_ Os SRAP de OfiRaee, de forma coordinada, enviaranlles cada **trimestre vencido** ás EELL ou entidades nas que deleguen a facturación e cobranza, unha prefactura correspondente ás entregas de RAEE realizadas no trimestre anterior, polas cantidades de RAEE e conceptos acordados no apartado 1 do anexo 2, correspondentes ao trimestre anterior.

_ As EELL revisarán e confirmarán a prefactura, e emitirán a factura correspondente que enviarán xunto coa documentación da que dispoñan, que xustifique as cantidades entregadas. As facturas consideraranse completas cando leven adxunta a correspondente documentación xustificativa.

O pago das cantidades facturadas deberá realizarse nun **prazo non superior a 60 días**, a contar desde o día seguinte ao de recepción da factura por parte dos SRAP.

2. Facturación por actividades de preparación para a reutilización

Os EELL facturaranlles trimestralmente aos SRAP as compensacións establecidas no anexo 2, polas actividades de PpR levadas a cabo nas instalacións dos EELL ou do centro de PpR co que as EELL teñan acordo.

Para iso, os SRAP emitirán as prefacturas correspondentes, tomando en consideración as cantidades de RAEE de cada fracción que fosen preparadas para a reutilización e certificadas polo ente local ou o centro de PpR. Tanto o ente local como o centro de PpR deberán dispoñer dos permisos pertinentes para realizar a actividade de PpR.

Os SRAP non membros de OfiRaee ou que non reciban os servizos desta plataforma deberán dispoñer dun sistema equivalente de facturación e pagamento ás EELL.

ANEXO 4: CONDICIÓN S MÍNIMAS NA ENTREGA, RECEPCIÓN, ALMACENAMENTO E RECOLLIDA DOS RAEE

1. RAEE ADMITIDOS

Son obxecto deste convenio os RAEE domésticos depositados nas instalacións de recollida das EELL, isto é, en instalacións de recollida de que dispoñan as EELL e, se é o caso, aqueles almacéns habilitados e autorizados cos que as EELL teñan subscritos acordos de recollida de residuos.

De conformidade coa definición do Real decreto 110/2015, enténdese por RAEE domésticos, os RAEE procedentes de fogares particulares ou de fontes comerciais, industriais, institucionais e doutro tipo que,

pola súa natureza e cantidade, sexan similares aos procedentes de fogares particulares.

Tamén poderán ser admitidos os RAEE domésticos dos distribuidores do seu ámbito territorial cos que as EELL subscribisen acordos para a realización de entregas de RAEE domésticos nas instalacións municipais, nas condicións establecidas no artigo 19 do Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, modificado polo Real decreto 27/2021, do 19 de xaneiro.

Se houber consenso das partes, poderase valorar a xestión puntual de RAEE profesionais que se reciban nas instalacións de recollida das EELL que os acepten de acordo coas súas ordenanzas, a condición de que a entidade local non lles cobre pola súa aceptación ao cidadán, á entidade ou á empresa. Nestes casos, tras analizar a casuística, poderase proceder de acordo co mecanismo descrito no apartado 4 do presente anexo, sen prexuízo de que, se é o caso, se someta á Comisión de Seguimento, a avaliación da súa incidencia e de cantas medidas complementarias se estimen necesarias para o mellor cumprimento do convenio. Nese sentido, nos casos puntuais en que unha entidade local reciba RAEE profesionais, a entidade local comunicarao (por teléfono ou por correo electrónico) a OfiRaee ou ao SRAP adherido ao convenio con cota desa fracción de RAEE profesional. En caso de aparecer cantidades significativas de RAEE profesionais, debería controlarse a marca do residuo para comprobar que se trata de RAEE procedentes de produtores adheridos a algún dos SRAP asinantes do convenio e asignarllas a quen lle corresponda.

2. INSTALACIÓNS DE RECOLLIDA DAS EELL

As instalacións de recollida das EELL nas que se reciban RAEE (puntos limpos, almacéns habilitados polas EELL) estarán identificadas no acto de adhesión (anexo 6). Tamén poderán ser comunicadas con posterioridade conforme o requirido na ficha que acompaña o anexo 6 .

3. FRACCIÓNS DE RECOLLIDA

Nas instalacións de recollida municipal, os RAEE recolleranse nas seis fraccións para RAEE domésticos que se indican no anexo VIII do Real decreto 110/2015:

FR1 - Aparellos de intercambio de temperatura.

FR2 - Pantallas e monitores.

FR3 – Lámpadas.

FR4 - Grandes aparellos. Os termos (FR4Ter) recolleranse separadamente do resto de RAEE da súa mesma fracción, debido aos tratamentos finais diferenciados destes residuos e á existencia de obxectivos de recollida separada diferenciados.

FR5 - Pequenos aparellos.

FR6 - Pequenos aparellos informática. Os cartuchos de impresión de tinta e tóner (FR6To) recolleranse separadamente do resto de RAEE da súa mesma fracción, debido aos tratamentos finais diferenciados destes residuos.

Adicionalmente separaranse os RAEE que polas súas condicións poidan ser destinados á preparación para a reutilización, os cales se poderán almacenar en caixas de cartón, palés ou contedores, identificados coa fracción correspondente. Os medios de contenerización que permitan o almacenamento temporal dos RAEE e sexan acordadas en comisión de seguimento serán fornecidos polos SRAP.

Na seguinte táboa enuméranse os tipos de RAEE de orixe doméstica recollidos na táboa 1 do anexo VIII do

Real decreto 110/2015, indicado algúns exemplos de cada fracción, así como o código LER-RAEE asociado e o sistema de almacenamento previsto. Destácanse cun asterisco os que están clasificados como perigosos de cada fracción:

FR	Categorías e subcategorías	Grupos de tratamento e exemplos	Principais códigos LER – RAEE	Sistema de almacenamento
FR1	1. Aparellos de intercambio temperatura 1.1 Aparello eléctrico de intercambio de temperatura con CFC, HCFC, HFC, HC, NH3 1.2. Aparello eléctrico de aire acondicionado 1.3. Aparello eléctrico con aceite en circuitos ou condensadores	11* Aparellos con CFC, HCFC, HFC, HC, NH3 (frigoríficos/conxeladores/secadoras con bomba de calor)	200123*-11*	Palé / chan
		12* Aparellos aire acondicionado	200123*-12*	
		13* Aparellos con aceite en circuitos ou condensadores (radiadores de aceite)	200135*-13*	
FR2	2. Monitores e pantallas 2.1. Monitores e pantallas LED 2.2. Outros monitores e pantallas	21* Monitores e pantallas CRT	200135*-21*	Gaiola
		22* Outros monitores e pantallas con compoñentes perigosos	200135*-22*	
		23 Monitores e pantallas LED	200136-23	
FR3	3. Lámpadas 3.1. Lámpadas de descarga (Hg) e lámpadas Aluorescentes 3.2. Lámpadas LED	31* Lámpadas de descarga, non LED e Aluorescentes	200121*-31*	Contedor
		32 Lámpadas LED	200136 -32	
FR4	4. Grandes aparellos (cunha dimensión exterior superior a 50 cm)	41* Grandes aparellos con compoñentes perigosos	200123*-41* 200135*-41*	Palé / chan
		42 Grandes aparellos (resto) (lavadoras, lavalouzas)	200136-42	
		Termos	200123* - 41*	Palé / chan
FR5	5. Pequenos aparellos (sen ningunha dimensión exterior superior a 50 cm)	51* Pequenos aparellos con compoñentes perigosos e pilas incorporadas	200135*-51*	Gaiola
		52 Pequenos aparellos (resto)	200136-52	
FR6	6. Aparellos de informática e telecomunicacións pequenos (sen ningunha dimensión exterior superior a 50 cm)	61* Aparellos de informática e telecomunicacións pequenos con compoñentes perigosos	200135*-61*	Gaiola
		62 Aparellos de informática e telecomunicacións pequenos sen compoñentes perigosos	200136-62	
		Cartuchos de impresión de tinta e po (tónor)	200136-62	Contedor

O almacenamento dos RAEE de cada fracción deberá realizarse conforme coas condicións establecidas no anexo VIII do Real decreto 110/2015, prestando especial atención aos RAEE que se vaian destinar á

preparación para a reutilización e os de carácter perigoso. Os contedores e as gaiolas serán fornecidos gratuitamente polos SRAP ou por xestores autorizados, e nunca supoñerán ningún custo para as EELL, tanto para os RAEE destinados á reciclaxe como para os RAEE destinados á preparación para a reutilización.

O mantemento e limpeza dos elementos de almacenaxe corre a cargo das EELL, pero en caso de rotura ou deterioración dos contedores e gaiolas serán substituídos polos SRAP. As EELL adheridas ao convenio entregarán aos SRAP todas as fraccións RAEE.

4. SERVIZO DE RECOLLIDA

1. As instalacións de recollida identificadas nos documentos de adhesión, ou comunicadas con posterioridade conforme o requirido na ficha que acompaña ao anexo 6 , solicitarán a OfiRaee ou ao resto de SRAP non membros de OfiRaee que encargue a organización e financiamento do tratamento dos RAEE a un SRAP asinante deste convenio. As instalacións de recollida terán constancia da aceptación da súa solicitude e do SRAP que atenderá esta petición.

2. Unha vez asignada unha recollida a un SRAP, este deberá notificar á instalación de recollida a información que sexa necesaria para o control da rastrexabilidade do traslado, así como o transportista encargado de realizar o traslado e a instalación de destino.

3. A recollida dos RAEE correspondente a unha petición comunicada a OfiRaee por parte dunha instalación de recollida con horario de apertura de máis de 20 horas semanais, de luns a venres, deberá efectuarse dentro dos sete días hábiles (excluíndo sábados e festivos) seguintes á petición de recollida, desde o momento en que se cumpran todos os requisitos documentais establecidos no Real decreto 553/2020. Para o caso de instalacións de recollida con horario de apertura inferior a 20 horas semanais, de luns a venres, coordinarase a data de recollida coa instalación. Naqueles casos nos que sexa necesario tramitar notificación previa de traslado (NP), o prazo de recollida será de **doce días hábiles** (excluíndo sábados e festivos).

4. Na solicitude indicarse para que fracción/s se require o servizo, así como as unidades de almacenamento a retirar.

No caso da preparación para a reutilización, deberá informarse tamén sobre as fraccións específicas (FR1 - FR6) que foron seleccionadas para preparación para a reutilización, así como as unidades de almacenamento que se van retirar. Por outra banda, no caso de termos, cartuchos de impresión indicarse na solicitude de retirada, a subfracción específica correspondente (FR4Ter e FR6To).

5. A entidade local deberá realizar a solicitude:

- a) Cando dispoña dun único contedor ou gaiola por fracción e estea cheo nun 80 % da súa capacidade.
- b) Cando dispoña de máis dun contedor e todos menos un, estean cheos ao 100 % da súa capacidade e un único contedor deberá estar cheo nun 80 %.
- c) No caso que o almacenamento dos RAEE non se realice en contedores, cando os RAEE acumulados alcancen o 80 % da capacidade de almacenaxe da instalación da zona destinada a RAEE.

6. Documentación e rastrexabilidade en materia de traslados de residuos.

Os traslados de RAEE deberán documentarse de acordo co establecido na normativa de traslados vixente en cada momento. Todos aqueles documentos relacionados cos traslados de residuos con orixe Galicia deberán ser presentados ante o órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en formato

electrónico a través da plataforma habilitada para o efecto, Plataforma GAIA (Plataforma galega de información ambiental), de acordo co indicado no artigo 29 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia, e tendo en conta os supostos nos que o SRAP deba actuar como operador do traslado para os efectos da creación dos documentos de identificación.

7. Os SRAP informarán os operadores de traslado, ao comezo da vixencia deste convenio, e sempre que se produzan cambios, e como mínimo con 15 días naturais de antelación, dos xestores (almacenamento, valorización ou preparación para a reutilización) que van ser receptores de cada unha das fraccións recollidas nas súas instalacións. Calquera modificación nos xestores será comunicada por escrito aos operadores de traslado por cada SRAP.

8. O transporte dos RAEE recollidos realizarase de acordo cos requisitos establecidos no artigo 17 e no anexo VII do Real decreto 110/2015. Realizarase en condicións que permitan a preparación para a reutilización dos RAEE e os seus compoñentes, de forma que se evite a súa rotura, o exceso de enrimamento, a emisión de substancias ou perda de materiais e a vertedura de aceites e líquidos. Os contedores deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 110/2015.

ANEXO 5: PREPARACIÓN PARA A REUTILIZACIÓN DOS RAEE RECOLLIDOS NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

A preparación para a reutilización é a opción prioritaria na xerarquía da xestión de residuos establecida na Directiva 2018/851 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE, do 19 de novembro de 2008, marco de residuos, así como na referida Lei 7/2022 e o Real decreto 110/2015.

En concreto, o Real decreto 110/2015 establece obxectivos de preparación para a reutilización para as fraccións FR4 e FR6, que deben cumprir os produtores de AEE ao amparo do SRAP.

Para alcanzar estes obxectivos e cumprir coa xerarquía na xestión de residuos, as EELL están obrigadas a dispoñer de espazos habilitados para os RAEE que poidan destinarse á preparación para a reutilización, nas instalacións de recollida de RAEE municipais (artigos 19 e 20 do Real decreto 110/2015).

Adicionalmente, no anexo IX establécense os requisitos técnicos para a preparación para a reutilización. Os RAEE das distintas fraccións seleccionadas para preparación para a reutilización serán:

- a) Traslados polos SRAP a centros de preparación para a reutilización autorizados.
- b) Traslados polas EELL a centros de preparación para a reutilización autorizados, cos que os EELL teñan acordos.
- c) Preparados para a reutilización nas instalacións dos EELL que dispoñan de autorización como centro de preparación para a reutilización.

Os SRAP e os EELL informarán a comisión de seguimento das cantidades de cada fracción que foron efectivamente preparadas para a reutilización e convertidas en AEE usados.

As EELL serán compensadas polos SRAP, polas cantidades de RAEE efectivamente preparadas para a

reutilización e certificadas nas instalacións das EELL ou nas instalacións dos xestores de PpR cos que os EELL teñan acordos, coas contías acordadas no apartado 1 do anexo 2.

1. RECURSOS TÉCNICOS DAS INSTALACIÓNS DE RECOLLIDA

As instalacións de recollida dispoñerán dun espazo habilitado, baixo cuberta, para o almacenamento dos RAEE seleccionados para preparación para a reutilización.

Os RAEE pertencentes ás fraccións FR2, FR5, FR6, así como os cartuchos de tinta e po seleccionados para preparación para a reutilización serán almacenados en caixas ou contedores adecuados fornecidos polos SRAP. Para os RAEE pertencentes ás fraccións FR1, FR4 e termos non se prevé o uso de contedores específicos para a preparación para a Reutilización

2. ORIXE DOS RAEE

No ámbito do convenio, os RAEE susceptibles de prepararse para a reutilización provirán das instalacións de recollida municipal identificadas no documento de adhesión ou comunicadas con posterioridade conforme o requirido, incluíndo almacéns de titularidade privada que teñan un acordo con EELL que cubra o almacenamento de RAEE.

Os criterios para clasificar os RAEE por parte das EELL para a preparación para a reutilización, segundo o anexo IX do Real decreto 110/2015 son:

2.1 Inspección visual: os aparellos que cumpran cun ou máis dos criterios que se expoñen a continuación, serán separados do resto como «RAEE non reutilizables» e envíanse a unha planta de tratamento de RAEE:

- a) Carcasas incompletas (ausencia de tapas ou partes da propia carcasa).
- b) Ausencia de compoñentes esenciais (por exemplo, que un frigorífico non dispoña do compresor).
- c) Aparellos en deficientes condicións xerais.
- d) Aparellos moi oxidados e con numerosos danos superficiais (por exemplo, crocaduras, fendeduras, buracos etc.).

2.2 En canto ao consumo enerxético, os RAEE poderán preparase para a reutilización e reutilizarse se posúen una etiqueta enerxética B ou superior no caso dos frigoríficos, os conxeladores, as lavadoras e as lavalouzas; ou unha etiqueta C ou superior en aparellos de aire acondicionado e secadoras.

2.3 Non se destinarán á preparación para a reutilización as pantallas de tubos de raios catódicos que implique a súa apertura, debido á presenza de revestimentos Aluorescentes de fósforo.

As EELL identificarán os RAEE que se destinarán á preparación para a reutilización e as cantidades por fracción recollidas separadamente.

ANEXO 6: ADHESIÓN DAS EELL AO CONVENIO

As EELL que desexen adherirse a este convenio teñen á súa disposición na seguinte ligazón: <https://sirga.xunta.gal/convenio-marco-aparellos-electronicos>

- O modelo de solicitude de adhesión a través do cal a entidade solicitante deixará constancia da aceptación de todos os pactos e estipulacións nel contidos. A solicitude, debidamente asinada por quen corresponda na entidade solicitante, acompañarase de documentación xustificativa da aprobación da adhesión polo órgano competente.
- Os formularios a través dos cales se proporcionará a información requirida, de conformidade coa ficha que se acompaña que constituirá a información mínima esixible.
- Así como, a ligazón a través da cal se lle fará chegar á Consellería a documentación por medios electrónicos.

Logo de recibir as solicitudes, e unha vez comprobada a integridade da documentación requirida, a Consellería comunicará a adhesión aos SRAP.

**FICHA DE ENTIDADE LOCAL
RELATIVA Á SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO EN MATERIA DE RESIDUOS DE
APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)**

Datos da administración pública que solicita a adhesión

Administración pública que solicita a adhesión	
Comarca	
NIF administración	
Provincia	
Municipio	
Enderezo	
Código postal	
Poboación/s á/s que se presta servizo * No caso de que a solicitude sexa presentada por unha entidade supramunicipal deberán seleccionarse os municipios englobados nela.	
Persoa de contacto	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Datos da entidade de facturación (1)

Identificación da entidade de facturación	
NIF	
CCAA	
Provincia	
MUNICIPIO	
Enderezo	
Código postal	
Persoa contacto	

Teléfono	
Enderezo electrónico	

Datos bancarios

N.º de conta, incluíndo IBAN (2)	
----------------------------------	--

FICHA DA INSTALACIÓN DE RECOLLIDA MUNICIPAL

Tipo de instalación de recollida (3)	
Nome da instalación de recollida	
Municipio	
Enderezo	
Código postal	
Empresa concesionaria da explotación / Entidade responsable da instalación de recollida municipal	
Persoa de contacto	
Teléfono	
Teléfono móbil	
Enderezo electrónico	
Horario de recollida (horario e días de apertura)	
Observacións	
CNAE (código nacional de actividades empresariais)	
NIMA (4)	
NIF asociado ao NIMA da instalación	
Código de inscrición RPXR	
Tipo de inscrición RPXR (5)	

Datos da empresa concesionaria /entidade responsable do PRM (6)

Identificación da empresa que teña a concesión / Entidade responsable da explotación da instalación de recollida	
NIF	
CCAA	
Provincia	
MUNICIPIO	
Enderezo	
Código postal	
Persoa contacto	

Teléfono

Enderezo electrónico

(1) Encher se:

- Delegase a cobranza da facturación nun terceiro e anexar documento de delegación expresa de facturación asinada e selada pola administración propietaria da instalación de recollida.
- A entidade de facturación é distinta á que solicita a adhesión (para o caso de entidades supramunicipais).

(2) N.º de conta composto por 20 díxitos.

(3) Tipo de instalación de recollida: punto limpo, almacén voluminoso, planta triaxe, outros.

(4) NIMA: número de identificación ambiental (código de provincia (INE) 2 díxitos + código numérico 8 díxitos).

(5) Tipo de inscrición RPGR: xestor de almacenamento, xestor de valorización.

(6) Encher se:

- Existe concesión da explotación da instalación de recollida ou a entidade local responsable é distinta á que solicita a adhesión
- A empresa concesionaria / entidade responsable da instalación de recollida é distinta á entidade de facturación.

ANEXO 7: ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR DE AEE.

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia (en diante, «a Consellería»), con domicilio na rúa San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, e con número de identificación fiscal [•], representada neste acto por dona Ángeles Vázquez Mejuto ,

Por outra banda, D., con NIF na súa calidade de en representación da entidade,

As partes recoñécense a capacidade legal suficiente para obrigar as súas respectivas entidades a formalizar esta addenda ao convenio marco subscrito entre a Consellería e os sistemas SRAP de AEE, que acordan voluntariamente e,

EXPOÑEN

I. Que o pasado asinouse o convenio marco de colaboración entre a Consellería e os SRAP de AEE.

II. Que o convenio marco ten por obxecto establecer un marco de colaboración que debe rexer a actividade dos SRAP de RAEE e que estean autorizados ou habilitados como tal para actuar na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa relación coas entidades locais e a comunidade autónoma de conformidade coas súas competencias, co fin de asegurar o cumprimento do esixido na actual redacción do Real decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

III. Que os sistemas colectivos e individuais de responsabilidade ampliada do produtor poderán adherirse a este convenio marco, de acordo co establecido na estipulación décimo quinta do convenio marco, citado no expositivo primeiro e os prazos legalmente establecidos.

IV. Que, o sistema colectivo/individual de responsabilidade ampliada do produtor de RAEE,, manifesta a súa vontade de adherirse ao convenio marco de Colaboración subscrito o, entre a Consellería e os SRAP de AEE.

ACORDAN

PRIMERO. - Mediante esta addenda, e a Consellería acordan incluír en todos os seus termos, a no ámbito do convenio marco citado no expositivo primeiro desta addenda. Para estes efectos, asume a totalidade dos compromisos derivados do citado convenio marco de acordo co establecido na súa estipulación décimo cuarta.

SEGUNDO. - Pola Consellería enviarase unha copia deste documento aos SRAP que sexan parte do convenio marco citado no acordo anterior.

TERCEIRO. - Para os efectos da estipulación décimo quinta, figurará como destinatario de D./D^a. ou a persoa na que este delegue, cuxa identidade lle será previamente comunicada á Consellería e os SRAP que forman parte deste convenio marco.

CUARTO. - Esta addenda entra en vigor o día da súa sinatura, e ten a mesma vixencia que o convenio marco citado no expositivo primeiro desta addenda.

E en proba da súa conformidade con todo o convido neste documento, as partes ratífanse no seu contido e obríganse ao seu cumprimento, e por iso asinan esta e addenda, para un só efecto, no lugar e a data indicados na sinatura electrónica.

Asdo.

Asdo.

Expediente 1450/2025. Aprobación facturas agosto

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, **ACORDA** a aprobación dos gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Terceiro	Nº Factura	Descrición	Importe
AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL, S. L. U.	E16250001	ECCOM EVENTUALES	7.623,00
AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL, S. L. U.	E16250003	Factura rectificativa substitutiva de la fact	7.623,00
ASFALTOS COMPOSTELA, S. L.	FE252507007	AGLOMERADO EN FRIO	1.083,33
ASFALTOS COMPOSTELA, S. L.	FE252507008	AGLOMERADO EN FRIO	322,21
ASFALTOS COMPOSTELA, S. L.	FE252507014	AGLOMERADO EN FRIO	1.797,41
ASFALTOS COMPOSTELA, S. L.	FE252508002	AGLOMERADO EN FRIO	780,80

Concello de Silleda

ASFALTOS COMPOSTELA, S. L.	FE252508003	AGLOMERADO EN FRIO	2.287,00
ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MUSICA DE SILLEDA	202519/2025	Factura actuación festas de Silleda	3.300,00
ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MUSICA DE SILLEDA	202522/2025	Festas de Bandeira_2025	3.301,00
ASOCIACIÓN CULTURAL OS VARACUNCAS	25007	ACTUACIÓN NA FESTA DA EMPANADA 2025	1.250,00
ASOCIACIÓN MUSICAL RECREATIVA E CULTURAL DE BANDEIRA	008-25	FESTA DA EMPANADA. SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN	3.500,00
AUTOMATISMO Y CONTROL DE TRÁFICO, S. L.	OBS-2025-22	REPARACIÓN SEMÁFOROS	463,50
AUTOMATISMO Y CONTROL DE TRÁFICO, S. L.	OB-2025-28	408 kms desplazamiento en tres viajes a cruce	309,86
AUTOS SILLEDA, S. L.	20250A001296	MATRÍCULA: 5193JFF / 9178DZV / 9708DWZTÉCNIC	263,51
BAYGAR, S.L.	1353251300371	MANO DE OBRA, HORAS DESPLAZAMIENTO, KM DESPLAZ	827,43
BAYGAR, S.L.	1347251102675	BOQUILLA DE PRESION 25° 02 R1/4, CEPILLO ACER	453,31
BAYGAR, S.L.	1347251102917	CEPILLO LATERAL HAKO CM 300 420MM MEZCLA PLP	348,48
BORRAGERO LÓPEZ, XESÚS	25-43	Expediente nº 367/2025 PRESTACIÓN DO SERVIZO	3.213,08
BORRAGERO LÓPEZ, XESÚS	25-49	Expediente nº 367/2025 PRESTACIÓN DO SERVIZO	3.213,08
CACHAFEIRO LÓPEZ, FRANCISCO	46/2025	TRABALLOS DE REPARACIÓN NA PISCINA DE BANDEIRA	60,00
CALCO DIXITAL, ESPJ	25 000073	ENCADERNACIÓNS E PORTE	85,00
CAMPOS FERRO, NATALIA	Emit-2420	diagnose urbana nos nucleos urbanos de Silleda	16.819,00
CANON ESPAÑA, S. A. U.	2508680117797	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC13391 20250701	241,88
CANON ESPAÑA, S. A. U.	2508680114918	TOTAL SMALL COLOR (123) 380992 389579 M_IRAD	271,79
CANON ESPAÑA, S. A. U.	2508680126985	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC14096 20250701	660,12
CANON ESPAÑA, S. A. U.	2508680124729	TOTAL SMALL COLOR (123) 219772 220961 M_IRAD	272,81
CANON ESPAÑA, S. A. U.	2508680140813	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC13391 20250801	241,88
CANON ESPAÑA, S. A. U.	2508680137003	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC14096 20250801	660,12
CANON ESPAÑA, S. A. U.	2508680140978	TOTAL SMALL COLOR (123) 220961 221867 M_IRAD	194,29
CANON ESPAÑA, S. A. U.	2508680137167	TOTAL SMALL COLOR (123) 389579 396206 M_IRAD	221,05
CARAPPAUS, S. C.	C-25013	Actuación de Carapaus na Festa da Empanada d	1.815,00
CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, S. L.	FA2503936	Período alquiler DEA 15/07/25-14/07/26 (1 Pa	601,13
CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, S. L.	FC2501424	BATERIA LIFEPAK CR2	332,75
CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, S. L.	FC2501425	ELECTRODOS ADULTOS G5	105,27
CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, S. L.	FC 2501426	ELECTRODOS ADULTOS/PEDIÁTRICOS LIFEPAK CR2	145,20
CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, S. L.	FC2501439	ELECTRODOS ADULTOS/PEDIÁTRICOS LIFEPAK CR2	145,20
CEXNOR TECNIC, S. L.	FA251130	EXTINTOR CEXNOR POLVO ABC 6KG, RECARGA EXTINT	77,03
CLT VALLO CAMINO, S. L.	25/316	MATERIAL OBRAS	1.680,99
CODROGA, S.L.	25003261	GUANTE NITRIL AZUL C-100 U. PEQUEÑO	411,40
CODROGA, S.L.	25002700	BOLSAS DE BASURA 85 X 105 SAYRE G-130, ROLLOS	369,34
COESCO, S. L. U.	B25091	SERVIZO DO PROGRAMA LUDICO-EDUCATIVO DE APER	4.168,26
COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIFICIO OLAIA CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES, S. L.	Emit-20	GASTOS 2º TRM. 2025 Y SEGURO COMUNITARIO	598,55
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES, S. L.	202551	[G496/2025] Servicio de Dirección de Obra y	474,93
CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES, S. L.	202550	G496-25 64% Dirección de Obra y Coordinación de Segu	834,06

CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES, S. L.	202552	G496-25 12,66% Dirección de Obra y Coordinación de S	115,05
CONTALOCAL S.L.	F250200	Tablet para policía Local SAMSUNG GALAXY TAB	316,74
CONTALOCAL S.L.	F250183	Escaner Fujitsu IX1600 Rexistro ,Ratón HP in	592,76
COSAPLAG, S. L. U.	normal20252994	Toma de muestra y analítica según el Real De	281,01
COSAPLAG, S. L. U.	normal20253096	Desratización Tratamiento de desratización .	569,22
COSAPLAG, S. L. U.	normal20253600	Revisión, limpieza y desinfección para la pr	864,18
COSAPLAG, S. L. U.	normal20253724	Toma de muestra y analítica según el Real De	281,01
DELFA LOSA ABOGADOS, S. L. P.	25155	Minuta de honorarios devengados por la Letra	2.904,00
ECOCOMPUTER, S. L.	022025/02/181	2203000020 - ACTAIS TA-Servicio integral con	324,70
ECOCOMPUTER, S. L.	022025/02/211	2203000020 - ACTAIS TA-Servicio integral con	324,70
EDUCALECRIN SDAD. COOP. GALEGA XUVENIL	2559	Realización de OBRADOIROS FESTA DOS AVÓS E A	665,50
EMBUTIDOS LALINENSE, S. A. T.	A 13437	SUMINISTROS STAND SEMANA VERDE	144,95
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171703361 0000P25CON03732 4063	Fact. Potencia Contratada,Término de Energía	7.445,12
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594505 0000P25CON03732 4018	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	1.510,23
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594596 0000P25CON03732 4028	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	3.060,49
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171759210 0000P25CON03732 4065	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	369,49
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171759278 0000P25CON03732 4066	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	694,44
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594524 0000P25CON03732 4061	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	64,72
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171759297 0000P25CON03732 4064	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	642,80
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171747357 0000P25CON03758 1451	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	233,68
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572196 0000P25CON03562 8341	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	11,87
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572274 0000P25CON03562 8342	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	10,09
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572390 0000P25CON03609 9452	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	29,77
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572352 0000P25CON03609 9454	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	15,75
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572255 0000P25CON03609 9453	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	41,52
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572333 0000P25CON03609 9451	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	15,00
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171560655 0000P25CON03654 5933	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	37,24
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171560674 0000P25CON03654 5934	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	34,52
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593949 0000P25CON03732 4038	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	10,79

ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593803 0000P25CON03732 4034	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	95,89
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594636 0000P25CON03732 4052	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	28,97
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595093 0000P25CON03732 4029	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	50,65
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594543 0000P25CON03732 4019	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	8,69
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594898 0000P25CON03732 4020	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	19,17
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594163 0000P25CON03732 4011	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	1.508,02
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595152 0000P25CON03732 4026	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	23,58
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594408 0000P25CON03732 4017	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	896,30
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593841 0000P25CON03732 4035	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	429,05
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593921 0000P25CON03732 4037	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	10,38
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595211 0000P25CON03732 4015	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	12,91
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595357 0000P25CON03732 4027	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	177,06
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594009 0000P25CON03732 4012	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	10,79
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594919 0000P25CON03732 4021	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	523,53
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594281 0000P25CON03732 4046	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	1.287,88
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595114 0000P25CON03732 4025	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	15,58
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595036 0000P25CON03732 4024	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	17,47
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595017 0000P25CON03732 4023	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	15,34
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595251 0000P25CON03732 4056	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	458,55
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594484 0000P25CON03732 4051	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	130,35
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593725 0000P25CON03732 4030	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	7,54
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593822 0000P25CON03732 4014	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	11,46
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593900 0000P25CON03732 4036	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	31,92
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593744 0000P25CON03732 4031	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	14,96
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593987 0000P25CON03732	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	35,54

Concello de Silleda

	4016		
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593782 0000P25CON03732 4033	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	13,66
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594995 0000P25CON03732 4022	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	90,56
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594300 0000P25CON03732 4047	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	204,83
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595279 0000P25CON03732 4013	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	13,18
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593763 0000P25CON03732 4032	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	283,68
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594349 0000P25CON03732 4062	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	59,12
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594066 0000P25CON03732 4040	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	18,74
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171593968 0000P25CON03732 4039	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	22,84
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595190 0000P25CON03732 4055	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	34,24
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594203 0000P25CON03732 4045	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	367,50
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594321 0000P25CON03732 4048	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	23,09
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594427 0000P25CON03732 4050	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	54,49
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595133 0000P25CON03732 4058	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	318,30
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594144 0000P25CON03732 4044	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	521,41
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594368 0000P25CON03732 4049	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	14,65
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594106 0000P25CON03732 4042	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	23,34
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595298 0000P25CON03732 4057	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	126,71
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595074 0000P25CON03732 4054	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	120,69
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595171 0000P25CON03732 4059	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	233,37
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595230 0000P25CON03732 4060	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	36,12
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594047 0000P25CON03732 4043	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	317,58
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171594085 0000P25CON03732 4041	Pot. P1,Pot. P2,Pot. P3,Pot. P4,Pot. P5,Pot.	78,01
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171595055 0000P25CON03732 4053	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	28,83
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171578295 0000P25CON03758 1449	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Impuesto electri	9,52

ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171785021 0000P25CON03758 1455	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Impue	10,49
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171785167 0000P25CON03758 1457	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	393,77
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171785002 0000P25CON03758 1454	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	61,21
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171785264 0000P25CON03758 1458	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	34,06
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171775931 0000P25CON03758 1453	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	173,86
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572236 0000P25CON03758 1448	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	9,76
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171785040 0000P25CON03758 1456	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	15,13
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171747338 0000P25CON03758 1450	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	43,31
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171785148 0000P25CON03758 1459	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	57,32
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171773651 0000P25CON03758 1452	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	92,18
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572255 0000P25CON04097 9319	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	51,05
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572274 0000P25CON04097 9317	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Impue	12,33
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572352 0000P25CON04097 9320	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	22,05
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572390 0000P25CON04097 9318	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	30,27
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572333 0000P25CON04097 9315	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Alquiler del con	17,69
ENDESA ENERGÍA, S. A. UNIPERSONAL	86171572196 0000P25CON04097 9316	Pot. Punta-Llano,Pot. Valle,Consumo P1,Consu	12,08
EPI PRENSA, S. L. U.	2025P0001641	Campaña / Anuncio: FESTA DA EMPANADA - Sopor	600,00
ESPECTÁCULO MUSICAL AMÉRICA, S. L.	ELEC25-48	ACTUACION DE AMÉRICA S.L. EN BANDEIRA	8.470,00
EVENTOS PIÑEIRO, S. L.	202550	Alquiler generadores para "fiestas de Silled	12.100,00
FARO DE VIGO	2025F0001506	Campaña / Anuncio: CONCELLO DE SILLEDA - Sop	105,27
FARO DE VIGO	2025F0001505	Campaña / Anuncio: CONCELLO DE SILLEDA - Sop	356,95
FÁTIMA ABAL ROMA	2025-12	PUNTO VIOLETA FESTA DA EMPANADA.PACTO DE EST	846,29
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.276	OBRAS	9,50
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.319	OBRAS	16,95
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.315	AUGAS	512,91
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.277	AUGAS	1.507,06
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.275	LIMPEZA VIARIA	110,58
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.317	LIMPEZA VIARIA	73,14
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.320	XARDINERÍA	41,36

FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.279	CULTURA	18,88
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.316	CULTURA	130,09
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.278	DEPORTES	2.571,23
FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	Emit-A.318	DEPORTES	1.346,52
FERROVIAL ENERGÍA, S. A. U.	7400019604	PRESTACIÓN P1 ,PRESTACIÓN P2 (MANTENIMIENTO)	49.959,97
FERROVIAL ENERGÍA, S. A. U.	7400020102	PRESTACIÓN P1 ,PRESTACIÓN P2 (MANTENIMIENTO)	49.959,97
FORJADOS BREY, S.L.	FB2025/A077	MATERIAL OBRAS	602,58
FOTOGRAFÍA Y TIENDAS BERNABE, S.L.	A176	Factura tiket N° 3532	16,90
FOTOGRAFÍA Y TIENDAS BERNABE, S.L.	A157	Factura tiket N° 3126	20,00
GARCÍA GARCÍA, ANA MARÍA	C093/2025	MATERIAL ROMERÍA DA RAPAZADA	95,75
GENERAL DE HORMIGONES S.A.	SI321/25SI321/25	HORMIGÓN HM-20/B/20/X0 GRANEL, VARIOS GESTIÓN	312,88
GÓMEZ MOREIRA, JOSÉ ANTONIO	2025059	TRÍPTICOS PLAN DE SAÚDE MENTAL	360,58
GÓMEZ MOREIRA, JOSÉ ANTONIO	2025058	CAMISSEAS SOCORRISTAS	64,76
HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	F251628	Hilo corte redondo Å~ 3,3 mm x 137,0 m,Hilo	412,57
HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	F251644	BRAZO 3º PTO. CAT2/2	55,88
HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	F251667	MANO DE OBRA OFICIAL-TALLER,MANO DE OBRA OFI	2.867,45
HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	F251724	CUCHILLA " D " **,PASADOR ANILLA 10.5 TIPO R	156,02
HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	F251874	MANO DE OBRA - TALLER,Correa dentada,-----	231,12
HIERROS FERGO, S.L.	9238	Mts. tubo galvanizado 35x35x1,5 mm.	18,88
INSTALACIONES DEZA, S. L.	A-455	INSTALACION SEGUN EXPEDIENTE 822/2025 AEROTE	11.704,51
JESÚS IGLESIAS TROITIÑO	157-25	GIRO CERO HUSQVARNA. Z454X,DESBROZADORA HUSQ	13.092,20
LA VOZ DE GALICIA S.A	P25005598	SILLEDAS CONCELO - FESTAS;JUL-11; Monográfico	544,50
LA VOZ DE GALICIA S.A	P25006751	FESTA DA EMPANADA;AGO-22; La Voz de Galicia;	423,50
LAURA MOURE MIGUÉLEZ	131	ANUNCIO XLIX DA FESTA DA EMPANADA EN ECOS DA	200,00
LÓPEZ FERNÁNDEZ, SANTIAGO	INV-000100	SERVIZO TAXI RECOLLIDA MATERIAL FESTA DA EMP	100,00
LÓPEZ ROMERO, SILVIA	176	LIBROS CLUB DE LECTURA FEMINISTA. MAIS VIOLE	111,65
LÓPEZ ROMERO, SILVIA	155	PLASTIFICADOS A3	9,00
LÓPEZ ROMERO, SILVIA	186	PLASTIFICADOS A3	16,50
LÓPEZ ROMERO, SILVIA	158	GOMAS ELÁSTICAS	2,75
MANUEL ÁNGEL MONTOTO DACOSTA	2544	LAVADO, FIJADO Y PINTADO DE EXTERIORES DE GA	6.491,13
MANUEL MEIJIDE OTERO, S. L.	2025 20	REPARACIÓN AVERÍA BOMBEO CHAPA	290,40
MONTOTO ESPIÑO, DAVID	T-5	TRANSPORTE E COLOCACIÓN DE MEGABLOQUES PARA	665,50
MONTOTO ESPIÑO, DAVID	397	PECHE METÁLICO PARA COLONIA FELINA	1.570,58
MONTOTO ESPIÑO, DAVID	400	TRABALLOS CON MINI EXCAVADORA NO PARQUE DAS	484,00
MONTOUTO GARCÍA, ESTHER	83611	SUMINISTRO TORTILLAS FESTA DOS AVÓS	92,00
NAVICEIRO, S. L.	115	TRANSPORTE CONTEDORES PUNTO LIMPO	417,45
NEUMATICOS DEZA, S. L.	Emit-79	REPARAR CUBIERTA 215/60R16 CON VULCANIZADO,E	24,20
NEUMATICOS TATO S.L.	FC25/548	MANTEMENTO VEHÍCULO	29,04

NOEMI RILO FERNÁNDEZ	0013	TALLERES CONEXIÓN	180,00
NOEMI RILO FERNÁNDEZ	0014	ESPAZO MOCIDADE	150,00
NÚÑEZ FIUZA , MANUEL	0470-25	PUBLICIDADE EL PERIÓDICO XUÑO	363,00
NÚÑEZ FIUZA , MANUEL	0478-25	PUBLICIDADE EL PERIÓDICO XULLO	363,00
O SON DA RUA , S. L.	Emit-33032025	Actuacion de la orquesta new york en la fies	16.335,00
OTERO SILVA , RAMÓN	Emit-00003	RAYBAN RB 4840-S 6124/T5 POLAR MARRON DEGRAD	250,00
OTIS MOBILITY, S. A.	11R14489M	FACTURA 1R14489 M	121,64
PANADERÍA PANIMELLA, S. L.	25/176	EMPANADAS DÍA DOS AVÓS	170,01
PREFABRICADOS BANDEIRA, S. L.	10.25	ZAHORRA DE ANF A SILLEDA,CACHOTE DE ANF A BR	8.971,50
PREFABRICADOS BANDEIRA, S. L.	13.25	ZAHORRA DE ANF POR N/DUMPER A NEGREIROS,ZAHO	7.371,90
QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	25ZNX0192669	TAD Diputación de Pontevedra - CONCELLO SILL	571,86
RADIO PONTEVEDRA, S. A.	0100101--- 25001324	CONCELLO DE SILLEDA - FESTA DA EMPANADA DE	314,60
RAMOS GONZÁLEZ , RODRIGO	Emit-16	ACTUACION FESTA DA EMPANADA DE BANDEIRA 2025	1.210,00
RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	B/7.690	MATERIAL MANTEMENTO	7,80
RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	B/8.170	MATERIAL MANTEMENTO E COTA GPS	81,80
RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	B/8.665	MATERIAL MANTEMENTO	8,75
SALGADO RODRÍGUEZ , MARÍA BELLA	A05/2025	ALUGUER CARPA RUTA CABALAR LARO	1.754,50
SILVA GONZÁLEZ , JAIME	768	TRABALLOS MARQUESIÑAS DE LARO	366,88
SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	2025/2242	Tratamento RU Mes Xullo 2025,Reducción	25.794,78
SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	2025/2298	Tratamento Biorresiduos Mes Xullo 2025	252,16
SONDEOS Y EXCAVACIONES TRIGAS, S. L.	A22	CRUCE DE CARRETERA PO -205 KM 2+950	2.323,20
SUCESORES COUTO, S. L.	B/339	HORAS DE CAMIÓN GRÚA	60,50
SUCESORES COUTO, S. L.	A/4460	MATERIAL OBRAS	3.366,05
SUCESORES COUTO, S. L.	A/4486	MATERIAL OBRAS	323,40
SUCESORES COUTO, S. L.	B/341	SERVIZOS CON CAMIÓN GRÚA	574,75
SUMINISTRO INTEGRAL DE AGUA, S. L.	25-LAL2644	COLLARIN FUNDICION GRIS 110-2",TUBO POLIETIL	449,91
TABOADA BLANCO , ALBERTO	451C	MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	356,06
TABOADA BLANCO , ALBERTO	448C	MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	428,12
TABOADA BLANCO , ALBERTO	449C	MATERIAL PARA XARDÍNS	220,40
TABOADA BLANCO , ALBERTO	450C	MATERIAL PARA XARDÍNS	9,95
TABOADA BLANCO , ALBERTO	447 C	MATERIAL PISCINA	110,85
TÁBORA LORES , JOSÉ	09325	AGASALLO BANDA MONSERRAT	30,00
TALLER OTERO, S. C.	152	REPARACIÓN MAQUINARIA	653,24
TALLER OTERO, S. C.	153	REPARACIÓN MAQUINARIA	825,34
TOP RESCUE, S. L.	23T25-25	SERVIZO DE VILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NA	9.059,86
TOP RESCUE, S. L.	T2545	SERVIZO DE VILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NA	9.059,86
UNIPREX, S. A. U.	2251038268	EMISORA:LALIN OCR; REF.EXTERNA:;ORDEN:175900	726,00
UTE SILLEDA SOSTIBLE	SI 202538	SERVICIOS DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RSU. R	37.201,14

UTE SILLEDA SOSTIBLE	SI 202548	SERVICIOS DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RSU. R	37.201,14
VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	E388508000003	productos 10.0% con formato caja-ticket-fech	61,29
VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	E388508000002	productos 4.0% con formato caja-ticket-fecha	46,05
VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	E388508000001	productos 10.0% con formato caja-ticket-fech	26,96
TOTAL			442.905,19

Expediente 1497/2025. Aprobación facturas agosto. Omisión

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe “De la omisión de la función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é, de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”.

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Terceiro	Nº Factura	Descrición	Importe
ASOCIACIÓN FERIA SEMANA VERDE DE GALICIA	Emit-25097	PARTICIPACION BOLETIN 30 CULTURA RURAL	847,00
ASOCIACIÓN MUSICAL RECREATIVA E CULTURAL DE BANDEIRA	006-25	ACTUACIÓN NAS FESTAS DE SILLEDA	3.000,00
AUSARTA CONECTA, S. L.	CO22510480	Factura de comunicaciones	205,55
AUSARTA CONECTA, S. L.	CO22510481	Factura de comunicaciones	103,24
AUSARTA CONECTA, S. L.	CO22513605	Cuota de comunicaciones	205,55
AUSARTA CONECTA, S. L.	CO22513604	Cuota de comunicaciones	103,24
AUSARTA CONECTA, S. L.	CO2256878	Cuota de comunicaciones	103,24
AUSARTA CONECTA, S. L.	CO2256877	Cuota de comunicaciones	205,55
BORRAGERO LÓPEZ, XESÚS	25-42	Servizo de atención ao público no Mosteiro d	2.091,29
BORRAGERO LÓPEZ, XESÚS	25-48	Servizo de atención ao público no Mosteiro d	2.091,29
CARPAS DEZA ESPECTÁCULOS, S. L.	25047	TARIMA, ESCALEIRA E LUCES, SILLAS PARA 450 P	3.009,88
CARPAS DEZA ESPECTÁCULOS, S. L.	25048	ALUGUER E MONTAXE DE CARPA, MESAS E SILLAS P	3.025,00

CARPAS DEZA ESPECTÁCULOS, S. L.	202550	ALUGUER E MONTAXE DE CARPA, MESAS E SILLAS P	2.057,00
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	FE25137014573732	Importe por peajes de transporte y distribuc	20,57
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	FE25137017028005	Importe por peajes de transporte y distribuc	23,81
CONTALOCAL S.L.	F250171	Mantenimiento informático, contable y web en	973,78
CONTALOCAL S.L.	F250189	Mantenimiento informático, contable y web en	973,78
COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	06B-250157	MANTENIMENTO PARQUES E XARDINS DE SILLEDA - XU	4.295,50
COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	06B-250183	MANTENIMENTO PARQUES E XARDINS DE SILLEDA - AG	4.295,50
CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	Emit-51	ASISTENCIA TECNICA	2.320,78
CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	Emit-52	ASISTENCIA TECNICA	2.630,09
CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	Emit-53	ASISTENCIA TECNICA	1.191,85
CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	Emit-54	ASISTENCIA TECNICA	719,95
GAS NATURAL REDES GLP, S. A.	P125049000604033	Término fijo, Alquiler de contador, S.A.U., Con	107,45
GAS NATURAL REDES GLP, S. A.	P125049000596087	Consumo suministro gas propano, S.A.U., Términ	10,87
GRUPO CASTILLA PEOPLE S. A.	V-FAC+N25015755	RENOVACION CTO.SOPORTE DELTA NOMINA	382,36
GRUPO CASTILLA PEOPLE S. A.	V-FAC+N25015813	Cuota julio ,USUARIO DELTA NOMINA - SaaS ,U	190,39
IMBOLC IT & AMBIENTAL SOLUTIONS S. L.	Emit-32	VALORACIONES MEMORIAS TÉCNICAS DE MANDUAS, A	788,61
MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S. A.	49203869	MGS VEHÍCULOS AGRÍCOLAS, Póliza 12196172, Peri	232,35
MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S. A.	49203868	MGS VEHÍCULOS AGRÍCOLAS, Póliza 12244816, Peri	234,40
MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S. A.	49262701	MGS VEHÍCULOS INDUSTRIALES, Póliza 12196166, P	440,94
PARQUE 7, S. L.	1301	Servicio mensual_Laboral	336,59
PARQUE 7, S. L.	1417	Servicio mensual_Laboral	336,59
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31001074176	cable 350 megas	66,55
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31001072630	20537807 plan internet 10GB, 21094214 pla	50,00
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31001072369	986581028 solución empresa NOBA, 986180271	122,84
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31001072385	20945352 internet móvil 300GB, 986581701	244,76
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31001072387	21100473 FTTH internet 1 giga NOBA, 8861534	300,08
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31001072325	20411054 plan internet 2GB, 20453322 plan	1.128,28
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31001072372	986581783 línea virtual con desvío a fijo,	112,53
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	R31001072375	20554793 plan internet 10GB, 886153794 llam	128,65
SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	4004410733	Carta(I) 0 - 50 gr FRANCIA, Carta(N) 0 - 20	334,87
SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	4004432849	Carta(I) 0 - 50 gr FRANCIA, Carta(I) 0 - 50 g	389,59
SOLRED, S.A.	K000015097	LAVADOS, EFITEC 95 N (L), DIESEL E+ NEOTECH (L	6.944,16
SUMICONS GONZALEZ, S.L.	2500879	TUBO EVACUACION B 3MTS D75 ML	6,13
SUMICONS GONZALEZ, S.L.	2500966	TAPON FINAL 90 PE, HIERRO CORRUGADO 20MM KG, M	64,23
SUMICONS GONZALEZ, S.L.	2501041	TUBERIA PRESION 10ATM D40 PE ML, ENLACE RECTO	77,21
SUMICONS GONZALEZ, S.L.	2501118	CODO RH 50-1"1/2" TOF, CINTA TEFLON 0,10-19, M	79,57
TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	TA7GB0035071	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 98	169,16
TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-H5M0-051186	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil -	27,83

TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-H5M0-066301	Movistar - Tipo de contrato: Tarifa Móvil II	18,90
TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-H5M0-000487	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil -	763,53
TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-I5M0-000485	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil -	737,43
TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-I5M0-050722	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil -	27,83
TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	28-I5M0-061362	Movistar - Tipo de contrato: Tarifa Móvil II	20,10
TOCA SALGADO, S. L.	C2500629	CAMBIO CISTERNA 12 M3, LODOS DE DEPURADORA UR	4.128,06
TOCA SALGADO, S. L.	C2500712	CAMBIO CISTERNA 12 M3, LODOS DEPURADORA URBAN	5.321,05
VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.	FACVTACTCKFKR20251 8001519	Amortización de P6 a P1 Guardería Mantenimien	971,88
VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.	FACTVENTAFVR2025180 19807	Servicio de mantenimiento integral das calde	206,70
YOLANDA LÓPEZ VILLAR	A 139	PLASTIFICADOS	21,17
TOTAL			60.017,08

Visto o informe de intervención nº 107/2025 relativo a ditas facturas e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local **ACORDA**:

Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE